



cooperación galega

2012

INFORME

da Cooperación Galega

XUNTA DE GALICIA



cooperacióngalega

2012

INFORME

da Cooperación Galega

edita_
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Xunta de Galicia
textos e coordinación editorial_
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
maquetación e deseño_
Teófilo Comunicación
fotografías_
Fotografías cedidas polos distintos axentes de cooperación
Arquivo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
depósito legal_
PO 297-2013

Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea
Informe 2012
da Cooperación Galega

Índice

Prólogo do vicepresidente
e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e
Xustiza _____ 9

01
Introdución: marco normativo
de referencia _____ 11

02
A cooperación galega en
cifras _____ 15

03
Seguimento do cumprimento
de obxectivos do II Plan
Director da Cooperación
Galega 2010-2013 _____ 22

04
Actuacións de cooperación
no exterior _____ 42

4.1
Convocatorias de proxectos
de cooperación de ONGD e
outros axentes _____ 42

4.1.1
Convocatoria 2012 de
proxectos de cooperación
de ONGD e outros axentes _____ 43

4.1.2
Convocatoria 2011 de
proxectos de cooperación
de ONGD e outros axentes _____ 61

4.2
Convocatoria 2012
de microproxectos de
cooperación de ONGD _____ 62

4.3
Convocatorias de programas
de cooperación de ONGD _____ 65

4.3.1
Convocatoria 2009 de
programas de cooperación
de ONGD _____ 65

4.4
Convenios de colaboración
de proxectos de cooperación _____ 66

4.4.1
Convenios de colaboración
do ano 2012 _____ 66

4.4.2
Intervencións de
Desenvolvemento Integral (IDI)
en Guatemala _____ 68

4.5
Actuacións doutras consellerías _____ 72

4.5.1
Consellería do Medio Rural e
do Mar _____ 72

4.5.2
Consellería de Medio
Ambiente, Territorio e
Infraestruturas _____ 73

4.5.3
Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación
Universitaria _____ 73

4.5.4
Consellería de Sanidade _____ 74

Índice

4.5.5	Consellería de Traballo e Benestar _____	74
05	Axuda humanitaria e de emerxencia _____	76
5.1	Convocatoria de proxectos de axuda humanitaria _____	76
5.2	Convenios de cofinanciamento _____	80
5.3	Actuacións de emerxencia _____	82
06	Actuacións de Educación para o Desenvolvemento _____	86
6.1	Convocatoria 2012 de proxectos de Educación para o Desenvolvemento _____	86
6.2	Convocatoria 2011 de proxectos de Educación para o Desenvolvemento _____	95
6.3	Convenios de colaboración para actividades de Educación para o Desenvolvemento _____	97
07	Actuacións de Consolidación e Fortalecemento de ONGD _____	98
7.1	Convocatoria 2012 de consolidación e fortalecemento de ONGD _____	98
7.2	Convocatoria 2011 de proxectos de Consolidación e Fortalecemento de ONGD _____	102
7.3	Convenios de colaboración para actividades de Fortalecemento _____	102
08	Formación _____	103
8.1	Bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento _____	103
09	Coordinación interadministrativa _____	104
9.1	Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) _____	104
9.2	Comisión Interterritorial de Cooperación Internacional _____	104

9.3	VI Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento _____	105
9.4	Consello de Acción Exterior (CAEX) _____	105
10	Ditames do Comité das Rexións da UE _____	106
10.1	Ditame do Comité de Rexións Europeo sobre a Comunicación da Comisión Europea sobre o "Incremento do Impacto da Política Desenvolvemento da UE: un Programa para o Cambio" _____	106
11	Publicacións, comunicacións e outras actuacións _____	107
11.1	Publicación do Informe 2011 da Cooperación Galega _____	107
11.2	Actualización do Catálogo de Recursos Educativos na web www.cooperaciongalega.org _____	107
11.3	Outras actuacións _____	108
11.3.1	Campaña Mundial pola Educación 2012 _____	108
11.3.2	Campaña "Somos" _____	109
11.3.3	Comemoración do Día do Cooperante _____	109
11.3.4	Comemoración do 67 aniversario das Nacións Unidas _____	109
11.3.5	Xornadas Conmemorativas do XV aniversario do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade _____	110
12	Estudos e informes _____	111
12.1	Plan anual de avaliacións _____	111
12.2	Avaliación Intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013) _____	111

Prólogo

do vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

■ Dende hai máis de 20 anos, Galicia vén asumindo unha serie de compromisos cos países do Sur orientados a erradicar a pobreza que azota a máis dunha terceira parte da poboación mundial. Para elo estamos a desenvolver unha política de cooperación que busca o consenso de todas as forzas políticas, como o que presidiu a elaboración e aprobación do II Plan Director da Cooperación Galega no ano 2010, pero tamén o do sector galego da cooperación, a través do permanente diálogo cos seu representantes.

Entre as entidades que configuran o sector galego de cooperación, debemos destacar o relevante papel das ONGD galegas, que colaboran coa administración na execución desta política, e que están realizando grandes esforzos para adaptarse á complicada situación actual de dispoñer duns recursos financeiros limitados polas restricións orzamentarias, co fin de que entre todos poidamos manter viva a política pública de cooperación.

As limitacións orzamentarias leváronnos a apostar neste ano 2012 por unha maior eficacia da axuda baseada nunha orientación estratéxica das actuacións de cooperación. Para elo, tratouse de poñer en valor as singularidades da nosa Comunidade Autónoma, con especial énfase na especialización de Galicia en determinados sectores nos que se dispón de demostrada experiencia, nunha concentración da axuda naquelas áreas xeográficas que dependen da cooperación internacional para a súa subsistencia ou naqueles países aos que nos unen uns vínculos especiais de proximidade histórica e cultural, e nunha concentración de recursos naqueles sectores básicos que melloren a calidade de vida da poboación, como a seguridade alimentaria, a educación ou a saúde, así como na axuda humanitaria e de emerxencia.

É importante destacar que, a pesar da redución de recursos, no ano 2012 cumpríronse todos os obxectivos previstos no Plan Anual e os axentes galegos de cooperación recibiron puntualmente as axudas concedidas, o que nos permite dicir que a solvencia financeira se converte nun sinal de identidade da cooperación galega, como demostra o feito de que Galicia estea entre as comunidades autónomas cun maior nivel de execución dos seus orzamentos para cooperación.

Así mesmo, un ano máis, de acordo coas peticións do sector, e para que os distintos axentes de cooperación poidan competir en igualdade, utilizamos o instrumento das convocatorias públicas de concorrencia competitiva para a canalización das axudas para os proxectos de cooperación.

Non quero deixar de destacar o relevante papel de Galicia no ámbito da Cooperación para o Desenvolvemento no marco da UE, coa aprobación polo Comité das Rexións dun novo ditame liderado por Galicia no que se propón avanzar cara á división do traballo entre os doadores europeos, a necesidade de buscar complementariedades e evitar duplicidades nas intervencións, tendo en conta a especialización e experiencia dos actores e a posta en valor do importante traballo das entidades rexionais.

Con este informe de actuacións pretendemos dar a coñecer á nosa cidadanía os resultados acadados co seu esforzo, nun contexto económico que, se ben é complicado, non nos pode apartar da loita contra a pobreza no mundo e do cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

01 Introducción:

marco normativo de referencia

■ O marco normativo galego no ámbito da cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria vén establecido nos seguintes instrumentos:

- ➔ A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia, que pon de manifesto o interese, a responsabilidade e a solidariedade da sociedade civil galega e as súas institucións coa eliminación da pobreza a nivel mundial.
- ➔ O Decreto 90/2011, do 5 de maio, polo que se modifica o Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

O devandito decreto, que é ata o de agora o único desenvolvemento normativo da Lei 3/2003, regula os órganos asesores da Cooperación Galega, é dicir, a CINCODE (Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento), a CINTERCODE (Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento) e o CONGACODE (Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento) así como o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento. No referente ao Rexistro, o decreto atópase en proceso de modificación.

- ➔ O Decreto 7/2011, do 20 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que define á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE como órgano superior da administración autonómica na materia de cooperación ao desenvolvemento.

A Lei 3/2003 establece que a cooperación galega para o desenvolvemento se articula a través de plans directores cuatrienais e de plans anuais.

O II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 16 de xuño de 2010, ten como referente central o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), auténtica axenda concertada a escala internacional en materia de desenvolvemento.

A tres anos do final do período previsto para o cumprimento dos ODM, aínda son moitos os que están en risco de non ser acadados en boa parte das rexións do mundo en desenvolvemento. A severa crise que afecta á economía internacional non fai senón engadir un factor de risco adicional ao cumprimento destes obxectivos.



Ademais, cómpre ter en conta que dende a aprobación no ano 2006 do I Plan Director, xerouse un consenso moi amplo no seo da comunidade internacional acerca da necesidade de avanzar nas formas de xestión da axuda para o desenvolvemento para garantir o seu maior impacto e eficacia. A Axenda de París da Eficacia da Axuda, promovida en 2005 dende a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), o posterior Programa de Acción de Accra, acordado en 2008 e o 4º Foro de Alto Nivel sobre a Eficacia da Axuda, Busan 2011, constitúen referentes obrigados para todos os doadores, e a cuxos principios pretende responder este II Plan Director da Cooperación Galega.

Tendo en conta as orientacións establecidas nestes instrumentos internacionais, os criterios xerais que inspiran a política de cooperación do Goberno galego son os seguintes: eficacia da axuda, previsibilidade e concentración dos recursos, transparencia na xestión, coherencia das actuacións, participación social e coordinación de actores.

En canto ás directrices estratéxicas para o período 2010-2013, partiuse para definilas do recoñecemento daqueles activos e recursos propios da sociedade galega que poden ser postos a disposición dos países en desenvolvemento. Adicionalmente, tivéronse en conta as orientacións e compromisos do Plan Director da cooperación española 2009-2012, para facer compatible, na medida do posible, os esforzos da sociedade galega cos do conxunto do Estado. Así, establécense tres grandes ámbitos estratéxicos de actuación:

-Ámbito estratéxico 1: contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento nos países do sur.

-Ámbito estratéxico 2: mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París.

-Ámbito estratéxico 3: promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento.



No primeiro ámbito de actuación, inclúense todas as propostas de actuación para seren levadas a cabo nos países en desenvolvemento destinatarios de axuda por parte dos actores do sistema galego de cooperación, fixando os contidos e ámbitos onde se concentrarán os esforzos da axuda, de acordo co obxectivo último ao que se encamiñan os esforzos, que é facer realidade os ODM, promover o desenvolvemento e loitar contra a pobreza.

No segundo ámbito estratéxico de actuación inclúense todas as propostas destinadas a mellorar a calidade e eficacia da política galega de cooperación, creando as condicións para que, dende o punto de vista das políticas e instrumentos, a cooperación desprege o maior potencial transformador posible nos países en desenvolvemento.

E, por último, no terceiro ámbito estratéxico inclúense todas as accións destinadas a lograr que a sociedade galega sustente firmemente a política de cooperación e sexa partícipe dela. Sen dúbida é esta a base de todo esforzo en materia de cooperación, cuxo fin último é promover as condicións axeitadas para que toda a cidadanía poida realizar unha contribución útil ao esforzo común para a promoción do desenvolvemento, canalizándose as súas potencialidades da forma máis efectiva posible.

Para cada un destes ámbitos estratéxicos de actuación, o Plan Director establece obxectivos xerais e específicos, e por vez primeira un conxunto de indicadores cuantitativos e cualitativos que facilitan o seguimento e posterior avaliación dos compromisos adquiridos.



O apartado terceiro deste Informe da Cooperación Galega 2012 recolle o seguimento do cumprimento dos obxectivos do Plan Director tendo en conta os indicadores establecidos e as actuacións realizadas no 2012.

Nos seguintes epígrafes poden atopar un informe detallado da execución do cumprimento dos obxectivos previstos para 2012 pola cooperación galega: o orzamento executado, a distribución da axuda, o seguimento do cumprimento de obxectivos e as actuacións realizadas dentro de cada un dos tres ámbitos sinalados no II Plan Director.

02 A cooperación

galega en cifras

A crise económica desatada a nivel global obriga á aplicación dunha maior racionalidade do gasto e a actuar baixo o principio de austeridade; situación que ten ocasionado no ano 2012 a necesidade de aplicación de recortes orzamentarios que xeran unha situación atípica, como amosa a táboa 1, de diminución do orzamento executado respecto do establecido inicialmente, a pesar do cal e tal e como se porá de manifesto ao longo do presente informe, en termos xerais cumpríronse todos os obxectivos marcados na planificación anual.

Táboa 1. Distribución do orzamento da Cooperación Galega no ano 2012¹

CAPÍTULO	CONCEPTO	ORZAMENTO (en euros)	
		INICIAL	FINAL
Capítulo I	Gastos de persoal	426.864,00	426.864,00
Capítulo II	Gastos de funcionamento	164.000,00	164.000,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	4.355.763,00	4.153.899,80
	Transferencias a universidades	100.000,00	0,00
	Transferencias a institucións sen fins de lucro	496.318,00	491.420,80
	Actuacións de cooperación no exterior	3.470.045,00	3.373.079,00
	Convenio Coordinadora Galega de ONGD	90.000,00	90.000,00
	Convenio Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	60.000,00	60.000,00
	Bolsas formación en cooperación	139.400,00	139.400,00
Capítulo VI	Investimentos reais	200.000,00	200.000,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	1.457.056,00	1.457.056,00
TOTAL ORZAMENTO DX. RR. EE. E COA UE (Área de Cooperación para o Desenvolvemento)		6.603.683,00	6.401.819,80
Consellería de Sanidade			307.309,00
Consellería do Medio Rural e do Mar			12.979,00
TOTAL ORZAMENTO XUNTA DE GALICIA			6.722.107,80

1. Nas vindeiras táboas téñense en conta exclusivamente as achegas da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, non as doutros departamentos da Xunta de Galicia.

Táboa 2. Detalle do gasto por tipo de actividade durante o ano 2012

	TIPO DE AXENTE	IMPORTE (en euros)	
Cooperación ao desenvolvemento	Proxectos ONGD	2.227.266,20	
	Outros axentes	643.070,20	
	Programas	359.049,92	4.175.413,32
	Microproxectos	87.768,00	
	Convenios	858.259,00	
Acción Humanitaria	Convocatoria	299.883,40	
	Convenios	120.708,00	470.591,40
	Emerxencia	50.000,00	
	Formación	0,00	
Fortalecemento de axentes	Convocatoria	121.594,40	211.594,40
	Convenios	90.000,00	
Educación para o desenvolvemento	Convocatoria	369.826,40	429.826,40
	Convenios	60.000,00	
Formación	Bolsas	139.400,00	139.400,00
	Convenios Universidades	0,00	
Outros	DX.RREE.e UE (cap. VI)	200.000,00	200.000,00
TOTAL			5.626.825,52²

Tal e como se observa na táboa 2, no ano 2012 foron destinados a gastos de actividade 5.626.825,52 €, mentres que 590.864,00 € destináronse aos gastos de personal, correntes e de funcionamento da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior.


Táboa 3. Distribución xeográfica da axuda da DX.RREE. E COA UE³

REXIÓN	PAÍS ⁴	IMPORTE (en euros)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
América do Sur	O Perú	904.030,90	11	20,84%
	Bolivia	410.584,14	6	9,46%
	O Ecuador	152.051,40	3	3,50%
	A Arxentina	103.278,50	1	2,38%
Centroamérica	Guatemala	641.663,20	9	14,79%
	República Dominicana	493.285,00	6	11,37%
	Nicaragua	450.664,06	5	10,39%
	Honduras	239.338,62	4	5,52%
	O Salvador	262.258,00	3	6,05%
	Haití	84.912,50	2	1,96%
	Centroamérica ⁵	146.608,00	1	3,38%

2. No ano 2012 foron destinados a gastos de actividade 5.626.825,52 €. Ademais desembolsáronse 184.130,28 € correspondentes a compromisos adquiridos en anos anteriores. Os restantes 590.864,00 € ata completar o orzamento total executado no ano (6.401.819,80 €), dedicáronse aos gastos de personal, correntes e de funcionamento da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior.

REXIÓN	PAÍS ⁴	IMPORTE (en euros)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
África	Mozambique	187.628,00	4	4,32%
	Guinea Bissau	180.520,50	4	4,16%
	Cabo Verde	51.510,00	1	1,19%
	Tanzania	30.000,00	1	0,69%
TOTAL		4.338.332,82	61	100,00%

No II Plan Director da Cooperación Galega 2010- 2013 (II PD) reduciuse o número de países prioritarios, nun intento de lograr unha maior concentración da axuda e maior eficiencia na súa xestión. No II PD identifícanse como prioritarios 12 países mais a poboación saharauí. Tal e como amosa a táboa 3 e o seu gráfico adxunto durante a ano 2012 executáronse intervencións de cooperación para o desenvolvemento en 14 países, logrando un bo grao de concentración e aumentando, respecto do ano pasado, a porcentaxe de concentración de fondos destinados a países prioritarios que foi no 2010 de 84,5%, no 2011 de 86,70% e no 2012 é de 89,32%.



3. Non se inclúen datos de acción humanitaria.

4. As intervencións de ámbito binacional, contabilízanse só no país principal.

5. Corresponde ao Programa de Formación de Pescadores Artesanais de Centroamérica (PROFOPAC), no que participan 7 países (Belize, Guatemala, O Salvador, Honduras, Nicaragua, Costa Rica e Panamá).

Polo que respecta á distribución xeográfica da acción humanitaria destácase a actuación en 12 países, tal e como se observa na táboa 4. Destes países, oito deles son receptores habituais de axuda humanitaria pola situación de crise crónica que alí se vive, sen embargo os outros catro, os centroamericanos e O Perú, teñen acollido intervencións puntuais polas emerxencias padecidas.

Táboa 4. Distribución xeográfica da acción humanitaria

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE (en euros)	PORCENTAXE
África	Burkina Faso	37.423,00	7,95%
	Kenya	124.540,90	26,46%
	Mali*	18.947,37	4,03%
	Tanzania	30.000,00	6,37%
	Población Saharaui	70.708,00	15,03%
América do Sur	O Perú	30.000,00	6,37%
Centroamérica	Guatemala *	8.818,13	1,87%
	Haití *	34.101,37	7,25%
	República Dominicana *	75.263,16	15,99%
	O Salvador *	5.263,16	1,12%
Asia	Territorios Palestinos	25.000,00	5,31%
	Siria *	10.526,32	2,24%
TOTAL		470.591,41	100,00%

No II Plan Director mantéñense as mesmas prioridades sectoriais que se definiran no anterior, pero cunha ponderación intersectorial diferente, tratando de medir o peso relativo de cada sector, o que é útil para dar seguimento aos indicadores que o II PD establece.

Táboa 5. Distribución sectorial⁶

SECTOR II PD COOPERACIÓN GALEGA	IMPORTE (en euros)	PORCENTAXE ACADADO 2012	PORCENTAXE OBXECTIVO DO II PD
A Necesidades sociais básicas	1.826.269,32	34,54%	30%
B Infraestrutura e promoción do tecido económico	1.541.781,44	29,16%	25%
C Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno	190.153,00	3,60%	14%
D Axuda humanitaria e de emerxencia	470.591,40	8,90%	8%
E Sensibilización social e educación para o desenvolvemento	429.826,40	8,13%	8%
F Inversión no ser humano	520.424,56	9,84%	6%
G Consolidación e fortalecemento de axentes	211.594,40	4,00%	4%
H Defensa do medio ambiente	96.785,00	1,83%	4%
I Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	0,00	0,00%	1%
TOTAL	5.287.425,52	100,00%	100%


6. Non se contabilizan actuacións financiadas a través do Capítulo VI

Se consideramos a porcentaxe establecida como obxectivo no II PD, derivase a boa senda camiñada no caso das necesidades básicas, na infraestrutura e promoción do tecido económico, na acción humanitaria, na educación para o desenvolvemento e na consolidación e fortalecemento de axentes. Obsérvase tamén a necesidade de potenciar intervencións no resto de sectores para acadar o obxectivo fixado.

Na repartición da axuda en función de instrumento empregado consonte o que establece a táboa 6, obsérvase a aposta clara que a cooperación galega realiza pola canalización de fondos a través de convocatorias públicas de axuda. Os convenios de adjudicación directa quedan no segundo lugar a bastante distancia, xa que é un instrumento que se emprega de maneira excepcional.

Táboa 6. Distribución por tipo de instrumento


TIPO DE INSTRUMENTO	IMPORTE (en euros)	DESAGREGACIÓN	IMPORTE (en euros)
Convocatorias	4.247.858,52	Proxectos ONGD	2.227.266,20
		Outros axentes	643.070,20
		Programas	359.049,92
		Microproxectos	87.768,00
		Acción Humanitaria	299.883,40
		Educación para o desenvolvemento	369.826,40
		Fortalecemento de Axentes	121.594,40
		Bolsas de Formación	139.400,00
		Cooperación para o desenvolvemento	858.259,00
		Acción Humanitaria	170.708,00
Convenios	1.178.967,00	Educación para o desenvolvemento	60.000,00
		Fortalecemento de Axentes	90.000,00
		Capítulo VI	200.000,00
TOTAL			5.626.825,52



Dado que, a excepción da convocatoria doutros axentes para proxectos no exterior, o resto de convocatorias son exclusivas para ONGD, a distribución das axudas por tipo de axente establecida na táboa 7 e no seu gráfico adxunto amosa como xa é habitual, a preponderancia das intervencións executadas a través das ONGD que alcanza o 73% da AOD galega.

Táboa 7. Distribución por tipo de axente

TIPO DE AXENTE	IMPORTE (en euros)
ONGD	3.886.589,72
Agrupacións mixtas	245.869,90
Outros	636.248,00
Universidades	118.811,40
Empresas	96.628,00
CGONGD	90.000,00
Fogacosol	60.000,00
Comunidades galegas no exterior	103.278,50
Axencias internacionais	50.000,00
Sindicatos	0,00
TOTAL	5.287.425,52



03 Seguimento

do cumprimento de obxectivos do II Plan Director da
Cooperación Galega 2010-2013

Ámbitos de actuación:

Ámbito 1: contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento nos países do Sur

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMENTO ANUAL 2012
O.X. 1 Contribuír á loita contra a pobreza colaborando na consecución dos ODM	O.E. 1.1 Darles prioridade ás actividades destinadas á satisfacción de necesidades sociais básicas	I. 1.1.1 Como mínimo, un 30% da axuda desembolsada no exterior destinouse á satisfacción das necesidades sociais básicas	Durante o ano 2012 desembolsouse un total de 4.646.004,72 € de axuda no exterior, dos cales 1.826.269,32 € se destinaron á satisfacción de necesidades sociais básicas, o que representa un 39,31% respecto á axuda desembolsada no exterior.
	O.E. 1.2 Asegurar que unha parte da axuda se destina a países menos adiantados	I. 1.2.1 Como mínimo, un 25% da axuda desembolsada no exterior destinouse a PMA (países menos adiantados)	Durante o ano 2012 desembolsouse un total de 4.646.004,72 € de axuda no exterior, dos cales 665.154,14 € se destinaron a PMA (Burkina Faso, A Guinea Bissau, Haití, Mali, Mozambique, Kenya e Tanzania), o que representa un 14,53% respecto á axuda desembolsada no exterior.
	O.E. 1.3 Darles prioridade ás accións dirixidas aos grupos especialmente vulnerables	I. 1.3.1 Favorecéronse estes grupos mediante a inclusión nas convocatorias de criterios específicos de valoración	As convocatorias de proxectos no exterior e acción humanitaria incluíron criterios específicos de valoración. Así, a atención a colectivos especialmente vulnerables establécese coma unha prioridade, asignándoselle criterios específicos de valoración. Tamén nos documentos de formulación e na avaliación ex ante das propostas préstase especial importancia á definición e á atención destes colectivos.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMENTO ANUAL 2012
O.X. 2 Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable	O.E. 2.1 Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia da acción do ser humano, do cambio climático ou outras causas	I. 2.1.1 As propostas financiadas incluíron un apartado para unha previsión do impacto que a acción terá en relación coa sustentabilidade ambiental e coas políticas públicas do país socio que as promova	A defensa da sustentabilidade ambiental e a xestión ambientalmente sustentable son consideradas como prioridade transversal e sectorial respectivamente. Esta consideración prioritaria fai que tanto nas convocatorias, coma nos documentos de formulación se reserven espazos e criterios de valoración específicos tendo en conta o seu tratamento, garantindo que as propostas financiadas especifiquen as accións que van a por en marcha para garantir unha intervención ambientalmente sostible, tendo en conta as políticas públicas do país socio, non só para este sector, senón que o aliñamento coas políticas locais ten que darse en tódolos sectores de actuación.
	O.E. 2.2 Fortalecer un tecido produtivo diversificado con especial atención tanto aos sectores en que Galicia achega un recoñecido valor agregado como ás formas de organización baseadas no cooperativismo	I. 2.2.1 Como mínimo, un 25% da axuda desembolsada dedicada ao sector de actuación <i>infraestrutura e promoción do tecido económico</i> destinouse a proxectos de economía social e cooperativa	A axuda desembolsada no exterior no 2012, dedicada ao sector <i>Infraestrutura e promoción do tecido económico</i> , acada 1.541.781,44 €, dos que 1.233.425,44 € son para proxectos de economía social e cooperativa, o que supón un 80%.
	O.E. 2.3 Fomentar os proxectos nos que se considere o desenvolvemento rural, pesqueiro e acuícola de base social e ambientalmente sustentable	I. 2.3.1 Como mínimo, un 40% da axuda desembolsada dedicada ao sector de actuación <i>infraestrutura e promoción do tecido económico</i> dedicouse aos sectores pesqueiro ou acuícola e agrícola	A axuda ao exterior dedicada ao sector <i>Infraestrutura e promoción do tecido económico</i> no 2012 acada 1.541.781,44 €, dos que 1.341.571,44 € son para proxectos dos subsectores acuícola, pesqueiro ou agrícola, o que supón un 87,01%.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMENTO ANUAL 2012
O.X. 3 Promover a gobernanza democrática e o fortalecemento da participación da sociedade civil	O.E. 3.1 Potenciar o desenvolvemento institucional e o bo goberno nos ámbitos locais e rexionais	I. 3.1.1 Como mínimo, o 10% da axuda canalizada mediante convenios destinouse a actividades encadradas en acordos con institucións locais e rexionais dos países socios	No 2012 o total de axuda canalizada a través de convenios para actuacións no exterior é de 1.178.967,00 €; deles 438.969,00 € proveñen de convenios asinados con entidades e institucións dos países socios, o que representa o 41,47% da axuda canalizada por convenios no exterior. As entidades e institucións dos países socios coas que se asinaron os convenios son as seguintes: · Organización do sector pesqueiro e acuícola do Istmo Centroamericano (OSPESCA) · Direccións Xerais de Pesca Artesanal e Acuicultura, O Perú. · Instituto Nacional de Desenvolvemento da Acuicultura (INAQUA), Mozambique. · Administración Rexional de Augas do Norte (ARA- NORTE), Mozambique. · Fundación Iniciativa Civil para la Democracia (INCIDE), Guatemala.
		I. 3.2.1 Entre os criterios de valoración das propostas incorporouse un referido a como contribúe a intervención á defensa dos dereitos humanos	O respecto polos dereitos humanos é unha prioridade transversal e como tal está considerada con criterios específicos de valoración nas convocatorias, nos documentos de formulación e nas avaliacións ex ante das propostas.
	O.E. 3.2 Promover o respecto aos dereitos humanos fortalecendo o tecido social nos países en desenvolvemento	I. 3.2.2 Promovéronse as accións de capacitación dos axentes da cooperación dirixidas ao coñecemento do enfoque baseado en dereitos humanos para a cooperación ao desenvolvemento	Dende a Xunta de Galicia non se organizou ningunha acción de capacitación neste eido xa que, consonte ao principio de subsidiariedade, a Coordinadora Galega de ONGD en colaboración coa Red en Derechos celebrou un curso sobre o enfoque baseado nos dereitos humanos na cooperación internacional ao desenvolvemento. Este curso celebrouse en Santiago de Compostela en setembro de 2011, cunha duración de 12 horas, e coa asistencia de 23 persoas entre persoal técnico e voluntario das ONGD galegas.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMENTO ANUAL 2012
O.X. 4 Mellorar a cohesión social, contribuíndo a unha redución das desigualdades e a un incremento da equidade de xénero	O.E. 4.1 Promover o empoderamento das mulleres e incorporar o enfoque de xénero no desenvolvemento a todas as propostas de actuación	I. 4.1.1 Foi obrigatoria a incorporación do enfoque XED en todas as propostas e valorouse a calidade e profundidade deste	A equidade de xénero é considerada pola Cooperación Galega como unha prioridade transversal e, como tal, inclúese nos documentos de referencia, na presentación das propostas: bases das convocatorias, documentos e guías de formulación, e criterios de avaliacións ex ante. O tratamento do xénero pola Cooperación Galega pretende que a incorporación do impacto de xénero nas propostas se faga de acordo co enfoque XED, e con este criterio son valoradas. As numerosas achegas feitas dende a Coordinadora Galega de ONGD ás bases da convocatoria e incorporados na mesma melloran o tratamento do XED.
	O.E. 4.2 Apoiar as políticas públicas que favorezan a igualdade e a mobilidade social	I. 4.2.1 As propostas financiadas incluíron un apartado para unha previsión do impacto que a acción terá en relación coa igualdade e coas políticas públicas do país socio que as promova	Todas as propostas financiadas inclúen un apartado no que explican o impacto de xénero da intervención e as medidas adoptadas para fomentar a equidade entre homes e mulleres. Ao mesmo tempo, as intervencións téñense que alinear sempre coas políticas públicas do país socio.
	O.E. 4.3 Defender a interculturalidade	I. 4.3.1 Foi obrigatoria a incorporación do enfoque intercultural en todas as propostas e valorouse a calidade e profundidade deste	A defensa da interculturalidade é considerada pola Cooperación Galega como unha prioridade transversal e, como tal, está incluída nos documentos de referencia na presentación das propostas: bases das convocatorias, documentos e guías de formulación, e criterios de avaliacións ex ante. É necesario, por tanto, que todas as propostas incorporen o enfoque intercultural, aínda que a profundidade deste será maior cando as intervencións se desenvolven en lugares onde conviven diferentes identidades culturais.
		I. 4.3.2 Como mínimo, o 15% da axuda desembolsada destinouse a comunidades beneficiarias con alta presenza de poboación indíxena, afrodescendente ou de calquera outra minoría étnica ou cultural	No 2012, a axuda a proxectos desenvolvidos en comunidades cunha alta presenza de poboación indíxena, afrodescendente ou de calquera outra minoría étnica ou cultural, acadou os 1.327.006,70 € o que supón o 28,56% da axuda desembolsada no exterior (4.646.004,72 €) e o 20,73% do total de axuda desembolsada (6.401.819,80 €).

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012
O.X. 5 Realizar unha acción humanitaria integral de calidade	OE. 5.1 Contribuír á redución de riscos fortalecendo a capacidade local para diminuír a vulnerabilidade de poboacións ante posibles catástrofes	I. 5.1.1 Como mínimo, un 25% da axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria destinouse á redución de riscos ante posibles catástrofes	Durante o ano 2012 desembolsouse un total de 470.591,40 € dedicados a acción humanitaria, dos cales 114.042,28 € destináronse á redución de riscos ante posibles catástrofes, o que supón un 24,23% do total. Asemade, a través da convocatoria de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas ONGD, desembolsáronse 52.200,00 € destinados a un proxecto de redución de riscos en Guatemala.
	OE. 5.2 Mellorar a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega nas fases de emerxencia e reconstrución	I. 5.2.1 Os fondos dedicados a emerxencia e reconstrución focalizáronse de forma efectiva nas actividades que son consideradas dentro deste ámbito, de acordo co exposto no II Plan Director e en consonancia co acordo internacional en materia de acción humanitaria	Os fondos dedicados a emerxencia e reconstrución focalizáronse de forma efectiva nas actividades coidadas dentro deste eido.



Ámbito 2: mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012
O.X. 6 Lograr unha maior previsibilidade a medio prazo dos recursos e marcos de actuación	OE. 6.1 Seguir unha programación que permita asegurar ao finalizar o período de vixencia do II Plan Director cun incremento dos recursos de entre un 50% e un 100% con respecto aos recursos dedicados en 2009	I. 6.1.1 Logrouse manter unha tendencia ascendente no volume anual de axuda desembolsada, acadándose en 2013 un desembolso anual de entre 17,5 millóns e 23,2 millóns de euros	O orzamento final destinado pola Xunta de Galicia, dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, a cooperación para o desenvolvemento no ano 2012 foi de 6.401.819,8 €, mentres que no ano anterior foi de 6.605.682 €. Se temos en conta tamén o orzamento destinado por outras consellerías para actuacións de cooperación para o desenvolvemento no 2012, é de 6.722.107,8 € fronte aos 7.008.233 € do 2011.
	OE. 6.2 Incrementar os fondos dirixidos a accións con marcos de planificación plurianuais	I. 6.2.1 Como mínimo, un 20% da axuda desembolsada canalizouse mediante subvencións a programas de cooperación, incluíndo no cómputo de axuda desembolsada todo o canalizado mediante convocatorias, convenios, AH e capítulo VI	I. 6.2.2 Incrementouse como mínimo nun 25% o desembolso medio por proxecto respecto ao período 2006-2009, considerando de forma agregada todos os proxectos subvencionados mediante convocatorias a todos os axentes

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012																													
O.X. 7 Manter un adecuado grao de concentración dos fondos	O.E. 7.1 Limitar o número de países prioritarios e concentrar neles como mínimo o 80% dos recursos	I. 7.1.1 Como mínimo, un 80% da axuda desembolsada no exterior destinouse a actividades nos países prioritarios definidos polo II Plan	O orzamento destinado a países prioritarios do II PD no ano 2012 é de 4.149.680,64 €, que representa o 89,32% da axuda desembolsada no exterior																													
		I. 7.1.2 Todos os programas de cooperación que recibiron subvencións leváronse a cabo en países prioritarios ou países menos adiantados, e en todos os casos as actividades estiveron centradas nos sectores prioritarios que define o II Plan Director	<p>Durante o 2012 non se realizou a convocatoria de programas no exterior. Executouse a anualidade da convocatoria de programas de 2009, que corresponden a países prioritarios (Nicaragua, Honduras e Bolivia).</p> <p>Así mesmo, neste ano executouse a quinta anualidade da IDI en Guatemala, tamén país prioritario.</p> <p>Unicamente o PROFOPAC que se desenvolve en Centroamérica e O Caribe abrangue algúns países non PMA nin prioritarios ao incluír Costa Rica, Belice e Panamá.</p> <p>Respecto aos sectores, todas as intervencións céntranse naqueles prioritarios para a Cooperación Galega.</p>																													
	O.E. 7.2 Lograr un nivel de concentración dos recursos nos diferentes sectores de acordo co establecido nas prioridades sectoriais	I. 7.2.1 Non existiu unha desviación relevante na distribución sectorial da axuda desembolsada con respecto á orientación proposta no II Plan Director, nin en canto á ordenación dos sectores por orde de prioridade nin en canto ao volume relativo de fondos que se destinou a cada un deles	<p>Táboa de distribución sectorial</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Sectores</th> <th>Ano 2012</th> <th>II PD</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Necesidades sociais básicas</td> <td>34,54%</td> <td>30,00%</td> </tr> <tr> <td>Infraestrutura e promoción do tecido económico</td> <td>29,16%</td> <td>25,00%</td> </tr> <tr> <td>Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno</td> <td>3,60%</td> <td>14,00%</td> </tr> <tr> <td>Axuda humanitaria e de emerxencia</td> <td>8,90%</td> <td>8,00%</td> </tr> <tr> <td>Sensibilización social e educación para o desenvolvemento</td> <td>8,13%</td> <td>8,00%</td> </tr> <tr> <td>Investimento no ser humano</td> <td>9,84%</td> <td>6,00%</td> </tr> <tr> <td>Consolidación e fortalecemento de axentes</td> <td>4,00%</td> <td>4,00%</td> </tr> <tr> <td>Defensa do medio ambiente</td> <td>1,83%</td> <td>4,00%</td> </tr> <tr> <td>Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores</td> <td>0,00%</td> <td>1,00%</td> </tr> </tbody> </table> <p>Mantívose, en termos xerais, a mesma ordenación sectorial, sen que se produciran grandes desviacións respecto do establecido no II PD, tanto no volume de fondos como na orde de prioridade por sectores. As pequenas desviacións que se poden apreciar trataranse de solucionar nos seguintes anos.</p>	Sectores	Ano 2012	II PD	Necesidades sociais básicas	34,54%	30,00%	Infraestrutura e promoción do tecido económico	29,16%	25,00%	Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno	3,60%	14,00%	Axuda humanitaria e de emerxencia	8,90%	8,00%	Sensibilización social e educación para o desenvolvemento	8,13%	8,00%	Investimento no ser humano	9,84%	6,00%	Consolidación e fortalecemento de axentes	4,00%	4,00%	Defensa do medio ambiente	1,83%	4,00%	Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	0,00%
Sectores	Ano 2012	II PD																														
Necesidades sociais básicas	34,54%	30,00%																														
Infraestrutura e promoción do tecido económico	29,16%	25,00%																														
Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno	3,60%	14,00%																														
Axuda humanitaria e de emerxencia	8,90%	8,00%																														
Sensibilización social e educación para o desenvolvemento	8,13%	8,00%																														
Investimento no ser humano	9,84%	6,00%																														
Consolidación e fortalecemento de axentes	4,00%	4,00%																														
Defensa do medio ambiente	1,83%	4,00%																														
Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	0,00%	1,00%																														

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012
O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións	O.E. 8.1 Avanzar na priorización de rexións xeográficas e sectores de actuación dentro de cada país	I. 8.1.1 Como mínimo, en catro dos países prioritarios realizouse un diagnóstico para lle dar prioridade ás rexións xeográficas e sectores de actuación	Dentro do principio de coordinación, complementariedade e subsidiariedade a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior ten subordinado este indicador ao desenvolvemento do proceso de elaboración dos Marcos de Asociación País (MAP) da Cooperación Española. Dos MAP actualmente viventes, a cooperación galega ten contribuído no proceso de diagnóstico aos de Bolivia, O Salvador e O Ecuador. Por outra banda, ten achegado información aos actualmente en proceso de elaboración en Cabo Verde, O Perú, Guatemala e Mozambique.
	O.E. 8.2 Mellorar a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar de forma efectiva unha acción humanitaria galega de calidade	I. 8.2.1 Toda a axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria foi canalizada a través da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior.	Trala extinción da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia en decembro de 2010, toda a axuda humanitaria está a ser canalizada a través da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior.
		I. 8.2.2 Incrementáronse os recursos humanos e técnicos no eido da AH durante o período 2010-2013	No bienio 2010-2011 mantivéronse os recursos humanos técnicos especializados en acción humanitaria. A partir de 2011 este persoal técnico integrouse na Subdirección Xeral de Cooperación Exterior como consecuencia da extinción da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia
		I. 8.2.3 Como mínimo, o 30% da axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria canalizouse por medio de convocatoria pública	No ano 2012 o total de axuda desembolsada en acción humanitaria é de 470.591,40 € dos cales 299.893,40 €, correspondentes ao 63,72%, canalizáronse a través de convocatoria pública.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012										
O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións	O.E. 8.3 Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda e a súa adecuación aos tipos de actuación a que van destinados	I. 8.3.1 Como máximo, o 25% da axuda desembolsada canalizouse a través de convenios, incluíndo no cómputo de axuda desembolsada todo o canalizado mediante convocatorias, convenios, AH e capítulo VI, e a utilización deste instrumento axustouse ao establecido.	Os convenios de cooperación e AH, incluíndo os doutras consellerías, e capítulo VI, asinados no 2012 acadan 1.486.276 €, que representan o 23% do total do orzamento executado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (6.401.819,80 €) e o 22% do total do orzamento executado pola Xunta de Galicia (6.722.107,80 €).										
		I. 8.3.2 As axudas para microproxectos foron destinadas a ONG novas que tiñan como máximo cinco anos de existencia	A convocatoria para microproxectos no ano 2012 financiou a catro entidades, das cales soamente unha (Miradas al Mundo) tiña menos de cinco anos de existencia, que xunto con outras dúas era a primeira vez que se presentaban ás convocatorias de axudas da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. <table border="1" data-bbox="817 828 1226 1070"> <thead> <tr> <th></th> <th>Ano de fundación</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Miradas al Mundo</td> <td>2008</td> </tr> <tr> <td>Fundación Fabre</td> <td>2003</td> </tr> <tr> <td>Asociación Global Humanitaria</td> <td>1999</td> </tr> <tr> <td>Asociación 1º de Mayo</td> <td>1999</td> </tr> </tbody> </table>		Ano de fundación	Miradas al Mundo	2008	Fundación Fabre	2003	Asociación Global Humanitaria	1999	Asociación 1º de Mayo	1999
			Ano de fundación										
		Miradas al Mundo	2008										
Fundación Fabre	2003												
Asociación Global Humanitaria	1999												
Asociación 1º de Mayo	1999												
I. 8.3.3 Adaptáronse os formularios das convocatorias aos diferentes axentes da cooperación	No período 2010-2011 e mais no ano 2012 modificáronse os formularios das convocatorias para adaptalos aos diferentes axentes da cooperación galega.												
I. 8.3.4 Estableceuse unha convocatoria específica para Educación para o desenvolvemento e elaboráronse formularios de solicitude adaptados a cada un dos seus catro ámbitos	No ano 2012 estableceuse unha convocatoria específica de Educación para o desenvolvemento e avanzouse na adaptación do formulario, da guía de formulación e dos criterios de valoración para acoller a especificidade de cada un dos catro ámbitos da Educación para o desenvolvemento, especialmente para o caso da investigación. Dado que os proxectos presentados nas convocatorias precedentes (2010-2011) xeralmente combinan elementos de máis de un ámbito, estimouse pertinente elaborar un único formulario que dese cabida aos catro ámbitos, simplificando deste xeito para os axentes a elección do documento de formulación axeitado.												

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012
O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións	O.E. 8.3 Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda e a súa adecuación aos tipos de actuación a que van destinados	I. 8.3.5 Estableceuse un sistema de avaliación por pares para valorar as propostas de programas de cooperación	No ano 2012 non se realizou a convocatoria de programas de cooperación. De todos os xeitos, no ano 2010 realizouse unha avaliación por pares das convocatorias de axudas. A avaliación posterior do proceso determinou a necesidade de prescindir do devandito mecanismo na convocatoria do 2011 por mor das discordancias detectadas na valoración dos proxectos e dos retrasos xerados na resolución das convocatorias.
		I. 8.3.6 Logrouse unha especialización dos actores da cooperación naqueles sectores en que a súa achega ofrece a contribución máis eficaz aos fins da cooperación, dentro do ámbito da axuda canalizada mediante convocatoria, utilizando para iso o deseño das ditas convocatorias	Introduciuse nas convocatorias a especialización técnica dos axentes de cooperación, naqueles sectores nos que poden ofrecer unha maior contribución, establecendo límites ao tipo de actuacións e actividades que se subvencionarán dependendo do tipo de axente (universidade, empresas ou asociacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior).
		I. 8.3.7 As convocatorias de axuda non estableceron un importe máximo subvencionable en concepto de recursos humanos para as propostas centradas na capacitación e a transmisión de coñecemento, senón que se valorou en cada caso a pertinencia orzamentaria neste ámbito	En 2012 estableceuse a posibilidade de destinar o 70% do total do custo da intervención a recursos humanos en todas e cada unha das convocatorias de axudas.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012
O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións	O.E. 8.4 Fortalecer a capacidade da Xunta para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade	I. 8.4.1 Creouse a Axencia Galega de Cooperación	Consonte aos criterios de viabilidade, pertinencia e oportunidade, o proceso de creación da Axencia Galega de Cooperación ficou suspenso por mor da actual dispoñibilidade orzamentaria. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE encargou no 2011 un informe específico sobre a viabilidade e o modelo organizativo e funcional da Axencia.
		I. 8.4.2 Mellorouse a coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta en materia de cooperación, especialmente coas consellerías do Medio Rural e do Mar, Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Sanidade e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE exerceu o seu papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade, a través de xuntanzas bilaterais cos responsables dos distintos departamentos que realizan achegas nos seus orzamentos para a cooperación ao desenvolvemento, co fin de coñecer as súas actuacións e orientalas consonte aos obxectivos establecidos no II Plan Director. Principalmente destacou a colaboración establecida con Augas de Galicia co cofinanciamento dun proxecto de apoio ao sector da auga en Mozambique.
		I. 8.4.3 Mellorouse a coordinación entre a Xunta e as entidades da Administración local de Galicia en materia de cooperación	Participouse nas iniciativas postas en marcha polo Fogacosol e no Consello de Cooperación do Concello de Vigo.
		I. 8.4.4 Reforzáronse as capacidades técnicas e de xestión da Xunta, incorporando persoal experto como mínimo nas áreas de xénero e avaliación	O actual contexto económico non permitiu a incorporación de persoal experto nas devanditas áreas.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012
O.X. 9 Incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega	O.E. 9.1 Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación	I. 9.1.1 Os informes anuais da Cooperación Galega elaborados pola Xunta melloraron a súa calidade e ofrecen unha información completa das actividades	O informe do ano 2011 modificou a súa estrutura e contidos con respecto ao do ano 2010 para mellorar a presentación da información e a súa calidade. Ofrece información completa e detallada das actividades realizadas, ademais de incorporar un capítulo referido á cooperación en cifras e outro ao seguimento dos indicadores establecidos no II PD, en busca dunha maior transparencia na xestión da axuda. O informe do ano 2012 mantén as melloras incorporadas.
		I. 9.1.2 Os datos estatísticos referentes á Cooperación Galega están presentes na información pública do Instituto Galego de Estatística	Iniciouse o proceso para a devandita incorporación.
		I. 9.1.3 A páxina web da Cooperación Galega mellorou a súa funcionalidade, incorporando máis información respecto a todas as actividades de cooperación, así como documentos de avaliación, estratéxicos e de debate no seo do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento	No 2010 mellorouse a funcionalidade da páxina web, incorporando información sobre as intervencións en AH da FAHG, os informes das avaliacións realizadas e os documentos de debate no seo do CONGACODE. Ademais, creouse o rexistro de cooperantes galegos no exterior ao que se pode acceder a través dunha pestana específica. No ano 2012 mantivéronse esas melloras. Os contidos da web actualízanse regularmente.
		I. 9.1.4 Fixose pública a información referente a todos os convenios de cooperación asinados pola Xunta, así como a contía destes	A información relativa aos convenios de colaboración asinados no eido da cooperación ao desenvolvemento pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e por outros departamentos da Xunta atópase dispoñible na web da Cooperación Galega.
		I. 9.1.5 O Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento revisouse para garantir que contén información actualizada de todos os axentes de cooperación inscritos	En maio de 2011 publicouse un decreto de reforma do Decreto 326/2004 que regula, entre outros, o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ao Desenvolvemento. Durante o ano 2012, a través desta reforma, reduciuse o número de seccións e actualizouse a información dispoñible.
		I. 9.1.6 Todas as consellerías informan de forma ordinaria á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior das actividades que levan a cabo en materia de cooperación	A Subdirección Xeral de Cooperación Exterior recibe puntualmente información das actuacións realizadas por outras consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galicia, información que é recollida na páxina web e no informe anual.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012
O.X. 9 Incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega	O.E. 9.2 Mellorar a actividade de avaliadora	I. 9.2.1 Elaborouse un Plan de Avaliación que permite planificar a actividade avaliadora, dotándoa de continuidade e previsibilidade	Durante o ano 2012 realizouse a avaliación ex post das intervencións financiadas en Honduras e O Salvador dende o ano 2007, de acordo ao Plan Anual de Avaliación integrado no Plan Anual da Cooperación Galega 2012 aprobado polo Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE). Ademais realizouse unha avaliación externa e independente de medio termo sobre a aplicación do II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013, que foi presentada ao CONGACODE. Os resultados das avaliacións fanse públicos na páxina web da Cooperación Galega.
		I. 9.2.2 Realizouse, polo menos, unha avaliación externa, profesional e pública da cooperación anual que se realiza en, polo menos, cinco dos países prioritarios	En 2012 realizouse unha avaliación externa, independente e profesional das intervencións de cooperación financiadas en Honduras e O Salvador dende o ano 2007. Anteriormente, no período 2010-2011 desenvólense avaliacións externas de intervencións de cooperación financiadas en República Dominicana e Guatemala, así como das intervencións de pesca en Centroamérica e Caribe (Guatemala, Honduras, Nicaragua, O Salvador e outros países de Centroamérica participantes no PROFOPAC -Costa Rica, Belice e Panamá). Polo tanto, no período de vixencia do II Plan Director cumprido ata o momento, realizáronse avaliacións externas das intervencións en catro países prioritarios máis unha avaliación sectorial en sete países de Centroamérica e Caribe.
		I. 9.2.3 A Subdirección Xeral de Cooperación Exterior realizou un informe de seguimento de medio termo sobre a aplicación do II Plan Director, que foi presentado ao Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento	O informe de seguimento de termo medio presentouse ao CONGACODE no primeiro trimestre do 2013.
		I. 9.2.4 Realizouse unha avaliación externa e independente do cumprimento do II Plan Director durante o último semestre de 2013, cuxos resultados son públicos	Fóra do ámbito temporal desta anualidade.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012
O.X. 10 Mellorar os niveis de coordinación coa cooperación española e co resto das cooperación autónómicas e iniciar unha gradual presenza da Cooperación Galega na acción multilateral	O.E. 10.1 Aproveitar as oportunidades que ofrece a Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento para lograr maior aliñamento e coordinación	I. 10.1.1 A Xunta asumiu un papel activo nas reunións da Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento dando a coñecer a súa política de cooperación	A Xunta de Galicia participa activamente nas xuntanzas da Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento. Sen embargo, no ano 2012 non se celebrou ningunha xuntanza deste órgano. Participouse nas dúas xuntanzas da Comisión Interterritorial celebradas neste ano.
	O.E. 10.2 Promover iniciativas de coordinación con outros sistemas de cooperación, con especial referencia ás cooperación autónómicas	I. 10.2.1 A Xunta realizou actividades de cooperación en coordinación coa cooperación española ou con outras cooperación autónómicas	As actividades de cooperación con outras Comunidades Autónomas centráronse na participación no V Encontro Anual de Comunidades Autónomas e Cooperación, celebrado en Portugaleta, onde se avanzou cara a coordinación de actuacións das cooperación descentralizadas. Así mesmo, a coordinación coa cooperación española reflectiuse na participación na colaboración no seguimento do PACI e especialmente nas actuacións no eido da acción humanitaria.
	O.E. 10.3 Promover de forma gradual a presenza da Cooperación Galega na acción multilateral	I. 10.3.1 Establecéronse acordos de actuación nalgún dos países prioritarios con algún organismo multilateral	En 2012, en virtude dos acordos coa FAO e con ONU Mulleres, dúas persoas beneficiarias das bolsas de Formación de Expertos en Cooperación realizaron as súas prácticas nestes organismos. Xuntamente con estes acordos, asináronse convenios con ACNUR para a intervención de acción humanitaria en Kenya, e mais coa UNRWA para acción humanitaria nos Territorios Palestinos.



Ámbito 3: promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do Sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMENTO ANUAL 2012
O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento.	O.E. 11.1 Fortalecer aos axentes da Cooperación Galega para mellorar a súa capacidade de contribuir eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación.	I. 11.1.1 Realizouse unha avaliación da convocatoria de fortalecemento que mostrou a consolidación institucional das ONGD.	Realizouse a devandita avaliación no ano 2011 reflectíndose as súas recomendacións na modificación da convocatoria de fortalecemento do ano 2012. O informe da avaliación está dispoñible na web (http://cooperaciongalega.org)
		I. 11.1.2 Promovéronse cursos de capacitación en cooperación para todos os actores dos ámbitos do desenvolvemento e a Cooperación Galega.	No ano 2012 financiáronse convenios que inclúen formacións á CGONGD e ao Fogacosol e proxectos de fortalecemento e consolidación de axentes que inclúen formación ás ONGD. Ademais participouse naquelas formacións para as que se solicitou a presenza da Subdirección Xeral de Relacións Exteriores.
		I. 11.1.3 Adecuáronse os máximos subvencionables para os proxectos de fortalecemento e consolidación, permitindo financiar accións de maior envergadura.	No ano 2012 a cantidade máxima subvencionable para os proxectos de fortalecemento e consolidación homoxeneizouse coa de proxectos de EpD, sendo esta de 25.000 € para proxectos presentados individualmente e de 35.000 € para proxectos presentados por varias entidades.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMENTO ANUAL 2012
O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento.	O.E. 11.2 Incrementar a coordinación entre os actores da Cooperación Galega.	I. 11.2.1 Estableceuse un calendario de reunións para o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento e creáronse grupos de traballo temáticos para facer o consello máis operativo e funcional.	No ano 2011 aprobouse o Regulamento de Funcionamento e a constitución da Comisión Permanente do Congacode.
		I. 11.2.2 Fortaleceuse a Coordinadora Galega de ONGD mediante a dotación de convenios.	En 2010, 2011 e 2012 formalizáronse cadanseus convenios anuais para a execución do Plan Estratéxico da Coordinadora Galega de ONGD. Esta achega á CGONGD aparece como unha asignación nominativa do orzamento dende o ano 2011.
		I. 11.2.3 Fortaleceuse o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade mediante a dotación de convenios.	Formalizáronse cadanseus convenios anuais en 2010, 2011 e 2012 para a realización de actividades de sensibilización e difusión da cooperación local galega ao desenvolvemento. Esta achega ao Fogacosol aparece como unha asignación nominativa do orzamento dende o ano 2011.
		I. 11.2.4 Como mínimo, un 6% da AOD desembolsada canalizouse a través de propostas conxuntas subvencionadas aos axentes de cooperación, que cumpren co espírito da complementariedade de actores que se expresa no II Plan Director.	En 2012, o orzamento destinado a financiar propostas conxuntas aos axentes de cooperación foi de 488.720,50 €, que representa un 7,63% da AOD desembolsada.
		I. 11.2.5 As comunidades galegas no exterior, representadas polo Consello de Comunidades Galegas, recibiron capacitación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación, participando como axentes activos nos seus respectivos países, de forma coordinada coa Xunta, en actividades de cooperación non exclusivamente asistenciais.	No mes de outubro de 2010 celebrouse unha formación en Bos Aires baixo o título "A cooperación galega. Metodoloxías de traballo" para o persoal dos centros galegos na Argentina. Como resultado desta capacitación, no ano 2012 financiouse unha intervención de cooperación no exterior executada pola Sociedad Parroquial de Vedra de Mutualidad y Cultura a través da convocatoria de proxectos no exterior para outros axentes.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012
O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega.	O.E. 12.1 Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados.	O.E. 12.1 Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados.	Iniciado dende a DXRREE e coa UE, en colaboración coas persoas beneficiarias das bolsas de formación, un proceso de diagnose das actividades de educación para o desenvolvemento co que se pretende sistematizar a información e elaborar un borrador de criterios, preguntas e indicadores de avaliación (matriz de avaliación) para avanzar no exercicio avaliativo previsto.
		I. 12.1.2 Polo menos un 30% dos fondos para actividades de formación destináronse a accións focalizadas fóra do ámbito da educación formal.	No bienio 2010-2011 un 80% dos fondos para actividades de formación dentro dos proxectos de educación para o desenvolvemento e de fortalecemento e consolidación de ONGD financiaron accións focalizadas fóra do ámbito da educación formal. Por outra banda, un 78% dos fondos para actividades de formación xestionados pola Xunta de Galicia (formación acción humanitaria, bolsas de formación de expertos e convenios con universidades para máster e cursos de especialización) focalizáronse fóra do ámbito da educación formal, cun total de 480.178 €.
		I. 12.1.3 Fomentouse unha utilización equilibrada dos fondos destinados a educación para o desenvolvemento en cada unha das catro dimensións que a conforman.	No ano 2012 a convocatoria de proxectos de Educación para o Desenvolvemento está aberta a financiar proxectos en calquera das catro dimensións, se ben na súa maioría concentráronse en actuacións de educación e/ou sensibilización.
		I. 12.1.4 Adecuáronse os máximos subvencionables para as convocatorias de educación para o desenvolvemento permitindo financiar accións de maior envergadura.	Durante o 2012 a cantidade máxima subvencionables foi de 25.000 € para proxectos presentados individualmente e de 35.000 € para proxectos presentados por varias entidades.
		I. 12.1.5 Leváronse a cabo actividades de sensibilización coa participación coordinada de diferentes departamentos da Xunta de Galicia.	No ano 2012 leváronse a cabo actividades de sensibilización coa participación coordinada de diferentes departamentos da Xunta de Galicia, que incluíron a conmemoración do Día do Cooperante, a conmemoración do Día das Nacións Unidas, a conmemoración do Día dos Dereitos Humanos e os actos centrais da Campaña Mundial pola Educación en Galicia.

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMIENTO ANUAL 2012
O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega.	O.E. 12.2 Fomentar o comercio xusto e o consumo responsable.	I. 12.2.1. Realizouse polo menos un programa de formación de axentes de consumo e funcionarios públicos sobre compra pública ética.	Prevista a súa realización no ano 2013
		I. 12.2.2. Incrementouse o número de departamentos e unidades da Xunta que cumpren os criterios de compra pública ética e consumo responsable.	
		I. 12.2.3 Realizouse polo menos un programa de capacitación sobre comercio xusto e consumo responsable.	Prevista a súa realización no ano 2013

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	INDICADORES	SEGUIMENTO ANUAL 2012
<p>OX. 13 Incrementar o apoio á investigación e formación no sector da cooperación</p>	<p>O.E. 13.1 Promover a transferencia de coñecemento cara aos países do Sur.</p>	<p>I. 13.1.1 Continuouse co apoio aos programas de formación superior en colaboración cos países do Sur.</p>	<p>No ano 2010 remataron os convenios coa Universidade da Habana (Cuba) para o financiamento do doutoramento en economía coa colaboración da USC e mais coa OEI para o financiamento do plan de actuación do Instituto para o Desenvolvemento e Investigación Educativa na Argentina. A través da convocatoria de proxectos no exterior para outros axentes do ano 2010, financiouse un proxecto conxunto da UDC e a USC coa Universidade Nacional de Loja (Ecuador) así como un proxecto da Fundación da Universidade da Coruña coa Pontificia Universidade Católica Madre e Mestra da República Dominicana.</p>
	<p>O.E. 13.2 Fomentar a investigación e a formación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación.</p>	<p>I. 13.2.1 As universidades e outros centros de estudos levaron a cabo accións de investigación e formación en desenvolvemento e cooperación a través das convocatorias de Educación para o Desenvolvemento.</p>	<p>Na convocatoria do 2012 avanzouse na adaptación do formulario e dos criterios de valoración ao ámbito da investigación para o desenvolvemento, se ben ningún dos proxectos presentados se encadran na liña deste indicador.</p>
	<p>O.E. 13.3 Promover as complementariedades entre os centros de investigación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación.</p>	<p>I. 13.3.1 Como mínimo, o 50% dos fondos destinados a investigación dirixíronse a proxectos con participación de departamentos de dúas ou máis universidades galegas.</p>	<p>Non se financiaron proxectos de investigación ao non presentarse propostas específicas á convocatoria de axudas de educación para o desenvolvemento. De todos os xeitos, a través desta convocatoria financiouse a realización do estudo AOD en educación en Galicia: unha análise da cooperación galega 2006-2010, realizado por un investigador vinculado á USC a través do proxecto agrupado da Campaña Mundial pola Educación en Galicia.</p>



04 Actuacións

de cooperación no exterior

4.1 Convocatorias de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

No ano 2012 levouse a cabo unha revisión de todas as ordes de convocatoria de subvencións, co obxecto de melloralas e adaptalas á casuística dos proxectos financiados noutros anos. Froito desta revisión introducíronse novidades, algunhas das cales é importante destacar.

Por unha banda e con carácter xeral, modificouse a forma de publicación das bases das convocatorias. En anos anteriores o habitual era que as bases das convocatorias foran únicas para Proxectos no Exterior de ONGD e outros axentes, para proxectos de Educación para o Desenvolvemento e para os de Consolidación e Fortalecemento de ONGD. As bases para Microproxectos e actuacións de Acción Humanitaria incorporábanse en Ordes específicas e separadas. Sen embargo no 2012, nun intento por racionalizar e organizar mellor a presentación de propostas, unificouse a publicación das Ordes de convocatoria de Proxectos no Exterior e de Microproxectos, que publicouse separadamente da Orde de convocatoria para Proxectos de Educación para o Desenvolvemento e de Consolidación e Fortalecemento de ONGD.

Como outra das novidades das bases das convocatorias introducíronse diferentes formas de xustificación económica. Así, tendo en conta a cantidade subvencionada, estableceuse o

modelo de xustificación simplificada para os microproxectos, a conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos no caso de subvencións por importe igual ou inferior a 50.000 € (salvo os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro) e a conta xustificativa con entrega de informe de auditor, obrigatoria para subvencións por importe superior a 50.000 € e para os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro e opcional no caso de subvencións por importe igual ou inferior a 50.000 €.

Para acomodar as bases da convocatoria ao II Plan Director da Cooperación Galega e ao contexto internacional melloráronse algúns criterios de valoración, igualando a valoración das propostas presentadas para países prioritarios e para países menos adiantados (PMA). Ademais incorpóranse como criterios de valoración os principios da Declaración de París.

Neste ano, continuando na concreción do que se entende e valora coma agrupación, deixouse de analizar este criterio como independente e se incorporou aos criterios de valoración da entidade solicitante.

Ademais, no 2012 mellorouse a redacción dos gastos subvencionables, unificouse e aclarouse a forma de facer as achegas, elimináronse moitos dos límites de gastos de anteriores convocatorias e aumentouse o límite de funcionamento ao 2% do orzamento do proxecto.

4.1.1. Convocatoria 2012 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

As convocatorias públicas de axudas e subvencións para proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes resolvéronse con data 25 de xuño de 2012 polos seguintes importes:

- ▶ Proxectos de ONGD no exterior: financiáronse un total de 21 proxectos en 10 países por un importe global de 3.357.639,00 € (1.049.291,70 € para o ano 2012 e 2.308.347,30 € para o ano 2013).
- ▶ Proxectos doutros axentes de cooperación no exterior: financiáronse un total de 6 proxectos en 5 países por un importe global de 881.078,00 € (277.230,70 € para o ano 2012 e 603.847,30 € para o ano 2013).

Os proxectos aprobados na convocatoria 2012 foron os seguintes:

01. Fortalecemento da soberanía alimentaria e do uso racional dos recursos naturais en dez comunidades da microconca Quebrada Gallardo, municipio de Namasigüe, departamento de Choluteca, Honduras. Fase II

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Enxeñaría sen Fronteiras agrupada coa Universidade da Coruña (Laboratorio de Enxeñaría Cartográfica, CARTOLAB)

Código CRS: Desenvolvemento agrario, educación e formación medioambiental, desenvolvemento rural.

Socio local: Comité para a Defensa e o Desenvolvemento da Flora e Fauna do Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF)

Zona de actuación: Namasigüe (Municipio)

País: Honduras

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O proxecto obedece a unha segunda fase dunha intervención anterior orientada á promoción da soberanía alimentaria e no uso racional dos recursos naturais de 150 familias distribuídas en dez comunidades pertencentes ao municipio de Namasigüe, departamento de Choluteca. Nesta proposta, aproveitouse a información sistematizada nos plans de manexo de finca elaborados na primeira fase para centrar as novas accións na mellora dos sistemas de produción familiar a través dunha planificación de carácter produtiva. Ademais, introducíronse medidas para a conservación dos recursos naturais (como son os sistemas silvopastoris, entre outras), creáronse parcelas dendroenergéticas e construíronse ecofogóns mellorados. Por outra parte, con este proxecto abriuse unha liña de capacitación dos axentes locais en xestión dos recursos naturais e produtivos, incidindo na



necesidade dun acceso equitativo a eses recursos entre homes e mulleres.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Fortalecer a soberanía alimentaria e uso racional dos recursos naturais no sur de Honduras.

Obxectivo específico: Promovidos sistemas de produción sostible de alimento e o uso racional dos recursos naturais na microcunca da Quebrada Gallardo no municipio de Namasigüe.

Poboación beneficiaria:

Directa: 150 familias situadas nas dez comunidades mencionadas anteriormente. Un grupo pesqueiro conformado por 15 mulleres da comunidade de Guamerú. A socia local CODDEFFAGOLF. A poboación asistente aos talleres de sensibilización. Poboación asistente ás charlas de sensibilización no norte.

Indirecta: Poboación actual das comunidades, que suman un total de 7.010 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 178.442,00 € (2012: 53.532,60 €; 2013: 124.909,40 €)

02. Mellora da calidade de vida das comunidades indíxenas guaraní de Luis Calvo e Hernando de Siles a través do fortalecemento das capacidades organizativas e produtivas. Bolivia

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Manos Unidas

Código CRS: Participación democrática e sociedade civil, agricultura e protección do medio ambiente.

Socio local: Centro de Investigación e Promoción do Campesinado (CIPCA) Rexional Cordillera

Zona de actuación: Chaco Chuquisaqueño

País: Bolivia

Rexión: América do Sur

Descrición: O propósito deste proxecto consistiu en contribuir ao proceso de fortalecemento interno das capitánias nas que se organizan as vinte comunidades guaraní beneficiarias desta actuación. O desenvolvemento sostible foi o marco no que se integrou esta acción de consolidación local, incidindo na xestión territorial e levando a cabo actividades de capacitación nas que, tendo en conta os coñecementos

locais, se introduciu unha liña de innovación tecnolóxica para que os produtores e produtoras melloren os seus coñecementos en termos organizativos e produtivos. No plano organizativo, o proxecto apoiou o fortalecemento da comunicación interna e da participación activa e equitativa entre homes e mulleres. No plano económico, as accións se dirixiron cara á diversificación produtiva, á introdución de novas técnicas de rega, ao acondicionamento de áreas de pastoreo e ao apoio na comercialización dos produtos tradicionais.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Apoiar a xestión de territorios indíxenas descontinuos de Ingre e Kereimbarenda.

Obxectivo específico: Contribuír ao fortalecemento da organización, á diversificación da economía familiar e a contrarrestar os efectos do cambio climático.

Poboación beneficiaria:

Directa: Do compoñente organizativo son beneficiarios 610 homes e 609 mulleres (50 % mulleres). Do compoñente produtivo son beneficiarios 507 homes e 507 mulleres (50 % mulleres).

Indirecta: Do compoñente produtivo son beneficiarias indirectas 176 familias de 10 comunidades e do compoñente organizativo 229 familias de 9 comunidades. Así mesmo, habería que engadir ás familias campesiñas e poboación mestiza da área rural dos tres municipios de intervención que alcanzan aproximadamente a 2.081 familias.

Subvención da Xunta de Galicia: 175.000,00 € (2012: 52.500,00 €; 2013: 122.500,00 €)

03. Mellora das condicións hixiénico sanitarias, de saneamento e ambientais de 489 familias (2.445 persoas aproximadamente) no sector de Santa Lucía, barrio Cienfuegos, Santiago de los Caballeros. República Dominicana. Fase II

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Asamblea de Cooperación por la Paz

Código CRS: Abastecemento de auga potable e saneamento básico

Socio local: xunta de Asociacións Campesiñas Rafael Fernández Domínguez (JACARAFE)

Zona de actuación: Santiago de los Caballeros

País: República Dominicana

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: Este proxecto é a segunda de tres fases dunha intervención identificada no marco do "Programa Integral de Melloramento do Barrio de Santa Lucía" executado entre 2008 e 2010 co apoio financeiro da Xunta de Galicia. Esta fase estrutúrase en dous compoñentes; por unha banda, a mellora das condicións de saneamento e salubridade das persoas que habitan no barrio; e pola outra, o fortalecemento organizativo e a sensibilización comunitaria enfocada á equidade de xénero. No que respecta ao saneamento, esta segunda fase conseguiu que 206 familias obteñan cobertura de saneamento ambiental e continuou coa liña de apoio ao Comité de Rede de Sumidoiros iniciada na primeira etapa. No referente ao eido do fortalecemento organizativo, déuselle continuidade ao proceso formativo da Rede de Promoción Social do barrio cun programa centrado na promoción dos dereitos das mulleres e da equidade de xénero.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellora das condicións de vida de 489 familias (2.445 persoas aproximadamente) no sector da Mosca, barrio Cienfuegos, Santiago de los Caballeros.



Obxectivo específico: Mellora das condicións hixiénico sanitarias, de saneamento e ambientais de 489 familias (2.445 persoas aproximadamente), con especial incidencia no enfoque de xénero, no sector de Santa Lucía, barrio Cienfuegos, Santiago de los Caballeros.

Poboación beneficiaria:

Directa: 2.445 persoas (489 familias).

Indirecta: A poboación residente nos barrios próximos a Santa Lucía, do sector de Cienfuegos.

Subvención da Xunta de Galicia: 175.000,00 € (2012:52.500,00 €; 2013:122.500,00 €)

04. Mellora das condicións técnicas e materiais para o aproveitamento responsable dos recursos pesqueiros, acuícolas, eco turísticos e ambientais dos Municipios de San Luis La Herradura, Tecoluca e Jiquilisco. O Salvador

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Asamblea de Cooperación por la Paz agrupada con Agareso

Código CRS: Terras cultivables

Socio local: Asociación Fundación para a Cooperación e o Desenvolvemento Comunal do Salvador CORDES

Zona de actuación: San Luis La Herradura, Tecoluca e Jiquilisco (municipios)

País: O Salvador

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O proxecto pretende mellorar as condicións técnicas e materiais para o aproveitamento económico pero responsable dos recursos pesqueiros, acuícolas, eco turísticos e ambientais por parte da poboación dos Municipios de San Luis La Herradura, Tecoluca e Jiquilisco. Para acadar ese obxectivo traballouse coas 20 cooperativas que integran a federación FECOOPAZ, fortalecendo as súas capacidades organizativas, técnicas e materiais para o exercicio dunha pesca segura e sostible. Nesta liña de actuación realizáronse accións formativas e aumentáronse materialmente as capacidades de labor administrativo e de xestión, a través da entrega de equipos informáticos e material de oficina. Por outra banda desenvolveuse un plan de formación e sensibilización en equidade de xénero dirixido a persoas involucradas en cada un dos actores participantes neste proxecto, coa finalidade de lograr a participación de todas elas na incidencia pola equidade de xénero.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellora das condicións técnicas e materiais para o exercicio dunha actividade económica respectuosa co medio nos Municipios de San Luís la Herradura, Tecoluca e Jiquilisco, O Salvador.

Obxectivo específico: Mellora das condicións técnicas e materiais para o aproveitamento responsable dos recursos pesqueiros, acuícolas, eco turísticos e ambientais dos Municipios de San Luís la Herradura, Tecoluca e Jiquilisco, O Salvador.

Poboación beneficiaria:

Directa: 2.556 persoas (49% mulleres).

Indirecta: 23.893 persoas habitantes de Tecoluca serán potenciais oíntes das emisións radioais previstas, polo que se lles pode considerar dentro da poboación indirectamente beneficiada.

Subvención da Xunta de Galicia: 224.783,00 € (2012:67.434,90 €; 2013: 157.348,10 €)

05. Proxecto de abastecemento e saneamento na comunidade de San José de Las Conchas no municipio de Marcovia, Honduras

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Enxeñería sen Fronteiras - Galicia

Código CRS: Abastecemento e saneamento de auga, sistemas de envergadura



Socia local: Alcaldía de Marcovia

Zona de actuación: Marcovia (Municipio)

País: Honduras

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O proxecto ten a súa orixe no Programa "Redución da vulnerabilidade en áreas empobrecidas, a través do acceso á auga potable, o saneamento e a xestión sostible dos recursos hídricos e do territorio con enfoque de cunca hidrográfica en El Salvador, Honduras e Nicaragua", que se está a desenvolver na zona. Este proxecto levou a cabo a construción, o impulso e a distribución do sistema de abastecemento de auga. Dentro do ámbito desta actuación tamén se construíron latrinas e pilas e, no tocante á xestión de augas grises, se realizaron capacitacións que lles permitiron aos habitantes da comunidade construír eles mesmos sumidoiros sinxelos con grava, para evitar que as augas empregadas para lavar queden estancadas e se convertan nunha zona de cría de mosquitos e outros insectos que poidan provocar infeccións. As actividades de sensibilización e fortalecemento tamén foron chave para contribuír ao obxectivo do proxecto.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Empregar os recursos do territorio de xeito sostible e con enfoque de cunca pola poboación do municipio de Marcovia, en correspondencia coas políticas e normas vixentes no país, de cara á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

Obxectivo específico: Mellorada a xestión do recurso hídrico de xeito sostible en San José de las Conchas.

Poboación beneficiaria:

Directa: 697 persoas (352 mulleres: 50,5%).

Indirecta: Resto da poboación do Municipio de Marcovia.

Subvención da Xunta de Galicia: 174.986,00 € (2012: 52.495,80 €; 2013: 122.490,20 €)

06. Acceso á auga potable, instalacións de saneamento e promoción da hixiene en cinco escolas de Catio, na rexión de Tombali. A Guinea Bissau

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Fundación UNICEF

Código CRS: Control de enfermidades infecciosas, abastecemento de auga e saneamento

Socio local: UNICEF Guinea Bissau

Zona de actuación: Tombali (rexión)

País: A Guinea Bissau

Rexión: África Subsahariana

Descrición: A través deste proxecto dotouse a cinco escolas do sector de Catio, ao Sur da Guinea Bissau, de fontes de auga potable, instalacións de saneamento separadas para nenos e nenas, e promoveuse a adopción de prácticas de hixiene seguras para reducir as enfermidades e as mortes infantís relacionadas co acceso e a calidade da auga, con alta incidencia na rexión. Outro aspecto importante do proxecto foi a creación de Clubs de Hixiene infantís que axudaron a potenciar os bos hábitos hixiénicos, e os coñecementos sobre a relación entre hixiene e saúde. Os nenos e as nenas poden ser os mellores axentes de cambio das súas sociedades xa que o que se aprende na nenez afecta de forma positiva ao seu desenvolvemento. Por outra banda, o que observan e adquiren na escola trasládano ás familias, logrando un efecto multiplicador cara o cambio de comportamentos.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Reducir as enfermidades e a mortalidade infantil relacionadas co acceso á auga, ao saneamento e á hixiene na rexión de Tombali.

Obxectivo específico: Asegurar o acceso á auga potable, instalacións de saneamento adecuadas e prácticas de hixiene seguras en 5 escolas de Catio, na rexión de Tombali.

Poboación beneficiaria:

Directa: 964 persoas (53,21% mulleres).

Indirecta: As familias dos nenos e nenas que se benefician de xeito directo, así como a poboación do sector de Catio.

Subvención da Xunta de Galicia: 60.000,00 €

07. Apoio ao Plan Nacional de Loita contra a SIDA para a mellora da atención integral de persoas seropositivas e diminución da transmisión vertical do virus. A Guinea Bissau

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Asociación AIDA

Código CRS: Loita contra enfermidades de transmisión sexual (ETS), incluída a SIDA

Socia local: Asociación Ceo e Terras

Zona de actuación: Bissau

Países: A Guinea Bissau

Rexión: África Subsahariana

Descrición: O proxecto conseguiu dar resposta á vulneración do dereito á saúde na Guinea Bissau, especialmente entre o colectivo de persoas enfermas de VIH que non teñen acceso a servizos sanitarios, ademais de contribuír a previr e frear o contaxio da enfermidade. O proxecto reforzou o Plan Nacional de Loita contra a SIDA, aumentando e mellorando a atención sanitaria das persoas VIH e reducindo a taxa de transmisión vertical (nai-fillo) do virus. Co incremento da cobertura sanitaria dos pacientes de SIDA na capital, Bissau (onde se concentra o 40% das persoas afectadas do país), preténdese contribuír á redución da prevalencia desta enfermidade. Ademais da asistencia directa, a importancia deste proxecto radica en contribuír a consolidar un modelo de asistencia sanitaria eficaz, integral e inclusivo que, tal e como pretenden as autoridades sanitarias do país, poida ser aplicado de xeito xeral e asumirse no futuro de xeito autónomo.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Apoiar ao Ministerio de Saúde na súa política de loita contra a SIDA.

Obxectivo específico: Reforzo do Plan Nacional de Loita contra a SIDA a través do aumento e mellora, con enfoque de xénero, da atención sanitaria de persoas seropositivas e a redución da taxa de transmisión vertical nai-fillo do VIH.

Poboación beneficiaria:

Directa: 5.000 persoas (75% mulleres).

Indirecta: Familiares das persoas con VIH SIDA tratadas no marco do proxecto, así como a poboación de Bissau.

Subvención da Xunta de Galicia: 175.000,00 € (2012: 52.500,00 €; 2013:122.500,00 €)

08. Fortalecemento das pequenas economías indíxenas e campeciñas das Organizacións de Mulleres OMIKSE, dende a perspectiva da soberanía alimentaria. Ecuador

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Fundación Intermon Oxfam

Código CRS: Producción alimentos agrícolas, gandería, fortalecemento da sociedade civil, desenvolvemento rural, desenvolvemento agrario

Socia local: Organización de Mulleres Indixenas e Campesiñas "Sembrando Esperanza" (OMICSE)

Zona de actuación: Cotopaxi

País: O Ecuador

Rexión: América do Sur

Descrición: Neste proxecto contribuíuse ao incremento da produción agrícola da zona de Cotopaxi a través da mellora das condicións básicas de traballo e do acceso á auga de rego. Deste xeito, foi posible reducir a terra non cultivada, incorporar outros cultivos e xeneralizar as cortinas rompe ventos en cada un dos terreos, xerando mellores condicións para a crianza de animais, dende un enfoque de soberanía alimentaria, produción agroecolóxica e xénero. Dende os criterios de corresponsabilidade, sensibilidade e recoñecemento ás comunidades responsables do páramo, incorporáronse algunhas accións que contribuíron á protección deste, motivando a participación da nenez e da xuventude no proxecto. Se ben a meta a medio prazo consistiu en lograr a sustentabilidade, a través da presente intervención melloráronse os eixes ecolóxico, económico e social; reforzando a produtividade a través da mellora da produción de coelliños de indias e da incorporación de galiñas poñedoras.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír a mellorar as condicións de vida das familias e comunidades indixenas e campesiñas na provincia de Cotopaxi en Ecuador, con equidade de xénero.

Obxectivo específico: Fortalecer as pequenas economías indixenas e campesiñas das organizacións de mulleres da OMICSE, dende a perspectiva da soberanía alimentaria e dos dereitos colectivos.

Poboación beneficiaria:

Directa: 1.163 (71.33% mulleres).

Indirecta: 4.652 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 151.391,00 € (2011: 52.987,00 €; 2012: 98.404,00 €)

09. Promovida unha educación de calidade para a comunidade educativa de Chinautla, dende os enfoques de xénero, dereitos humanos e interculturalidade. Guatemala

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Fundación InteRed

Código CRS: Servizos e instalacións educativos e formación; formación de profesores

Socia local: Fundación Pedro Poveda para a Educación e Promoción Humana

Zona de actuación: Guatemala (Cidade)

Países: Guatemala

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O proxecto contribuíu a dar resposta á vulneración do dereito á educación que está afectando a toda a comunidade educativa de Chinautla, un distrito de Cidade de Guatemala con altos índices de pobreza e extrema pobreza, e cunha forte exclusión do sistema educativo. A proposta baseouse en catro liñas de traballo principais. En primeiro lugar, elaborouse un plan de formación dirixido ao profesorado de tres escolas públicas da área de Chinautla. A segunda liña consistiu en impulsar dous programas educativos dirixidos ao alumnado das escolas públicas. Paralelamente, desenvolveuse un programa para promoción de servizos de biblioteca, ludoteca e sala de informática; e, por último, creouse un Centro Infantil Comunitario onde os nenos e nenas de dous a seis anos poden desenvolver as súas habilidades propedéuticas e recibir un achegue nutricional equilibrado e acorde á súa idade.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao dereito a unha educación de calidade dirixida a nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade e exclusión social, na área urbano-marxinal de Chinautla, promovendo procesos socioeducativos integrais e inclusivos.

Obxectivo específico: Garantir o acceso a programas socioeducativos de calidade da poboación da área urbana marxinal de Chinautla, dende un enfoque de xénero, dereitos e interculturalidade.

Poboación beneficiaria:

Directa: 2.770 nenos, nenas e adolescentes (50% mulleres) e 90 docentes (85% mulleres).

Indirecta: As familias dos nenos e nenas que son beneficiarias directas, así como a poboación das comunidades próximas.

Subvención da Xunta de Galicia: 158.444,00 € (2012: 47.533,20 €; 2013: 110.910,80 €)

10. Adquisición de competencias laborais axeitadas ao mercado de traballo de Lima Metropolitana de 233 mozos e mozas de zonas urbano marxinais de Lima. O Perú

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Código CRS: Formación superior técnica e de dirección

Socia local: Asociación civil Fe y Alegría Perú

Zona de actuación: Lima

País: O Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: O proxecto contribuíu á inserción laboral de mozas e mozos de escasos recursos procedentes de barrios urbanos marxinais de Lima Metropolitana, a través da adquisición de competencias laborais adecuadas ao mercado de traballo local, formándose nos Institutos Superiores Tecnolóxicos (IST) Fe y Alegría. Para iso leváronse a cabo as seguintes liñas de acción: a adecuación da infraestrutura e equipamento educativo de dous IST ás necesidades formativas das Carreiras de Produción de Confeccións e Administración de Hoteis e Restaurantes; a adecuación da proposta formativa de devanditas carreiras aos requisitos demandados polas empresas do sector; e a creación dun Sistema de intermediación laboral en ambos centros de formación. O proxecto foi executado polo Movemento de Educación Popular Fe y Alegría Perú, institución con máis de 45 anos de experiencia na creación e administración de centros educativos a nivel nacional.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á inserción laboral de mozos e mozas de escasos recursos de Lima Metropolitana.

Obxectivo específico: Adquisición de competencias laborais adecuadas ao mercado de traballo de Lima Metropolitana de 224 mozos e mozas de zonas urbano marxinais de Lima.

Poboación beneficiaria:

Directa: Directa: 233 persoas (83% mulleres).

Indirecta: As familias das persoas que se benefician directamente deste proxecto.

Subvención da Xunta de Galicia: 166.052,00 € (2012: 49.815,60 €; 2013: 116.236,40 €)

11. Apoio á promoción da soberanía alimentaria e á medicina tradicional con equidade de xénero nas rexións de Oio, Cacheu e Bafata. A Guinea Bissau

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Asociación SODEPAZ

Código CRS: Abastecemento de auga potable e saneamento básico, sistemas menores; terras cultivables

Socia local: Federación campesiña KAFO

Zona de actuación: Oio, Cacheu, Bafata (rexións)

País: A Guinea Bissau

Rexión: África Subsahariana

Descrición: O proxecto parte da preocupación fundamental de contribuír á redución da pobreza rural e á mellora das condicións de saúde da poboación rural de 70 comunidades das rexións de Oio, Cacheu e Bafata, integradas na federación campesiña KAFO. As accións propostas articuláronse en torno a dúas compoñentes: a soberanía alimentaria e a saúde comunitaria tradicional. No relativo á soberanía alimentaria, traballouse na xestión sostible da terra agrícola mediante a promoción e formación do campesiñado en prácticas como a fertilización de cultivos con abonos orgánicos, o control biolóxico de pragas con pesticidas naturais, a preservación de sementes tradicionais e a introdución de tecnoloxía para a purificación da auga. As accións no eido da saúde comunitaria contribuíron á mellora da saúde das comunidades mediante a posta a disposición da poboación de medicamentos elaborados a base de plantas tradicionais para o tratamento dunha vintena das enfermidades de maior incidencia no país.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Promover a soberanía alimentaria e contribuír á saúde comunitaria tradicional das comunidades da Rexión de Oio, Cacheu e Bafata.

Obxectivo específico 1: Fortalecer a soberanía alimentaria a través da xestión a longo prazo dos recursos agrícolas e mellorar as condicións de acceso equitativo á auga potable.

Obxectivo específico 2: Reforzar a medicina tradicional con enfoque de xénero como condición para mellorar a saúde das comunidades rurais.

Poboación beneficiaria:

Directa: 1.400 persoas (50% mulleres).

Indirecta: 4.200 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 168.105,00 € (2012: 50.431,50 €; 2013: 117.673,50 €)



12. Fortalecer as capacidades de líderes, líderes e os seus espazos de participación a nivel comunitario e municipal para a definición dunha proposta de desenvolvemento incluínte, sostible e baseada no enfoque de xestión de riscos. Guatemala

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: ACSUR Las Segovias

Código CRS: Prevención de desastres

Socio local: Asociación Colectivo Poder y Desarrollo Local "CPDL"

Zona de actuación: Champerico e Retalhuleu (Municipios)

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O proxecto se construíu a partir do suposto de que, na actualidade, nos municipios de Champerico e Retalhuleu existen condicións básicas para a definición e impulso dun

desenvolvemento local endógeno, incluínte e sostible, baseado no enfoque de xestión de riscos. Desta forma, a presente intervención apoiou á poboación de ambos municipios nas súas dinámicas de organización, participación e xeración de propostas de desenvolvemento. Para iso, fortalecéronse os liderados comunitarios (mulleres e homes), as estruturas de participación a nivel comunitario e municipal e a organización propia das mulleres das comunidades para que actúen como actores protagonistas con capacidade propositiva para incidir nas instancias determinantes do desenvolvemento de devanditas comunidades. Tamén se traballaron os ámbitos de participación cidadá, xestión de riscos, seguridade e soberanía alimentaria. Finalmente, fortaleceuse a organización comunitaria das mulleres, mellorando a súa participación en procesos políticos locais, a súa vinculación na xestión de riscos e na xeración de experiencias produtivas.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellorar as condicións de vida da poboación a través dun modelo de desenvolvemento incluínte, sostible, baseado na xestión de riscos, e construído coa participación equitativa e efectiva da poboación e

as súas organizacións, nos municipios de Champerico e Retalhuleu do Departamento de Retalhuleu, Guatemala.

Obxectivo específico: Fortalecer as capacidades dos líderes, líderes e os seus espazos de participación a nivel comunitario e municipal, para a construción dun desenvolvemento incluínte, sostible e baseado na xestión de riscos, con enfoque de xénero e de soberanía alimentaria, nos municipios de Champerico e Retalhuleu do departamento de Retalhuleu, Guatemala.

Poboación beneficiaria:

Directa: 1.826 (47% mulleres).

Indirecta: 12.250 (50% mulleres aproximadamente).

Subvención da Xunta de Galicia: 175.000,00 € (2012:52.500,00 €; 2013:122.500,00 €)

13. Mellorando a vida das microempresarias do sector popular de Lima Leste. O Perú

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Fundación Taller de Solidaridad

Código CRS: Servizos e institucións de apoio á empresa

Socio local: Servicios Educativos El Agustino

Zona de actuación: Lima

País: O Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: O presente proxecto tivo como finalidade específica conseguir que 240 mulleres da zona leste da cidade de Lima, socias dun programa de microcréditos, desenvolvesen capacidades no plano económico e participativo co fin de obter un impacto positivo na mellora das súas condicións de vida. Nun primeiro lugar, realizouse un acompañamento para a formulación das súas axendas e a participación nos espazos de desenvolvemento local, como son a mesa de desenvolvemento económico ou a mesa de igualdade de oportunidades. Finalmente, promovéronse espazos políticos nos que se impulsaron políticas públicas para responder ás prioridades que as organizacións de mulleres estableceron nas súas axendas. No ámbito económico, puxéronse a disposición das organizacións de mulleres ferramentas técnicas e legais para o desenvolvemento do crédito e a promoción do aforro. De xeito complementario, ofrecéronse servizos de desenvolvemento empresarial a nivel produtivo, administrativo e comercial.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellora das condicións de vida das mulleres da microempresa do sector popular de Lima Leste a través do fortalecemento das súas capacidades e do exercicio igualitario e participativo da cidadanía.

Obxectivo específico: As mulleres da microempresa do sector popular de Lima Leste fortalecen capacidades individuais e colectivas e participan en procesos igualitarios e sostibles de desenvolvemento local.

Poboación beneficiaria:

Directa: 240 (94% mulleres).

Indirecta: 1.500 familias.

Subvención da Xunta de Galicia: 173.544,00 € (2012: 52.063,20 €; 2013: 121.480,80 €)

14. Rehabilitación da rede de Servizos de Saúde Sexual e Reprodutiva (SSR) e da Saúde Infantil (SI) de menores de 5 anos na Rexión de Petit-Coëve. Haití

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Médicos del Mundo

Código CRS: Atención sanitaria básica, nutrición básica, atención da saúde reprodutiva e loita contra Enfermidades de Transmisión Sexual (ETS)

Socio local: Ministerio de Saúde Pública e da Poboación - Dirección Sanitaria do Departamento Oeste (DSO)

Zona de actuación: Petit-Coëve (rexión)

País: Haití

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O proxecto contribuíu a mellorar o acceso, a cobertura e a calidade na atención e os coidados en materia de saúde sexual, reprodutiva e saúde infantil no Centro de Saúde Violet. A intervención configúrase en tres eixos: fortalecemento das capacidades técnicas sanitarias do persoal sanitario do centro; fortalecemento e adecuación dos establecementos de atención primaria de saúde de primeiro nivel en materia de saúde sexual e reprodutiva e saúde infantil; e o fortalecemento do sistema de recollida de información e sensibilización comunitaria. Con esta intervención o Centro de Saúde de Violet converteuse en referente de atención en saúde sexual, reprodutiva e saúde infantil, ao garantir a mellora dos servizos sanitarios e o seu acceso. Así mesmo, traballouse en coordinación coa Oficina da Unidade Comunal de

Sanidade Goavienne, o que permitiu que as actividades do proxecto se adecuasen á política do sistema público de saúde de Haití.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á mellora da SSR, saúde infantil e diminución da morbilidade por infeccións hídricas na área rural de Petit-Coâve, Departamento do Oeste, Haití.

Obxectivo específico: Mellorar o acceso, a cobertura e a calidade da atención e cuidados en saúde sexual e reprodutiva e saúde infantil no centro de saúde de Violet na Comuna de Petit-Coâve en Haití.

Poboación beneficiaria:

Directa: 9.000 persoas a través do fortalecemento comunitario onde se inclúen 200 xestantes; 33.000 beneficiarios e beneficiarias a través do fortalecemento institucional de primeiro nivel onde se inclúen 900 xestantes esperadas para a área de cobertura do Centro de Saúde; 40 Axentes comunitarios de saúde; 5 profesionais sanitarios e non sanitarios do Centro de Saúde de Violet.

Indirecta: 1.157.256 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 173.310,00 € (2012: 51.993,00 €; 2013:121.317,00 €)

15. Mellora dos servizos de atención en saúde sexual e reprodutiva e medicamentos esenciais, con énfase nas mulleres indíxenas en 15 distritos de saúde das áreas rurais do Departamento Del Quiché. Guatemala

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Farmacéuticos Mundi agrupada con Arquitectos sin Fronteras

Código CRS: Saúde básica

Socia local: Asociación de Servizos Comunitarios de Saúde (ASECSA)

Zona de actuación: El Quiché (Departamento)

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: Este proxecto contribuíu a mellorar as condicións de acceso á saúde da poboación da área rural de quince municipios do Departamento de El Quiché poñendo o énfase nas mulleres indíxenas, a través do incremento da calidade e cobertura de atención con pertinencia cultural dos servizos de saúde sexual e reprodutiva. Para iso establecéronse tres compoñentes de traballo. O primeiro deles incidiu na mellora das capacidades institucionais para atender ás necesidades en materia de saúde sexual e reprodutiva das mulleres, mellorando as capacidades de atención con pertinencia



cultural do persoal sanitario. A segunda liña de acción fortaleceu as capacidades de atención das comadroas tradicionais ao ter habilitado mellores infraestruturas para garantir un traballo de atención adecuado ás mulleres xestantes. A derradeira liña de traballo dirixiuse a facilitar as condicións de acceso a medicamentos esenciais a través dun plan de mellora da capacidade institucional na xestión e subministración de medicamentos.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellorar as condicións de Acceso á saúde da poboación da área rural do Departamento do Quiché con énfase nas mulleres indíxenas.

Obxectivo específico: Mellorada a calidade e cobertura de atención con pertinencia cultural dos servizos de saúde sexual e reprodutiva e medicamentos esenciais, poñendo o énfase nas mulleres indíxenas, en quince Distritos de Saúde das áreas rurais do Departamento do Quiché.

Poboación beneficiaria:

Directa: 4.969 (58% mulleres).

Indirecta: 180.487 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 210.000,00 € (2012: 63.000,00 €; 2013: 147.000,00 €)

16. Apoio á mellora da calidade de vida do sector pesqueiro e marisqueiro artesanal en condición de vulnerabilidade e pobreza da Bahía de la Unión. O Salvador

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Amigos da Terra Galicia - Xuventude

Código CRS: Desenvolvemento pesqueiro

Socia local: Fundación Salvadoreña para a Promoción Social e o Desenvolvemento Económico (FUNSALPRODESE)

Zona de actuación: Bahía de la Unión

País: O Salvador

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O proxecto representa unha segunda etapa derivada da avaliación dos resultados e leccións aprendidas dunha intervención anterior da Cooperación Galega na mesma zona e sector de intervención executada no período 2009-2010. Segundo o Mapa Nacional de Pobreza Extrema, elaborado polo Fondo de Inversión Social para o Desenvolvemento Local, os catro municipios de intervención

(Conchagua, Pasaquina, San Afasto e A Unión) atópanse no rango de pobreza extrema baixa. Coa execución do presente proxecto contribuíuse a mellorar a calidade de vida do sector pesqueiro e marisqueiro artesanal, a través da mellora da capacidade produtiva e comercial conservando os recursos existentes na Bahía da Unión. O proxecto centrou as súas accións no fortalecemento das capacidades organizativas do sector (incidindo na inclusión das mulleres nos postos de decisión) e na recuperación dos manglares da zona, ao involucrar activamente aos centros escolares e á sociedade civil nas tarefas de reforestación e sensibilización ambiental.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír a mellorar a calidade de vida do sector pesqueiro e marisqueiro artesanal en condición de vulnerabilidade e pobreza da Bahía da Unión.

Obxectivo específico: Mellorada a capacidade produtiva do sector pesqueiro e marisqueiro artesanal mediante o uso de tecnoloxía apropiada, a conservación dos manglares e a participación activa da muller na Bahía da Unión.

Poboación beneficiaria:

Directa: 331 persoas (38% mulleres).

Indirecta: 17.000 persoas (51% mulleres).

Subvención da Xunta de Galicia: 147.827,00 € (2012: 44.348,10 €; 2013: 103.478,90 €)

17. Mellora do acceso á auga e a educación en hixiene nas comunidades indíxenas de Gutiérrez e Boyuibe do Chaco boliviano

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Fundación Humanismo y Democracia

Código CRS: Abastecemento de auga potable e saneamento básico, sistemas menores

Socia local: Pastoral Social Cáritas Camiri (PASOC)

Zona de actuación: Chaco

País: Bolivia

Rexión: América do Sur

Descrición: O proxecto levou a cabo accións integrais que contribuíron a mellorar a salubridade e calidade de vida da poboación das comunidades guaraní dos municipios de Boyuibe e Gutiérrez. Isto conseguiuase garantindo a subministración permanente de auga potable para o



consumo e a prevención de enfermidades relacionadas con cadros diarreicos agudos e infeccións asociadas. Así mesmo, o proxecto contribuíu á mellora da dieta alimenticia promovendo a creación de hortos escolares e familiares e a capacitación de administracións e sociedade civil en xestión e administración de recursos básicos de saúde para un uso adecuado da auga. A área de intervención centrouse en once comunidades, sete no Municipio de Cutiérrez e catro no municipio de Boyuibe. Todas as comunidades beneficiarias do proxecto son de orixe guaraní e presentan múltiples deficiencias no acceso permanente e seguro de auga.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellora das necesidades sociais básicas (saúde, educación, seguridade alimentaria, subministro de auga e saneamento) no Chaco boliviano.

Obxectivo específico: Mellorado o acceso a auga e á educación en hixiene nas comunidades indíxenas dos municipios de Cutiérrez e Boyuibe.

Poboación beneficiaria:

Directa: 180 familias.

Indirecta: 950 familias.

Subvención da Xunta de Galicia: 175.000,00 € (2012: 52.500,00 €; 2013: 122.500,00 €)

18. Formación laboral como medio para a formación integral de adolescentes traballadores e traballadoras de Piura. O Perú

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Fundación Balm para la Infancia agrupada con Fundación Taller de Solidaridad

Código CRS: Formación profesional

Socio local: Centro de Apoio a Nenos/as e Adolescentes Traballadores/as (CANAT)

Zona de actuación: Piura (Departamento)

País: O Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: Este proxecto impulsou a formación integral de cen adolescentes do Departamento de Piura, un complemento formativo cuxo atractivo é a formación técnica laboral orientada ao afianzamento de habilidades laborais de cara ao desenvolvemento dun oficio. Esta formación permitiulles

mellorar as súas condicións de vida e chegar a ser persoas que exerzan unha cidadanía activa que lles ofrezca a oportunidade de protagonizar o seu propio desenvolvemento. Para este fin traballouse a través de catro oficios laborais: corte e confección, barbería, mecánica de motos e cociña. Cada un destes oficios organizouse a través de niveis de aprendizaxe, módulos, competencias, capacidades e aprendizaxes esperadas. Así mesmo, neste proceso de ensino- aprendizaxe, traballouse, ademais do afianzamento das habilidades laborais, nos hábitos de comportamento para favorecer o desenvolvemento de actitudes e aptitudes que lles permitan proxectar o seu futuro laboral.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuir ao desenvolvemento integral dos/as adolescentes en situación de risco de Piura, fortalecendo as súas capacidades para ampliar as súas oportunidades de desenvolvemento persoal, familiar e laboral.

Obxectivo específico: Impulsar un programa de formación integral que permita afianzar as habilidades laborais e hábitos de comportamento que posibiliten unha mellora das condicións laborais das mozas e mozos traballadores.

Poboación beneficiaria:

Directa: 100 adolescentes (60% mulleres).

Indirecta: 1.350 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 121.446,00 € (2012: 36.433,80 €; 2013: 85.012,20 €)

19. Promoción da saúde dos nenos e nenas de cero a cinco anos do Distrito II de Managua, La Chureca. Nicaragua

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Fundación para el Desarrollo de la Enfermería FUDEN

Código CRS: Política sanitaria e xestión administrativa

Socio local: Dirección Nacional de Enfermería de Nicaragua. Dirección Xeral de Servizos de Saúde. Ministerio de Saúde de Nicaragua

Zona de actuación: Chureca (Distrito)

País: Nicaragua

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: Este proxecto fortaleceu o nivel formativo e asistencial do persoal de enfermería do Distrito II de Managua no campo da promoción da saúde na nenez poñendo énfase no campo educativo nutricional a través dun proceso

de capacitación completo por parte de persoal experto expatriado e local. O proxecto impulsou a creación dunhas brigadas nutricionais de enfermería a través da dotación de equipamento básico que permite a captación de nenos e nenas en perigo de desnutrición aguda ou crónica nos contextos máis desfavorecidos do Distrito II, para referilos ao centro de atención primaria ou hospitalaria segundo corresponda. A educación sanitaria en seguridade nutricional por parte do persoal de enfermería permite incidir nunha mellora da situación nutricional e, de forma consecutiva, nun descenso na morbilidade infantil da zona; por outra banda, tamén permite obter unha mellora global da situación nutricional para o resto da familia nuclear do neno ou da nena.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Diminución da morbilidade infantil no Distrito II de Managua, Nicaragua.

Obxectivo específico: Promoción da saúde dos nenos e nenas de 0 a 5 anos do Distrito II de Managua, A Chureca, Nicaragua.

Poboación beneficiaria:

Directa: 142 persoas (100 % mulleres).

Indirecta: 9.471 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 68.400,00 € (2012: 20.520,00 €; 2013: 47.880,00 €)



20. Mellora do acceso aos sistemas de auga potable e saneamento en tres comunidades do distrito de Mollepata, provincia de Anta, Cuzco. O Perú

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Fundación CUME

Código CRS: Abastecemento de auga e saneamento

Socio local: Asociación Peruana para a Promoción do Desenvolvemento Sostible (APRODES)

Zona de actuación: Cuzco (Departamento)

País: O Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: O proxecto contribuíu ao desenvolvemento de 100 familias en situación de extrema pobreza en tres comunidades rurais do distrito de Mollepata, na provincia de Anta. Actuouse no sector de cobertura das necesidades básicas, concretamente no acceso á auga, ao saneamento e á habitabilidade. O proxecto marcouse como meta reducir a prevalencia de enfermidades diarreicas e parasitarias en tres comunidades mediante a dotación de infraestruturas menores para a instalación de tanques elevados de almacenamento de auga e servizos hixiénicos con biodigestores. Ao mesmo tempo fortalecéronse as capacidades locais en xestión, operación e mantemento dos sistemas instalados, así como en educación sanitaria e saúde ambiental, co propósito de reforzar a adopción de prácticas saudables a nivel individual, familiar e da comunidade. Considerando á poboación destinataria como o actor fundamental do proxecto, fomentouse a súa participación activa e democrática durante todo o ciclo do proxecto.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á mellora da calidade de vida das familias nas comunidades do distrito de Mollepata.

Obxectivo específico: Reducir a prevalencia de enfermidades diarreicas e parasitarias en tres comunidades do distrito de Mollepata na provincia de Anta en Cuzco.

Poboación beneficiaria:

Directa: 400 persoas adultas (55% mulleres) e 54 menores (57% nenas).

Indirecta: Habitantes das comunidades de implantación do proxecto.

Subvención da Xunta de Galicia: 174.800 € (2012: 52.440,00 €; 2013: 122.360,00 €)

21. Dotación de novas infraestruturas educativas necesarias na área rural de Bellavista, Loja, para facilitar o acceso á educación básica e potenciar a atención educativa da poboación en idade escolar da zona obxectivo. Ecuador



Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior ONGD

Axentes: Federación Española de Religiosos de Enseñanza Titulares de Centros Católicos (FERE-CECA)

Código CRS: Educación secundaria, educación primeira infancia

Socia local: Fundación URIEL

Zona de actuación: Loja (Provincia)

País: O Ecuador

Rexión: América do Sur

Descrición: O proxecto contribuíu a solucionar o importante problema educativo que sofre a poboación en idade escolar da parroquia de Bellavista, cantón de Espindola, provincia de Loja. Na última reforma educativa levada a cabo polo goberno ecuatoriano reformouse o ciclo de primaria aumentando este de sete a dez graos, unha adaptación que para moitas escolas estatais, sobre todo rurais, resultou unha situación imposible de afrontar. O proxecto levou a cabo a creación de novas infraestruturas educativas necesarias en Bellavista co fin que a mocidade teña acceso directo e garantido na propia parroquia a toda a oferta educativa necesaria para completar o seu ciclo básico obrigatorio de formación, primaria e secundaria. Deste xeito tratouse de reducir as causas de absentismo escolar e abandono dos estudos na zona obxectivo, motivadas e relacionadas na maioría dos casos coa falta de centros educativos adecuados e suficientes na parroquia de Bellavista.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Promover a loita contra a pobreza así como o desenvolvemento humano, principalmente nas súas dimensións social e económica, nun país en vías de desenvolvemento como Ecuador a través da mellora das prestacións de atención social básica no ámbito da educación.

Obxectivo específico: Garantir e mellorar o acceso a unha educación básica, completa e de calidade, da poboación infantil residente na área rural da parroquia de Bellavista, cantón de Espindola, proporcionando as infraestruturas educativas e os medios, humanos e materiais, necesarios e adecuados para iso.

Poboación beneficiaria:

Directa: 195 (100 nenas 51,28 %).

Indirecta: 1.300 (670 mulleres 51,58 %).

Subvención da Xunta de Galicia: 107.500,00 € (2012:32.250,00 €; 2013:75.250,00 €)

22. Mellora da xestión do Eco-parque de Raffey de Santiago de los Caballeros, República Dominicana, asociado ao programa integral de mellora do Barrio de Santa Lucía - La Mosca, República Dominicana

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior outros axentes

Axentes: Fundación Galicia Innova

Código CRS: Desenvolvemento industrial

Socio local: Concello de Santiago de los Caballeros

Zona de actuación: Santiago de los Caballeros

País: República Dominicana

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O obxectivo deste proxecto consistiu en darlle continuidade ás accións enmarcadas na liña da educación profesional e desenvolvemento produtivo do Programa Integral de mellora do Barrio de Santa Lucía - La Mosca, en Santiago de los Caballeros, financiado pola Xunta Galicia dende o ano 2008, a través do deseño e desenvolvemento dunha estratexia para a mellora da xestión do Eco Parque de Raffey. Nesta liña, o proxecto traballou na mellora das condicións de traballo do persoal laboral do Eco Parque asegurando unha fonte de ingresos sostible baseada na comercialización de residuos regulada polo municipio. Tamén se proporcionaron os medios e os protocolos precisos para asegurar a boa xestión do Eco Parque, e se reduciu a contaminación causada polos residuos do mesmo, influíndo así positivamente nos seus efectos ambientais a través das operacións de segregación de residuos.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Melloradas as condicións de desenvolvemento económico, social e sanitario dos traballadores e traballadoras formais e informais do Eco-Parque de Raffey.

Obxectivo específico: Melloradas as condicións de permanencia, acceso ao emprego, seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras do Eco Parque de Raffey.

Poboación beneficiaria:

Directa: 2.767 persoas do Concello de Santiago de los Caballeros (1.937 homes e 830 mulleres, estimado), 466 persoas que traballan na reciclaxe de residuos no Eco Parque de Raffey (129 mulleres e 337 homes, estimado). Tamén se considera beneficiaria directa a Asociación de Recicladores e Recicladoras de Raffey.

Indirecta: 489 familias que viven no barrio de Santa Lucía - La Mosca, integradas por un total de 2.445 persoas aproximadamente. A poboación do barrio está conformada por un 48% de mulleres e un 52% de homes.

Subvención da Xunta de Galicia: 155.000,00 € (2012: 46.500,00 €; 2013:108.500,00 €)

23. Fortalecemento das capacidades técnicas da administración rexional responsable do recurso hídrico "ARA-Norte" no ámbito dos Sistemas de Información Xeográfica e da Hidroloxía, Mozambique

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior outros axentes

Axentes: Innovación Cooperación Cartografía e Territorio S.L (ICARTO)

Código CRS: Política de recursos hídricos e xestión administrativa

Socia local: Administración Rexional de Augas do Norte (ARA-Norte)

Zona de actuación: Cabo Delgado (Provincia)

País: Mozambique

Rexión: África Austral

Descrición: Proxecto deseñado co obxectivo de mellorar o coñecemento do recurso hídrico e as capacidades de xestión da Administración Rexional de Augas do Norte (ARA-Norte). Trátase dunha acción complementaria ao programa de desenvolvemento da xestión dos recursos hídricos e das infraestruturas hidráulicas da provincia de Cabo Delgado denominado "Water Facility", financiado por EuropeAid a Augas de Galicia. Neste sentido, a intervención presentada partiu dunha concordancia cos obxectivos do programa europeo ampliando os resultados previstos no mesmo. As actividades propostas conseguiron levar a cabo o deseño dun modelo hidroxeolóxico e a creación dunha rede de monitoreo na cidade de Pemba. Por outra parte o proxecto contemplou a capacitación á administración de ARA-Norte en análise e xeración de estudos básicos do recurso hídrico,



no desenvolvemento dun Sistema de Información Xeográfica (SIX) e na capacitación no manexo de dito sistema.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellorada a xestión do recurso hídrico na provincia de Cabo Delgado, aumentando a calidade e a cobertura do servizo de abastecemento e saneamento da poboación.

Obxectivo específico: Fortalecidas as capacidades técnicas da administración rexional responsable do recurso hídrico, ARA-Norte no ámbito da hidroxeoloxía e do desenvolvemento de Sistemas de Información Xeográfica.

Poboación beneficiaria:

Directa: Persoal técnico e administrativo de ARA-Norte.

Indirecta: Poboación da provincia de Cabo Delgado, concretamente as persoas residentes do núcleo urbano de Pemba.

Subvención da Xunta de Galicia: 106.120,00 € (2012: 31.836,00 €; 2013: 74.284,00 €)

24. Capacitando: fortalecendo capacidades das persoas docentes do distrito de San Juan de Lurigancho a través da creación e posta en marcha dun centro de recursos para beneficio de nenas, nenos e adolescentes con necesidades educativas especiais. O Perú

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior outros axentes

Axentes: Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)

Código CRS: Formación do profesorado

Socia Local: Asociación de apoio e promoción do excepcional "Yancana Huasy"

Zona de actuación: San Juan de Lurigancho (Distrito)

País: O Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: Con este proxecto contribúese á inclusión educativa das nenas, nenos e adolescentes con discapacidade do distrito de San Juan de Lurigancho, a través da creación dun Centro de Recursos para aqueles docentes que teñen nas súas aulas ordinarias alumnado con discapacidade ou que traballan con persoas con grande discapacidade. Deste xeito conseguíuse que, a través deste Centro de Recursos, se oferte a formación específica necesaria garantindo un asesoramento

continuado en función das necesidades de cada docente, que terá á súa disposición tanto asesoramento profesional como material educativo especializados. Dende o Centro ofrécense un servizo de acompañamento ao persoal docente realizado por profesionais con formación e experiencia específica neste eido, co fin de garantir o éxito e a continuidade académica do alumnado con discapacidade que acude aos centros ordinarios, asegurando á súa vez unha atención de calidade ao alumnado con discapacidade severa.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír a unha eficiente formación académica do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE).

Obxectivo específico: Incrementar a eficiencia no desempeño profesional do profesorado que ten alumnado con NEE.

Poboación beneficiaria:

Directa: Docentes de educación básica regular (inclusivos) e de básica especial (para persoas con grade discapacidade) que desenvolven as súas funcións profesionais no UGEL nº5. 200 docentes recibirán formación específica en función das súas necesidades. O profesorado que existe neste distrito educativo mostra unha predominancia do sexo feminino, sendo o 80% mulleres e o 20% restante homes.

Indirecta: Alumnado con discapacidade que acude aos centros sostidos con fondos públicos no distrito educativo do UGEL nº5. Na educación inclusiva contéplase un total aproximado de 300 estudantes como beneficiarios indirectos; así mesmo contéplase que 200 estudantes con grande discapacidade e múltiple, beneficiense do proxecto nas escolas de educación especial. As idades do alumnado oscila entre un e 20 anos de idade, existindo un maior número de homes matriculados que de mulleres, cunha relación estatística de 60-40.

Axuda Xunta de Galicia: 18.439,00 €

25. Ecuador, Territorio Intelixente: consolidación da Innovación, Desenvolvemento, Investigación e Transferencia (I+D+i+T) en Ordenación do Territorio e Tecnoloxías da Información xeoespacial

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior outros axentes

Axentes: Universidade de Santiago de Compostela (Laboratorio Territorio) agrupada coa Fundación Universidade da Coruña

Código CRS: Desenvolvemento rural

Socia local: Fundación URIEL

Zona de actuación: Universidade Nacional de Loja (UNL)

País: O Ecuador

Rexión: América do Sur

Descrición: De xeito xeral, as accións enmarcadas no presente proxecto contribuíron ao desenvolvemento do Sistema de Educación Superior do Ecuador mediante a mellora da calidade da Innovación, o Desenvolvemento, a Investigación e a Transferencia (I+D+i+T) en Ordenación do Territorio e Tecnoloxías da información Xeoespacial. O eido de actuación do proxecto centrouse na Universidade de Loja (UNL) na que se impulsou unhas liñas de traballo destinadas a mellorar as capacidades humanas e institucionais no ámbito da ordenación territorial e da información xeoespacial, mediante a promoción dunha rede universitaria de I+D+i+T. Deste xeito, conseguiuase fortalecer o liderado da Universidade Nacional de Loja no eido da ordenación territorial e a información xeoespacial. Porén, o proxecto tamén impulsou unha actuación de carácter máis amplo ao deixar establecidas as bases para a asociación en rede I+D+i+T de universidades ecuatorianas coa asociación da USC-Laborate e a UDC.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao desenvolvemento do Sistema de Educación Superior do Ecuador mediante a mellora da calidade da Innovación, o Desenvolvemento, a Investigación e a Transferencia (I+D+i+T) en Ordenación do Territorio e Tecnoloxías da información Xeoespacial.

Obxectivo específico: Mellorar as capacidades humanas e institucionais no ámbito da ordenación territorial e da información xeoespacial no Ecuador mediante a promoción dunha rede universitaria I D i T e o fortalecemento do liderado da Universidade Nacional de Loja (UNL) nese ámbito.

Poboación beneficiaria:

Directa: A Universidade Nacional de Loja, a Escola Politécnica Superior do Litoral (Guayaquil), a Escola Politécnica do Exército (Quito), a Facultade Latinoamericana de Ciencias Sociais do Ecuador (Quito), a Universidade Católica de Santiago de Guayaquil, a Universidade de Cuenca e a Universidade do Azuay (Cuenca). O proxecto tamén afectará de xeito directo as seguintes persoas e entidades: alumnado, profesorado e investigadores relacionados coa ordenación do territorio e a información xeoespacial das sete universidades mencionadas e do CINFA; 20 acodes asistentes ao seminario internacional en Ecuador, sete estudantes

ecuatorianos que se beneficiarán do programa de bolsas; unha persoa ecuatoriana da área de investigación da Fundación da Universidade de Coruña; dez docentes participantes no programa de estancias curtas na Universidade de Loja e outras universidades ecuatorianas; 20 estudantes asistentes á mestría en xestión sostible do territorio da Universidade de Loja.

Indirecta: 1.300 (670 mulleres 51,58 %).

Subvención da Xunta de Galicia: 224.338,00 € (2012: 67.301,40 €; 2013: 157.036,60 €)

26. Fortalecemento da investigación e formación académica en Cabo Verde para favorecer un desenvolvemento mariño sostible. Cabo Verde

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior outros axentes

Axentes: Universidade de Vigo

Código CRS: Educación universitaria

Socia local: Universidade de Cabo Verde

Zona de actuación: Illa de Santiago

País: Cabo Verde

Rexión: Oeste de África

Descrición: A través deste proxecto favoreceuse o desenvolvemento sostible do sector mariño e das persoas que dependen da súa explotación en Cabo Verde, por medio do reforzo da investigación e a formación académica aplicada. As actividades baseáronse principalmente na transferencia de coñecementos dende as universidades galegas cara a institucións de investigación e académicas caboverdianas. Nesta liña de traballo deseñouse e impulsouse un programa de doutoramento relacionado co sector mariño que lle está outorgando un nivel de calidade superior á investigación e á formación ás institucións universitarias. Neste sentido, establecéronse unha serie de resultados enfocados cara á formación de doutores, o reforzo das capacidades do persoal docente e investigador e o fortalecemento tanto dos plans de docencia universitaria relacionados co ámbito costeiro e mariño, como das liñas de investigación concretas e aplicadas nestas mesmas áreas.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao desenvolvemento social, económico e ambiental do sector mariño costeiro de Cabo Verde.



Obxectivo específico: Fortalecer as institucións de investigación e académicas en Cabo Verde.

Poboación beneficiaria:

Directa: Docentes e investigadores/as da Universidade e do Instituto Nacional de Desenvolvemento das Pescas de Cabo Verde que participarán de xeito directo nas actividades previstas. O devandito Instituto conta cun equipo formado por 100 persoas. Tamén se beneficiará o alumnado do ámbito das Ciencias do Mar da Universidade de Cabo Verde e INDP.

Indirecta: Poboación dependente do uso dos recursos do mar e continentais de Cabo Verde. Esta poboación será beneficiada pola repercusión que terá a aplicación e definición de políticas e accións nas que interviñeron profesionais, docentes e investigadores. En Cabo Verde en 2011, había 73 comunidades de pescadores, 3084 pescadores artesanais, 840 pescadores semi-industriais, industriais e 985 vendedoras de peixe.

Subvención da Xunta de Galicia: 171.700,00 € (2012: 51.510,00 €; 2013: 120.190,00 €)

27. *Diversificación da actividade acuícola con boas prácticas sostibles de transformación primaria para pescadores e as súas familias do litoral de Sechura. O Perú*

Instrumento de financiamento: Convocatoria de proxectos no exterior outros axentes

Axentes: Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO-COPESCA) agrupada con Amigos de Escaes - Perú

Código CRS: Desenvolvemento pesqueiro

Socia local: ONG Escola Campesíña de Educación e Saúde - ESCAES

Zona de actuación: Magdalena del Mar

País: O Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: Este proxecto apostou por contribuír á inclusión socio - económica dos pescadores mariscadores e das súas familias, en cinco caletas do litoral de Sechura, a través da potenciación da súa actividade acuícola. Neste sentido, traballouse na elaboración e no impulso de estratexias integrais que contemplaron a mellora dos procesos produtivos incidindo tamén na súa comercialización, de xeito sustentable permitíndolles o desenvolvemento da súa competitividade. Deste xeito axudou a reverter algunhas das dificultades ás que se enfrontaban, como a falla de cadeas de frío, a limitada

asistencia técnica e a informalidade na cadea produtiva. Ao mesmo tempo, a través deste proxecto reforzáronse as capacidades tanto humanas como sociais dos líderes e líderes comunitarias, docentes, facilitadoras e das familias de pescadores e mariscadores involucradas no proxecto. De xeito transversal, o proxecto puxo especial énfase na perspectiva de xénero, na diminución da brecha social e na protección do medio ambiente.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Fortalecer o proceso de inclusión socio-económica en pescadores mariscadores promovendo a diversificación acuícola, as boas prácticas produtivas, de transformación primaria e comercialización, o desenvolvemento de capacidades, con equidade de xénero e a protección do medio ambiente de forma sostible en cinco Caletas do Litoral de Sechura Piura (O Perú).

Obxectivo Específico 1: Fortalecer a diversificación acuícola, as boas prácticas produtivas e o desenvolvemento organizativo nos procesos de comercialización en forma sostible.

Obxectivo Específico 2: Reforzar as capacidades humanas con perspectiva de xénero, exercicio cidadán, enfoque de transformación primaria e de protección do medio ambiente con líderes comunitarias, docentes, facilitadoras e familias de pescadores mariscadores involucradas no proxecto.

Poboación beneficiaria:

Directa: 540 pescadores-maricultores organizados en 18 Asociacións. Os comités de desenvolvemento comunal, AMAPAFAS (Asociacións de Nais e Pais de Familia) e CONEI (Consellos Educativos Institucionais) das Institucións Educativas. Once Institucións Educativas dos niveis iniciais, de primaria e secundaria; cun estimado de 1.548 alumnos e 46 profesores. 36 promotores que se encargan do control da Rede Ambiental, 10 líderes e 10 autoridades da comunidade.

Indirecta: Poboación total das cinco caletas, aproximadamente 9.536 persoas adicionais, e poboación do distrito de Sechura, aproximadamente 21.500 persoas. Total: 31.036 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 205.481,00 € (2012:61.644,30 €; 2013:143.836,70 €)

4.1.2. Convocatoria 2011 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes



01. *Mellora das condicións para o aproveitamento sostible e solidario dos recursos pesqueiros e acuícolas da zona do Bajo Lempa. O Salvador. Fase V*

Axentes: Asamblea de Cooperación por la Paz agrupada con AGARESO

País: O Salvador

Subvención da Xunta de Galicia: 231.500,00 € (2011: 81.025,00 €; 2012: 150.475,00 €)

02. *Fortalecemento de grupos organizados para a Pesca Artesanal Sostible e a conservación dos recursos naturais na Isla de Ometepe. Nicaragua. Fase II*

Axentes: Amigos da Terra Galicia-Xuventude

País: Nicaragua

Subvención da Xunta de Galicia: 174.810,00 € (2011: 61.183,50 €; 2012: 113.626,50 €)

03. *Ampliación e fortalecemento da Oferta Educativa do Centro de Formación Laboral "Rafael Reyes Garcia" (C.F.L) na comunidade de Acahualinca. Nicaragua. Fase II*

Axentes: Solidariedade Internacional de Galicia

País: Nicaragua

Subvención da Xunta de Galicia: 174.920,00 € (2011: 61.222,00 €; 2012: 113.698,00 €)

04. *Contribución á soberanía alimentaria en comunidades campesiñas do Norte de Potosí. Bolivia*

Axentes: Sodepaz agrupada con Panxea

País: Bolivia

Subvención da Xunta de Galicia: 115.230,00 € (2011: 40.330,50 €; 2012: 74.899,50 €)

05. *Fortalecemento da soberanía alimentaria e do uso racional dos recursos naturais en 10 comunidades da microcunca Quebrada Gallardo, municipio de Namasigüe, departamento de Choluteca. Honduras. Fase I*

Axentes: Enxeñería sen Fronteiras Galicia

País: Honduras

Subvención da Xunta de Galicia: 97.490,00 € (2011: 34.121,50 €; 2012: 63.368,50 €)

06. *Mellora das condicións hixiénico sanitarias, de saneamento e medioambientales de 489 familias (2.445 persoas aproximadamente) no sector de Santa Lucía, barrio Cienfuegos, Santiago de los Caballeros. República Dominicana*

Axentes: Asamblea de Cooperación por la Paz

País: República Dominicana

Subvención da Xunta de Galicia: 175.000,00 € (2011: 61.250,00 €; 2012: 113.750,00 €)

07. *Desenvolvemento integral e loita contra a pobreza con enfoque na xestión social da auga para a soberanía alimentaria e incidencia nos dereitos das persoas en comunidades da fronteira peruano-ecuatoriana*

Axentes: Fundación Ayuda en Acción agrupada con Amigos Escaes Perú

País: O Perú e O Ecuador



Subvención da Xunta de Galicia: 342.088,00 € (2011: 119.731,00 €; 2012: 222.357,00 €)

08. Apoio á produción e comercialización do feixón nas comunidades de Los Portelos, Los Mangles e Las Carpas, do Municipio de Posoltega, Departamento de Chirandega, Nicaragua

Axentes: Comité Autonómico de Cruz Roja en Galicia

País: Nicaragua

Subvención da Xunta de Galicia: 151.391,00 € (2011: 52.987,00€; 2012: 98.404,00 €)

09. Mellora do acceso ao saneamento básico e a promoción da educación en hixiene e saúde en comunidades fronteiras de República Dominicana e Haití

Axentes: Fundación Humanismo y Democracia

País: República Dominicana e Haití

Subvención da Xunta de Galicia: 175.000,00 € (2011: 61.250,00 €; 2012: 113.750,00 €)

10. Xerando oportunidades para mulleres e varóns para unha mellora da seguridade alimentaria nos distritos de Chetilla e Magdalena, Cajamarca, O Perú

Axentes: Fundación Internacional de Solidaridad Compañía de María (FISC)

País: O Perú

Subvención da Xunta de Galicia: 174.840,00 € (2011: 61.194,00 €; 2012: 113.646,00 €)

11. Desenvolvemento sostible e seguridade alimentaria mediante acuicultura na comunidade campesiña de Santa Bárbara, Perú

Axentes: Universidade de Vigo agrupada con Anfaco

País: O Perú

Subvención Xunta de Galicia: 155.360,00 € (2011: 54.376,00 €; 2012: 100.984,00 €)



12. Rehabilitación de sistemas de abastecemento no distrito de Palma e reforzo das institucións responsables do servizo de auga en Cabo Delgado, Mozambique

Axentes: ADANTIA SL

País: Mozambique

Subvención Xunta de Galicia: 99.680,00 € (2011: 34.888,00 €; 2012: 64.792,00 €)

13. Mellora da xestión dos residuos sanitarios de Santiago de los Caballeros, República Dominicana, asociado ao programa integral de mellora do barrio de Santa Lucía, La Mosca

Axentes: Fundación GALICIA INNOVA

País: República Dominicana

Subvención Xunta de Galicia: 148.900,00 € (2011: 52.115,00 €; 2012: 96.785,00 €)

4.2 Convocatoria 2012 de microproxectos de cooperación de ONGD

Por Orde do 30 de decembro de 2011 aprobáronse as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación. Esta convocatoria resolveuse con data 25 de xuño de 2012 e financiou un total de 4 microproxectos en 3 países por un importe global de 87.768,00 €.

01. Mellora da produción alimentaria e o acceso a auga potable na poboación de Sara Ura e Sara Jeno, A Guinea Bissau

Instrumento de financiamento: Convocatoria de microproxectos

Axentes: Miradas al Mundo

Código CRS: Producción alimentos agrícolas

Socia local: Estrutura Comunitaria de Animación e Sensibilización para o Desenvolvemento (ECAS_D)

Zona de actuación: Bafata (Rexión)

País: A Guinea Bissau

Rexión: Oeste de África

Descrición: O proxecto contribuíu a garantir o acceso a produtos alimentarios diversificados co fin de mellorar a nutrición das familias con carencias, poñendo énfase nas mulleres, nos nenos e nas nenas das localidades rurais de Dembandje, Sara Ura e Sara Jeno a través da produción e da transformación de alimentos realizadas por grupos de traballo designados pola propia comunidade. O aumento da produción de alimentos conseguiuase a través do establecemento de dúas hortas comunitarias dotadas dun almacén e dun pozo. En cada comunidade creouse un comité de xestión de hortas formado por integrantes da asociación de mulleres da devandita comunidade que se formaron en técnicas de horticoltura, xestión e prevención de pragas, e secado e conservación de sementes. De xeito paralelo, formáronse grupos de animación comunitaria encargados de sensibilizar ás comunidades sobre alimentación saudable, hixiene e coidado das mulleres embarazadas e os nenos de cero a tres anos.

Obxectivos:

Obxectivo Xeral: Contribuír á mellora das condicións de vida dos habitantes da rexión de Bafatá.

Obxectivo Específico: Mellora das condicións socioagrícolas de tres comunidades.

Poboación beneficiaria:

Directa: 319 (100% mulleres).

Indirecta: 803 (27% homes; 73% nenos e nenas).

Subvención da Xunta de Galicia: 17.589,00 €

02. Promover a apropiación de coñecementos, destrezas e habilidades técnicas e o desenvolvemento de competencias emprendedoras de mulleres indíxenas da área rural, que lle brinde un espazo para a xeración de emprego autónomo e as faga saír do albor da pobreza, Guatemala

Instrumento de financiamento: Convocatoria de microproxectos

Axentes: Fundación Fabre

Código CRS: Educación, nivel non especificado

Socia local: Fundación para o Desenvolvemento Integral de Programas Socioeconómicos (FUNDAP)

Zona de actuación: Sololá (Departamento)

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: A intervención apoiou a formación de 550 mulleres residentes do departamento de Sololá e a sensibilización a outras 1.000 no desenvolvemento e fortalecemento de competencias para inserirse de xeito dependente ou autónomo ao mercado laboral dende a vía da formación técnica ocupacional no plano extraescolar. Isto permitiulles mellorar as condicións económicas das familias, podendo así mellorar a súa educación, a súa saúde e a súa alimentación. A formación profesional, centrada nas áreas de alimentos, téxtiles e servizos, brindouse a través de centros de formación itinerantes que se desprazan ás comunidades durante seis meses. Outra posibilidade de acceso á formación técnica contemplada no proxecto ofreceuse a través de unidades itinerantes de formación turística, dirixidas a comunidades con potencial turístico por un período de dez meses, tempo durante o cal se desenvolveron as actividades de sensibilización co fin de incidir na valoración dos seus recursos naturais e comunitarios cunha visión de desenvolvemento turístico.

Obxectivos:

Obxectivo Xeral: Coadxugar ao desenvolvemento integral da muller, que lle permita unha mellora das súas condicións e nivel de vida, para garantir con iso unha vida digna saíndo do círculo da pobreza.

Obxectivo Específico: Facilitar a apropiación de coñecementos, destrezas e habilidades técnicas e o desenvolvemento de competencias emprendedoras de mulleres indíxenas da área rural, que lle brinde un espazo para a xeración de emprego autónomo, a través da formación técnica produtiva e asesoría empresarial, que les faga saír do limiar da pobreza.

Poboación beneficiaria:

Directa: 1.550 mulleres entre 18 e 35 anos de idade.

Indirecta: 10.850 familiares.

Subvención da Xunta de Galicia: 24.187,00€

03. "AYMURAY MITA": Melloramento do estado nutricional de nenos e nenas cun enfoque agroecolóxico produtivo e ambiental en catro Unidades Educativas dos Municipios de Toco e Tarata, Cochabamba, Bolivia

Instrumento de financiamento: Convocatoria de microproxectos

Axentes: Asociación Global Humanitaria

Código CRS: Programas directos para a alimentación

Socia local: Global Humanitaria Bolivia

Zona de actuación: Cochabamba (Departamento)

País: Bolivia

Rexión: América do Sur

Descrición: O obxectivo do proxecto consistiu en mellorar o estado nutricional das nenas e dos nenos integrados en catro Unidades Educativas dos municipios de Toco e Tarata, a través de favorecer á dispoñibilidade de alimentos para o consumo escolar. Para levalo a cabo construíronse hortas para a produción agroecolóxica de alimentos saudables e nutritivos que permiten abastecer aos comedores escolares. Estas unidades produtivas constituíronse en verdadeiros centros de aprendizaxe xa que os procesos de capacitación se desenvolveron no marco da educación produtiva, agroecolóxica nutricional, onde a teoría e a práctica van xuntas. O proceso de traballo nas hortas e na xestión dos comedores conta coa participación de toda a comunidade educativa (mestres e mestras, nenos e nenas e xuntas escolares de pais e nais de familia). O proxecto tivo como referente en todo momento a nova Lei de Educación que quere vincular o coñecemento académico coa práctica agrícola nas zonas rurais.

Obxectivos:

Obxectivo Xeral: Contribuír na formación do capital humano dos municipios de Toco e Tarata, mellorando a seguridade alimentaria da poboación escolar.

Obxectivo Específico: Mellorado o estado nutricional de nenas e nenos a través do acceso e mellora de alimentos

cun enfoque produtivo, en 4 unidades educativas dos municipios de Toco e Tarata.

Poboación beneficiaria:

Directa: 410 escolares de entre 4 e 16 anos (48% nenas).

Indirecta: 36 profesores e profesoras, 194 pais e nais de familia, 2 distritales de educación, 2 centros de saúde e 2 autoridades.

Subvención da Xunta de Galicia: 24.992,00 €

04. Creación do módulo de hostalaría na escola técnica - integral "San Alonso" da Villa 1º de Mayo, Santa Cruz de la Sierra, Bolivia

Instrumento de financiamento: Convocatoria de microproxectos

Axentes: Asociación 1º de Mayo

Código CRS: Formación profesional

Socio local: Instituto Secular Cruzada Evangélica (ISCE)

Zona de actuación: Cochabamba (Departamento)

País: Bolivia

Rexión: América do Sur

Descrición: O proxecto impulsou un módulo de hostalaría na Escola Técnica "San Alonso" co fin de formar a homes e a mulleres con capacidades técnicas que lles permitan inxerirse no mercado laboral nas especialidades de administración de hoteis, chef de cociña, cociñeiros, cociñeiras, camareiros e camareiras, con competencias en sectores transversais da hostalaría como son a seguridade e a hixiene no traballo, ou almacenamento de stocks. Trátase dun alumnado caracterizado por posuír escasos recursos económicos e vivir en barriadas lonxe da cidade, aspectos que se tiveron moi en conta no desenvolvemento das accións do proxecto. Á hora de elaborar o plan formativo apostouse polo seu carácter integral que permitiu que o alumnado adquirise coñecementos en sectores transversais da hostalaría. Deste xeito inclúense módulos como seguridade e hixiene no traballo, almacenamento de stocks ou nova cociña.

Obxectivos:

Obxectivo Xeral: Contribución á mellora da calidade de vida dos habitantes da Villa 1º de Mayo, Santa Cruz de la Sierra.

Obxectivo Específico: Melloradas as oportunidades de emprego de 300 persoas da Villa 1º de Mayo a través da formación técnica.

Poboación beneficiaria:

Directa: 300 persoas.

Indirecta: 300.000 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 21.000,00 €

4.3. Convocatorias de programas de cooperación de ONGD

4.3.1. Convocatoria 2009 de programas de cooperación de ONGD

Na convocatoria do ano 2009 foron aprobados 4 programas de cooperación doutras tantas ONGD por un importe total de 2.451.196,72 €, dos cales 359.049,92 € corresponden ao ano 2012.

A continuación detállanse os programas financiados na convocatoria 2009 que teñen subvención para a anualidade 2012:

01. Educación técnica en Nicaragua

Axentes: Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Subvención da Xunta de Galicia: 522.077,80 € (2009: 156.623,34 €; 2010: 156.623,34 €; 2011: 104.415,56 €; 2012: 104.415,56 €)



02. Programa de redución da vulnerabilidade en áreas rurais empobrecidas do municipio de Marcovia. Honduras

Axentes: Enxeñería Sen Fronteiras Galicia

Subvención da Xunta de Galicia: 349.708,60 € (2009: 104.912,58 €; 2010: 104.912,58 €; 2011: 69.941,72 €; 2012: 69.941,72 €)

03. Programa de desenvolvemento socioeconómico territorial da Mancomunidad de Gran Potosí, Bolivia

Axentes: Fundación Cume

Subvención da Xunta de Galicia: 923.463,20 € (2009: 277.038,96 €; 2010: 277.038,96 €; 2011: 184.692,64 €; 2012: 184.692,64 €)

4.4 Convenios de colaboración de proxectos de cooperación

4.4.1 Convenios de colaboración do ano 2012

Durante o ano 2012 asináronse 9 convenios de colaboración para intervencións de cooperación para o desenvolvemento no exterior, 5 deles no ámbito da Intervención de Desenvolvemento Integral de Guatemala, que serán descritos no apartado correspondente. Descríbense a continuación os 4 restantes.

01. Formación profesional e desenvolvemento produtivo sostible da pesca de pequena escala en Centroamérica. PROFOPAC III

Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: Fundación CETMAR

Código CRS: Educación, formación pesqueira, desenvolvemento pesqueiro

Socia local: Organización do sector pesqueiro e acuícola do Istmo Centroamericano (OSPESCA)

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: A partir da experiencia positiva desenvolvida coas intervencións realizadas nos anos anteriores financiadas pola

Xunta de Galicia, identificouse a necesidade de afondar no desenvolvemento de capacidades como unha ferramenta clave para o desenvolvemento social e produtivo do sector da pesca de pequena escala na Rexión. A través deste convenio seguiu impulsando o proceso de profesionalización da pesca e acuicultura de pequena escala en Centroamérica por medio da formación profesional e da potenciación do emprendedurismo; un proceso de longo prazo que pretende levar á poboación implicada ao desenvolvemento progresivo dos seus coñecementos e prácticas económicas, baixo os conceptos de sustentabilidade e produtividade.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao desenvolvemento social e económico sostible e a seguridade alimentaria da Rexión Centroamericana a través da profesionalización do recurso humano vinculado ao sector da pesca e a acuicultura de pequena escala.

Obxectivo específico: Fortalecer as capacidades rexionais de desenvolvemento produtivo a través da formación profesional no marco do proceso de profesionalización do sector.

Subvención da Xunta de Galicia: 146.608,00 €

02. Apoio ao reforzo da extensión pesqueira e acuícola. O Perú

Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: Fundación CETMAR

Código CRS: Educación, formación pesqueira, desenvolvemento pesqueiro

Socia local: Direccións Xerais de Pesca Artesanal e Acuicultura do Perú.

País: O Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: O proxecto pretendeu incidir na mellora da calidade de vida das comunidades costeiras dependentes da pesca artesanal. A comercialización pesqueira identifícase como un dos aspectos prioritarios a mellorar co fin de incrementar a rendibilidade da actividade extractiva. Por outro lado, o asociacionismo é un dos elementos clave para fomentar o desenvolvemento pesqueiro e concretamente a comercialización. Se ben nas caletas peruanas esixen un grao de asociacionismo elevado, este non se valora como efectivo. Pretendeuse, a través deste convenio, traballar directamente coas Organizacións Sociais de Pescadores Artesanais

(OSPA) das caletas, para contribuír ao fortalecemento da súa actividade comercial de forma rendible e sostible.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellorar a calidade de vida de 14 comunidades pesqueiras artesanais piloto (2 por rexión) nas rexións de Tumbes, Piura, Lambayeque, La Libertad, Ancash, Lima e Tacna.

Obxectivo específico: Reforzar as capacidades das comunidades costeiras para incrementar a rendibilidade da actividade extractiva e procesadora da pesca artesanal.

Subvención da Xunta de Galicia: 166.208,00 €

03. Reforzo das capacidades técnicas de formación en acuicultura técnica a pequena escala. Mozambique

Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: Fundación CETMAR

Código CRS: Educación, formación pesqueira, desenvolvemento pesqueiro

Socio local: Instituto Nacional de Desenvolvemento de Acuicultura (INAQUA)

País: Mozambique

Rexión: África Austral

Descrición: En Mozambique o sector da pesca contribúe, segundo datos do 2005, á xeración do 2% do PIB. Trátase dun sector que proporciona emprego directo a máis de 130.000 persoas; actualmente, o sub-sector da acuicultura en Mozambique está representado por unha industria de produción de camarón mariño que produce unha media de 1000 toneladas anuais. A adopción da Acuicultura como actividade produtiva por parte das comunidades rurais é fundamental para mellorar as condicións de vida destas e asegurar a súa seguridade alimentaria. A través desta intervención contribuíuse á obtención dunha mellora das capacidades dos/as formadores/as do programa de formación de acuicultura técnica a pequena escala. As actividades orientáronse cara á mellora da competencia técnica dos/as profesionais que se dedican a impartir formación neste sector a través da mellora dos programas de formación.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellorar o nivel de formación en acuicultura a pequena escala en Mozambique.

Obxectivo específico: Reforzar as capacidades dos formadores do programa de formación de acuicultura técnica a pequena escala.

Subvención da Xunta de Galicia: 41.000,00 €





04. *Parcería para o apoio técnico á consolidación da administración rexional de augas do norte (Ara Norte). Mozambique*

Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: Augas de Galicia

Código CRS: Política recursos hídricos e xestión administrativa

Socia local: Dirección Nacional de Augas (DNA) - ARA- Norte

País: Mozambique

Rexión: África Austral

Descrición: Esta proposta pretende mellorar de xeito medible ata o ano 2014 a realización das atribucións e competencias do ARA Norte, establecidas no seu estatuto orgánico, para o cumprimento do seu obxectivo de protección, desenvolvemento e xestión integrada e participativa dos recursos hídricos. Así, as áreas seleccionadas de actuación se concentran no monitorio deses recursos hídricos; a avaliación das infraestruturas hidráulicas; e na xestión ambiental, planificación e control do dominio público hídrico, liderando a participación e involucramento dos actores de interese.

Obxectivos:

Obxectivo estratéxico: Garantir o desenvolvemento da xestión dos recursos hídricos e das infraestruturas hidráulicas en Mozambique, contribuíndo á redución da pobreza da poboación, mellorando a realización das atribucións do ARA Norte, establecidas no seu estatuto orgánico, nas conchas hidrográficas internas de Montepuez, Messalo, Megaruma.

Subvención da Xunta de Galicia: 138.000,00 € (2012: 50.000,00 €; 2013: 50.000,00 €; 2014: 38.000,00 €)

4.4.2. Intervencións de Desenvolvemento Integral (IDI) en Guatemala

As Intervencións de Desenvolvemento Integral (IDI) representan un modelo de cooperación directa da Xunta de Galicia nun intento de xerar intervencións coordinadas, multisectoriais e sinérxicas, nunha zona determinada, que produzan un maior impacto da nosa cooperación. Supoñen por tanto a canalización de recursos nunha zona xeográfica determinada (dentro dos países prioritarios da Cooperación Galega), onde distintos actores interveñen nos ámbitos sectoriais nos que contan con experiencia. Ademais as IDIs

supoñen unha aposta clara polas estratexias de coordinación e complementariedade, buscando a xeración de sinerxias positivas entre os actores que traballan neste ámbito, coa intención de mellorar a eficiencia e impacto das intervencións.

Ata o momento e dende o ano 2008 puxéronse en marcha dúas IDI, unha en Guatemala e outra na República Dominicana, a través da firma de diferentes convenios de colaboración con organizacións e entidades galegas e do sur. No ano 2012 renovouse o compromiso de apoio a IDI Oxlajuj Tz'ikin de Guatemala asinando os 5 convenios que a continuación se describen. A IDI da República Dominicana finalizou con éxito no ano 2011.

01. *Mellora das condicións de habitabilidade básica no marco do programa Oxlajuj Tz'ikin. Departamento de Retalhuleu. Guatemala. Fase IV*



Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: Arquitectos sin Fronteras

Código CRS: Educación, formación pesqueira, desenvolvemento pesqueiro

Socia local: Asociación indíxena agropecuaria pro desenvolvemento integral (ASIAPRODI)

Zona de actuación: Retalhuleu (Departamento)

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O proxecto, que dá continuidade ao traballo iniciado en 2008, ten como obxectivo mellorar as condicións de habitabilidade básica das familias que se atopan en situación de maior pobreza e vulnerabilidade das Comunidades do Departamento de Retalhuleu a través da construción e mellora de vivendas, capacitación en técnicas construtivas e impulso dunha actividade produtiva de fabricación de materiais de construción.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: O proxecto ten como obxectivo contribuír á mellora das condicións de saúde física e seguridade psicolóxica das comunidades do programa Oxlajuj Tz'ikin, mediante a realización das actuacións que se describen.

Obxectivo específico: Construír e mellorar infraestruturas de habitabilidade nas comunidades facendo uso de todos os recursos materiais e humanos posibles nas comunidades do Programa Oxlajuj Tz'ikin.

Poboación beneficiaria:

Directa: 15 familias que verán melloradas as súas condicións de habitabilidade, salubridade e hixiene a través da construción da vivenda. Traballadores contratados para o desenvolvemento dos proxectos, 30 albaneis, 2 mestres de obra e 2 soldadores. Na fabricación de materiais de construción na Cooperativa B'eluj Q'nil traballarán 11 operarios. Nos transportes de materiais serán contratadas 5 persoas. Un total de 114 profesionais das comunidades serán beneficiados con traballo durante a execución do proxecto. As 17 comunidades do Programa beneficiaranse directamente da Cooperativa B'eluj Q'anil. 18.000 persoas, pertencentes ás comunidades, que participan no Programa Oxlajuj Tz'ikin. O Consello Micro-rexional e ASIAPRODI que se reforza como un órgano de xestión importante dentro das comunidades, a nivel municipal e a nivel departamental. As xuntas directivas e estruturas comunitarias que ven reforzada a súa organización a través da execución dos proxectos.

Indirecta: As comunidades do ámbito de Champerico e Retalhuleu.

Subvención da Xunta de Galicia: 130.137,00 €

02. Saneamento ambiental en Champerico, Departamento de Retalhuleu, Guatemala. Fase III

Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: Solidariedade Internacional de Galicia

Código CRS: Educación, formación pesqueira, desenvolvemento pesqueiro

Socia local: Solidaridad Internacional Guatemala

Zona de actuación: Retalhuleu (Departamento)

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O principal obxectivo do Proxecto Integral de Saneamento Básico (Convenio III) é contribuir a que catro comunidades do municipio de Champerico accedan a condicións de vida digna a través da mellora da infraestrutura hixiénico-sanitaria sustentada na promoción da equidade, o respecto aos dereitos humanos, á identidade étnica e á diversidade cultural e a protección do medio ambiente.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao desenvolvemento sustentable e sostible do municipio de Champerico fomentando a promoción da equidade, o respecto aos dereitos humanos e a protección do medio ambiente.

Obxectivo específico: Fortalecer a capacidade de catro comunidades do municipio de Champerico para asumir unha adecuada xestión do recurso hídrico e o adecuado manexo de excretas e augas servidas e mellorar de forma sostible condicións hixiénico sanitarias de 578 familias destas.

Poboación beneficiaria:

Directa: 2770 persoas de poboacións da área rural e urbana, con diversidade étnica e de orixe, en situación de pobreza e extrema pobreza e con deficiente acceso aos servizos sociais básicos.

Indirecta: A poboación do Municipio no seu conxunto, composta por 35.000 habitantes aproximadamente, dos cales o 52,4 % son homes e o 47,6 % son mulleres. O 31 % pertence á área urbana e o 69 % á área rural.

Subvención da Xunta de Galicia: 123.577,00 €

03. Proxecto para a mellora da atención primaria en saúde e o acceso e uso apropiado de medicamentos esenciais en 17 comunidades rurais dos municipios de Retalhuleu e Champerico na costa Sur de Guatemala, Fase IV

Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: Farmecéuticos Mundi

Código CRS: Atención sanitaria básica

Socia local: Asociación de Servizos Comunitarios de Saúde (ASECSA)

Zona de actuación: Retalhuleu e Champerico (Municipios)

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: Este proxecto ten como obxecto a "Mellora da atención primaria en saúde e o acceso e uso apropiado de medicamentos esenciais en 17 comunidades rurais dos municipios de Retalhuleu e Champerico na costa Sur de Guatemala", xerando as capacidades e recursos suficientes para garantir o acceso adecuado aos servizos de atención primaria en saúde e medicamentos esenciais na zona de intervención.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á mellora das condicións de vida da poboación de dous municipios do departamento de Retalhuleu na Costa Sur de Guatemala, atendendo á ampliación e mellora das súas condicións de acceso á saúde.

Obxectivo específico: 17 comunidades rurais dos municipios de Retalhuleu e Champerico na costa sur de Guatemala melloran as súas condicións de acceso aos servizos básicos de atención primaria en saúde e medicamentos esenciais de calidade e baixo custo.

Poboación beneficiaria:

Directa: Para o proxecto identificáronse como beneficiarias/os directas/os das accións, aos grupos e persoas que participarán na execución do proxecto nos seus diferentes niveis. En total contéplanse 4.119 persoas como beneficiarias directas desta actuación.

Indirecta: A poboación indirectamente beneficiada confórmana o resto de poboación situada na área de influencia da actuación e que supón un total de 8.784 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 59.174,00 €

04. Mellora das capacidades produtivas para a soberanía alimentaria e para o impulso de iniciativas produtivas comunitarias na costa sur de Guatemala. Departamento de Retalhuleu. Fase III

Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: ACSUR Las Segovias

Código CRS: Axuda alimentaria / Programas de seguridade alimentaria

Socia local: Asociación para a Promoción e o Desenvolvemento da Comunidade (CEIBA)

Zona de actuación: Retalhuleu (Departamento)

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: Con esta proposta preténdense consolidar os procesos iniciados nos períodos correspondentes do 2009 ao 2011 co proxecto "Mellora das capacidades produtivas para a soberanía alimentaria e para o impulso de iniciativas produtivas comunitarias na Costa Sur", financiado pola Xunta de Galicia mediante convenio de colaboración asinado en setembro de 2009, e o convenio asinado o 27 de abril 2011 no marco do Programa de Desenvolvemento Integral Oxlañuj Tziqin, Champerico, Retalhuleu, Guatemala. Nesta proposta seguiranse traballando as liñas estratéxicas de fortalecemento da capacidade produtiva para a soberanía alimentaria e o apoio ao impulso ao desenvolvemento de iniciativas produtivas para a seguridade económica familiar.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao desenvolvemento integral das comunidades da costa sur de Guatemala (Retalhuleu e Champerico) co impulso de iniciativas produtivas, con criterios de sustentabilidade, solidariedade, seguridade e soberanía alimentaria, co fin de contribuír á mellora das condicións de vida das familias.

Obxectivo específico 1: Consolidar a capacidade produtiva para a soberanía alimentaria coa utilización de técnicas de produción que contribúan ao sistema ecolóxico con pertinencia cultural de mulleres e homes de 400 familias de 15 comunidades participantes no programa.

Obxectivo específico 2: Consolidar e fortalecer as iniciativas produtivas establecidas de ganado vacún, que brinden seguridade alimentaria ás 230 familias das comunidades participantes, con criterios de sustentabilidade, solidariedade e de soberanía alimentaria, promovendo a participación de mulleres e homes nas diversas etapas dos procesos

garantindo o seu desenvolvemento e empoderamento por parte das/os beneficiarias/os.

Poboación beneficiaria:

Directa: Na liña de soberanía alimentaria, beneficiarase aproximadamente a 2.400 persoas, pertencentes a 400 familias das 12 comunidades do municipio de Champerico, e 3 do municipio de Retalhuleu, conformadas por poboación rural, indixena (Mam y Quiché) e mestiza.

Indirecta: Considéranse beneficiarios/as indirectos/as ás 2.317 familias (11.384 persoas) das 15 comunidades de intervención.

Subvención da Xunta de Galicia: 56.402,00 €

05. Fortalecemento institucional e comunitario no marco do programa Oxlañujtz'ikin. Fase IV

Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: Iniciativa Civil para a Democracia (INCIDE)

Código CRS: Fortalecemento da sociedade civil

Socia local: Asociación para a Promoción e o Desenvolvemento da Comunidade (CEIBA)

Zona de actuación: Retalhuleu (Departamento)

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: Con esta proposta preténdense consolidar os procesos iniciados nos períodos correspondentes do 2009 ao 2011 co proxecto "Mellora das capacidades produtivas para a soberanía alimentaria e para o impulso de iniciativas produtivas comunitarias na Costa Sur", financiado pola Xunta de Galicia mediante convenio de colaboración asinado en setembro de 2009, e o convenio asinado o 27 de abril 2011 no marco do Programa de Desenvolvemento Integral Oxlañuj Tziqin, Champerico, Retalhuleu, Guatemala. Nesta proposta seguiranse traballando as liñas estratéxicas de fortalecemento da capacidade produtiva para a soberanía alimentaria e o apoio ao impulso ao desenvolvemento de iniciativas produtivas para a seguridade económica familiar.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao desenvolvemento integral das comunidades da costa sur de Guatemala (Retalhuleu e Champerico) co impulso de iniciativas produtivas, con criterios de sustentabilidade, solidariedade, seguridade

e soberanía alimentaria, co fin de contribuír á mellora das condicións de vida das familias.

Obxectivo específico 1: Consolidar a capacidade produtiva para a soberanía alimentaria coa utilización de técnicas de produción que contribúan ao sistema ecolóxico con pertinencia cultural de mulleres e homes de 400 familias de 15 comunidades participantes no programa.

Obxectivo específico 2: Consolidar e fortalecer as iniciativas produtivas establecidas de gando vacún, que brinden seguridade alimentaria ás 230 familias das comunidades participantes, con criterios de sustentabilidade, solidariedade e de soberanía alimentaria, promovendo a participación de mulleres e homes nas diversas etapas dos procesos garantindo o seu desenvolvemento e empoderamento por parte das/os beneficiarias/os.

Poboación beneficiaria:

Directa: Na liña de soberanía alimentaria, beneficiarase aproximadamente a 2.400 persoas, pertencentes a 400 familias das 12 comunidades do municipio de Champerico, e

3 do municipio de Retalhuleu, conformadas por poboación rural, indixena (Mam y Quiché) e mestiza.

Indirecta: Considéranse beneficiarios/as indirectos/as ás 2.317 familias (11.384 persoas) das 15 comunidades de intervención.

Subvención da Xunta de Galicia: 56.402,00 €

4.5 Actuacións doutras consellerías

4.5.1 Consellería do Medio Rural e do Mar

A través do Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) realizáronse diversas colaboracións técnicas e cursos de formación para o reforzo de capacidades en pesca e acuicultura en distintos países de Centroamérica e Namibia, financiadas polo CETMAR, cuxo custo se cuantifica nun total de 12.979,00 €.



4.5.2 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

En outubro de 2010 presentouse ante Comisión Europea un proxecto de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, para levar a cabo o proxecto titulado "Creación e reforzo de capacidades do Ara-Norte para a planificación e xestión dos recursos hídricos nas concas internas de Cabo Delgado, Mozambique". O dito proxecto foi aprobado pola Comisión Europea en agosto de 2011 e recibirá un financiamento comunitario de 393.980 € procedentes do Fondo Europeo para o Desenvolvemento (FED).

A execución do proxecto iniciouse no ano 2012, tendo un período de execución previsto de 3 anos e un cofinanciamento da cooperación galega de 138.000 €.

4.5.3 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

O Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG) continuou no ano 2012 coa colaboración coa Embaixada Española en Namibia, a Universidade Politécnica de Namibia e a Namibian Fish Consumption and Promotion Trust (NFCPT), na organización de actividades para o fomento do consumo de pescado nese país. Concretamente, o Centro encargouse neste ano do deseño, maquetación e desenvolvemento do contido dun libro de receitas de pescado orientado a profesionais.

Igualmente, o CSHG colabora coa AECID e o Ministerio de Turismo de Exipto, prestando a súa asistencia técnica para a posta en marcha dunha escola de Hostalería en Minya (Exipto). Concretamente, durante o ano 2012 finalizaron os traballos de acondicionamento de espazos para a escola, seleccionouse ao persoal e realizouse un programa de formador de formadores.



4.5.4 Consellería de Sanidade

A Consellería de Sanidade asinou durante o ano 2012 os seguintes convenios de colaboración:

- ➔ Convenio Asociación Leticia Cativa para a prestación de asistencia sanitaria a 77 nenos de Chernobyl (Ucraina) que acoden a Galicia en vacacións de verán, cun gasto cuantificado de 52.067 €.
- ➔ Convenio coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para a prestación de asistencia sanitaria a menores participantes no programa "Vacacións en paz 2012", cun gasto cuantificado de 218.412 €.
- ➔ Convenio entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Tierra de Hombres para o desenvolvemento do proxecto Viaxe cara á vida, cun gasto cuantificado de 36.830 €.

A cuantificación do gasto sanitario derivado destas actuacións ascende a un total de 307.309 € para os tres convenios.

4.5.5. Consellería de Traballo e Benestar

En colaboración co Ministerio de Emprego e Seguridade Social do Goberno de España, un empregado do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral desprazouse a Brasil para realizar unha asistencia técnica no proxecto denominado "Formación e capacitación profesionais para a xestión e control de riscos ambientais no traballo", dentro da programación anual de cooperación técnica internacional de dito Ministerio.



05 Axuda humanitaria

e de emerxencia

No ano 2012, dando cumprimento aos obxectivos e indicadores que o II Plan Director da Cooperación Galega establece neste ámbito, dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE traballouse co fin de:

- ➔ Contribuír á mellora das condicións de vida das poboacións afectadas por crises humanitarias, desastres e conflitos, garantido a preparación previa, a prevención, e os traballos de rehabilitación e reconstrución, mediante a mellora da calidade da axuda.
- ➔ Aumentar as capacidades de resposta rápida e eficaz da Xunta ante unha emerxencia, tendo en conta criterios de necesidade e vulnerabilidade, entre outros, contribuíndo ao cumprimento do O.E. 5.2.

As actuacións para dar cumprimento a estes obxectivos durante o 2012 foron as seguintes:

- ➔ Por terceiro ano consecutivo publicouse unha convocatoria anual, aberta e permanente, cunha dotación mínima de 300.000 €, que fixou criterios claros de concesión de axudas, co que aumentou a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar unha acción humanitaria galega de calidade tal e como se establece no O.E. 8.2.
- ➔ Asináronse, ademais tres convenios de colaboración específicos de apoio á poboación refuxiada na Franxa de Gaza, nos campamentos saharauís e nos campamentos de Dadaab en Kenya.

- ➔ Xestionouse o fondo de emerxencias, dotado material e economicamente, que permitiu dar resposta rápida e eficaz ante emerxencias, mellorando así a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega (O.E. 5.2).

5.1 Convocatoria de proxectos de axuda humanitaria

Por Orde do 14 de marzo de 2012, publicada no DOG nº 60 do 27 de marzo, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior. Ata o esgotamento do crédito dispoñible, presentáronse 10 propostas, das que foron aprobadas 7 que se describen a continuación.

01. Mellora das capacidades en RRD (Redución do Risco ante Desastres) das comunidades de Honduras en Guayacanes; Barrios Blanco, San Antón y Pedro Justo Carrión en San Pedro de Macoris. República Dominicana

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Acción Humanitaria

Axentes: Asamblea de Cooperación por la Paz

Código CRS: Prevención de desastres

Socio local: Instituto de Acción Comunitaria (IDAC)

Zona de actuación: San Pedro de Macoris (Provincia)

País: República Dominicana

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: A localización da República Dominicana sitúa ao país nunha posición de importante risco fronte a frecuentes fenómenos atmosféricos como furacáns, tormentas tropicais e valgadas. Isto supón unha ameaza constante para a poboación dominicana, sendo os grupos de poboación máis vulnerables aqueles colectivos máis empobrecidos, xa que habitan en zonas de risco de inundacións e derrubes que provocan unha situación de ameaza constante. Ademais da pobreza, entre os principais factores que determinan a vulnerabilidade da poboación destacan a inequidade social, a degradación ambiental, a escasa implicación da cidadanía na xestión do risco e a ausencia dun contexto eficaz no manexo dos desastres. Nas comunidades nas que se levou a cabo a intervención, a maior parte da poboación habita en vivendas precarias, construídas con materiais desaxeitados e situadas en zonas de elevado risco. A esta vulnerabilidade física súmase a falta de capacidades, actitudes e prácticas comunitarias en materia de prevención, mitigación e resposta.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellora das condicións de vida dos habitantes das comunidades de Honduras en Guayacanes; Barrios Blanco, San Antón e Pedro Xusto Carrión en San Pedro de Macoris.

Obxectivo específica: Mellora das capacidades en RRD (Redución de Risco ante Desastres) das comunidades de Honduras en Guayacanes; Barrios Blanco, San Antón e Pedro Xusto Carrión en San Pedro de Macoris.

Poboación beneficiaria:

Directa: 13.738 persoas (65% mulleres).

Indirecta: 217.141 persoas (65% mulleres).

Subvención da Xunta de Galicia: 70.000,00 €

02. Mellora das condicións alimentarias e socio sanitarias da poboación do Distrito de Fafi, no Noreste de Kenya, con énfase na poboación máis vulnerable (mulleres e menores de 5 anos)

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Acción Humanitaria

Axentes: Asociación Farmacéuticos Mundi

Código CRS: Axuda á reconstrución e rehabilitación

Socio local: HESED

Zona de actuación: Fafi (Distrito)

País: Kenya



Rexión: África do Este

Descrición: A República de Kenya ten unha complexa traxectoria en materia de desprazamentos internos e xestión de poboación refuxiada nas súas fronteiras. A poboación refuxiada total no país ascende a 463.023 persoas. A importancia de Kenya como principal país de acollida no marco da crise somali fundaméntase na coexistencia de varios factores como son a súa proximidade xeográfica con respecto a Somalia, a existencia dunha traxectoria anterior de refuxio, e a vinculación existente entre a poboación kenyata coa poboación somali. Por outra banda, hai que ter en conta factores de orde xeográfica e afinidades de tipo cultural; así como a existencia do complexo de Dadaab, considerada a maior superficie destinada a albergar poboación refuxiada do mundo e probablemente, a máis obsoleta. O presente proxecto abriu tres liñas de traballo que se centraron na asistencia básica en saúde, na distribución de complementos nutricionais e na mellora das condicións de protección e hixiene.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Diminuír a vulnerabilidade en saúde da poboación afectada pola crise humanitaria do corno de África na provincia do Nordés de Kenya (con énfase en mulleres, nenos e nenas menores de cinco anos).

Obxectivo específico: Contribuír á mellora das condicións alimentarias e socio sanitarias da poboación refuxiada do distrito de Fafi, con énfase na poboación máis vulnerable (mulleres, nenos e nenas menores de cinco anos).

Poboación beneficiaria:

Directa: 13.738 persoas (65% mulleres).

Indirecta: 217.141 persoas (65% mulleres).

Subvención da Xunta de Galicia: 70.000,00 €

03. Programa de atención á poboación refuxiada e solicitante de asilo en Nairobi, Kenya

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Acción Humanitaria

Axentes: Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Código CRS: Programas de seguridade alimentaria, axuda alimentaria

Socio local: Servizo Xesuita ao Refuxiado

Zona de actuación:

País: Kenya

Rexión: África do Este

Descrición: Dende o inicio da década dos noventa, Kenya recibiu a persoas refuxiadas procedentes dos países veciños, un fluxo de desprazados que se viu terriblemente incrementado coa crise alimentaria que sufriu a zona no 2011. A total ausencia de perspectiva de retorno ou relocalización en terceiros países, empuxou a moitas das persoas refuxiadas a dirixirse á cidade. A imposibilidade de poder asegurarse as condicións necesarias para levar unha vida digna expón a estas persoas a unha situación de risco permanente. As accións propostas no proxecto destináronse a facilitar a 640 persoas refuxiadas urbanas e solicitantes de asilo, as condicións básicas para unha vida autónoma digna. Neste sentido traballouse para conseguir que as persoas beneficiarias tivesen acceso a alimentos, bens de primeira necesidade e servizos básicos. Tamén se impulsaron accións de formación a 40 persoas para que adquiran coñecementos e dispoñan de medios económicos básicos.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Promover a integración socio-laboral de refuxiados e refuxiadas urbanas/as e solicitantes de asilo de Nairobi.

Obxectivo específico: Facilitar a 640 refuxiados e refuxiadas urbanas/as e solicitantes de asilo as condicións básicas para unha vida autónoma digna.

Poboación beneficiaria:

Directa: 640 persoas (345 mulleres e nenas, 295 homes e nenos).

Indirecta: Familias das persoas beneficiarias.

Subvención da Xunta de Galicia: 49.713,70 €



04. Axuda humanitaria a familias indixenas en situación de extrema pobreza, damnificadas por choivas torrenciais, inundacións e xeadas en Ccellopampa. Apumirac. O Perú

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Acción Humanitaria

Axentes: Fundación Cume para el desarrollo de culturas y pueblos

Código CRS: Axuda e servizos materiais de emerxencia

Socio local: Cáritas Abancay

Zona de actuación: Apumirac (Departamento)

País: O Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: Fenómenos naturais de tipo climatolóxico, como choivas torrenciais, xeadas e nevadas; afectan de xeito recorrente á rexión peruana de Apurimac, situada na vertente oriental da cordilleira andina. Durante o primeiro trimestre de 2012 os destrozos provocados por estes fenómenos, determinaron que o goberno declarase o estado de urxencia nesta rexión. As familias máis afectadas son as poboadoras das zonas alto andinas do Distrito de Cotaruse, onde se atopa situada a comunidade de Ccellopampa. Neste contexto, a axuda proposta co proxecto tratará de minimizar os efectos do intenso frío nos ámbitos da habitabilidade, a alimentación e a saúde. Unha das liñas de traballo foi a capacitación das autoridades e da poboación en xestión de riscos que lles vai permitir atenuar os efectos do cambio climático adverso. As outras dimensións do proxecto destináronse a mellorar a habitabilidade e alimentación da poboación e fortalecer o acceso aos servizos de saúde.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellora das condicións de vida da comunidade rural indixena de Ccellopampa.

Obxectivo específico: Aliviar as consecuencias das choivas torrenciais e xeadas padecidas pola comunidade de Ccellopampa e capacitalos para afrontar futuros eventos climáticos extremos.

Poboación beneficiaria:

Directa: 175 persoas (48% mulleres).

Indirecta: As persoas que habitan na comunidade de Ccellopampa.

Subvención da Xunta de Galicia: 30.000,00 €

05. Articulación comunitaria para contribuír á redución do risco de desastre no Distrito de Belle-Anse, Departamento do Sueste, Haití

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Acción Humanitaria

Axentes: Solidariedade Internacional de Galicia

Código CRS: Prevención de desastres

Socio local: Coordinación Rexional das Organizacións do Sueste (CROSE)

Zona de actuación: Sueste (Departamento)

País: Haití

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: Motivada pola súa localización, Haití sufriu un total de 10 catástrofes naturais nos últimos vinte anos, sendo a última delas o terremoto do ano 2010 que causou máis de 200.000 vítimas e tivo graves consecuencias para a práctica totalidade da poboación. A pobreza, a degradación ambiental e a inseguridade alimentaria constitúen en Haití un círculo vicioso que destrúe as posibilidades de desenvolvemento do país. A través do traballo da socio local de Solidariedade Internacional, CROSE, o proxecto reforzou as capacidades físicas, familiares e comunitarias fronte ao risco de desastres, asegurando a integración de homes e mulleres nas accións de protección e mitigación. Para acadar este obxectivo intensificouse a cultura de seguridade fronte a riscos e desastres a través da sensibilización da poboación, do fortalecemento do funcionamento dos Comités de Xestión de Riscos e Desastres, e do deseño e aplicación de enquisas CAP (Capacidades, Actitudes e Prácticas).

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á redución do risco de desastres na conca de Mapou, Distrito de Belle-Anse, Departamento do Sueste de Haití.

Obxectivo específico: Reforzar as capacidades físicas, familiares e comunitarias fronte ao risco de desastres na conca de Mapou, Departamento do Sueste de Haití, asegurando a integración de homes e mulleres nas accións de protección e mitigación.

Poboación beneficiaria:

Directa: 652 persoas (50% mulleres).

Indirecta: 50.217 persoas (50% mulleres).

Subvención da Xunta de Galicia: 32.919,50 €



06. *Prevención, cribaxe e tratamento dos casos de malnutrición na rexión do Sáhel. Burkina Faso*

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Acción Humanitaria

Axentes: Asociación Médicos del Mundo

Código CRS: Nutrición básica

Socio local: Dirección Rexional da Saúde no Sáhel (DRAS) e Ministerio de Saúde de Burkina Faso.

País: Burkina Faso

Rexión: O Sáhel

Descrición: A rexión do Sáhel estase a enfrontar á ameaza dunha crise alimentaria e nutricional que, ao longo do 2012, puxo en perigo a vida de máis dun millón de nenos e nenas. Sete dos oitos países da zona do Sáhel presentan taxas elevadas de desnutrición en nenos e nenas menores de 5 anos e o 35% das mortes infantís na rexión están vinculadas dalgún xeito á desnutrición. O presente proxecto considerou que a estratexia impulsada non só se debe centrar nas necesidades inmediatas para a supervivencia, senón que debe desenvolver accións dirixidas a debilitar o círculo da pobreza que fai ás familias máis vulnerables á malnutrición. Co fin de reforzar a protección da infancia, as accións, executadas pola Dirección Rexional da Saúde no Sáhel, teñen como obxectivo a identificación e tratamento da Malnutrición Aguda Moderada, da Malnutrición Aguda Severa e da Aguda Severa con complicacións nos nenos e nenas menores de cinco anos.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á redución da morbi-mortalidade producida pola malnutrición aguda moderada e severa na rexión do Sáhel.

Obxectivo específico: Reforzar a prevención a cribaxe - identificación e o tratamento de Malnutrición Aguda Moderada (MAM); Malnutrición Aguda Severa (MAS); e Malnutrición Aguda Severa con complicacións (MAS-c) nos nenos menores de 5 anos na rexión do Sáhel.

Poboación beneficiaria:

Directa: 1.115 persoas (63% mulleres).

Indirecta: 800.000 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 37.423,00 €

07. *Axuda humanitaria para os refuxiados Burundeses e Congoleños dos campos de Kasulu e Nyarugusu. Tanzania*

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Acción Humanitaria

Axentes: Comité Autonómico de Cruz Roja Española en Galicia

Código CRS: Axuda e servizos materiais de emerxencia

Socia local: Cruz Roja Tanzania

País: Tanzania

Rexión: África Oriental

Descrición: Tanzania alberga na actualidade arredor de 300.000 persoas refuxiadas procedentes de países limítrofes. Esta poboación, fuxida a mediados dos anos 90 da rexión dos Grandes Lagos durante o xenocidio e en conflitos posteriores, depende totalmente da axuda internacional ao impedirilles a lexislación de Tanzania acceder a un posto de traballo. Trátase da máis complexa operación de refuxiados en África, tanto pola súa duración como polo número de persoas afectadas. Os conflitos e urxencias noutras rexións do mundo e o cansazo dos doantes poñen en risco a continuidade dunha operación que cobre as necesidades básicas desta poboación, o cal fai desta situación unha crise esquecida. O presente proxecto contribuíu ao traballo que realiza Cruz Roja Española, conxuntamente coa Cruz Roja Tanzania e ACNUR, para asegurar o acceso de máis de 100.000 persoas refuxiadas á saúde, un dos seus dereitos básicos que ten que ser garantido ata o peche dos campos.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao mantemento e mellora das condicións de saúde das persoas refuxiadas procedentes do Congo e de Burundi situadas nos campos de refuxiados de Nyarugusu e Kasulu en Tanzania.

Obxectivo específico: Proporcionada asistencia en saúde curativa e servizos de saúde preventiva para 100.600 refuxiadas e refuxiados congoleños e burundeses nos campos de Nyarugusu e Kasulu (Tanzania).

Poboación beneficiaria:

Directa: 102.116 persoas (60% mulleres).

Indirecta: 70.000 persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 30.000,00 €

5.2 Convenios de cofinanciamento

01. *Convenio de colaboración coa UNRWA - sección española - para a execución do proxecto "Compensación alimentaria escolar da UNRWA en Gaza"*

Instrumento de financiamento: Convenio de Acción Humanitaria
Axentes: UNRWA Comité Español

Código CRS: Axuda alimentaria de emerxencia

Socia local: UNRWA

Zona de actuación: Gaza

País: Territorios Palestinos

Rexión: Oriente Medio

Descrición: O presente convenio de colaboración tivo como fin principal axudar á mellora da área específica de educación, a través do apoio ao Programa de Compensación Alimentaria Escolar da UNRWA na franxa de Gaza, coa finalidade de incrementar os niveis educativos e de rendemento de 5.569 nenas e nenos refuxiados que asisten aos centros educativos da Axencia das Nacións Unidas. As accións incluídas neste acordo centráronse na adquisición e reparto de paquetes de compensación alimentaria escolar.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Reducir o impacto da pobreza entre as familias refuxiadas da Franxa de Gaza.

Obxectivo específico: Contribuír á mellora dos niveis educativos e de rendemento dos nenos e nenas refuxiados e refuxiadas nos centros escolares de UNRWA.

Poboación beneficiaria:

Directa: 5.569 nenos e nenas a través da inxesta de alimentos de elevado achegue calórico nas escolas da UNRWA na Franxa de Gaza.

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000 €

02. *Acordo de colaboración con ACNUR para a execución do proxecto de intervención nutricional de emerxencia nos campos da rexión de Dadaab. Kenya*

Instrumento de financiamento: Convenio de Acción Humanitaria

Axentes: España con ACNUR

Código CRS: Axuda alimentaria de emerxencia

Socia local: ACNUR

Zona de actuación: Dadaab (Rexión)

País: Kenya

Rexión: oeste de África

Descrición: O obxecto do presente convenio centrouse en reducir a taxa de desnutrición severa aguda de 4.492 nenos e nenas menores de cinco anos a través do tratamento dos casos con alimentación terapéutica, nos campos de refuxiados somalís. A intervención realizada a través do apoio da Xunta de Galicia complementa unha actuación máis ampla destinada a tratar a malnutrición moderada de 33.392 mulleres embarazadas e lactantes e de 16.608 nenos e nenas a través do acceso ás bolsas de emerxencia alimentaria. O proxecto de ACNUR complementouse cunha liña de sensibilización sobre nocións de educación nutricional a 443.741 persoas refuxiadas residentes nos seis campos de intervención da rexión de Dadaab.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao proceso de protección internacional da poboación refuxiada nos campos da rexión de Dadaab, asegurando o acceso aos servizos básicos esenciais.

Obxectivo específico: Reducir a taxa de malnutrición severa aguda dos e as menores de cinco anos a través do tratamento dos casos con alimentación terapéutica (RUTF).

Poboación beneficiaria:

Directa: 4.600 persoas (2.760 mulleres, 1.610 nenos/as e 230 anciáns).

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000 €

03. *Proxecto sanitario nos campamentos de persoas refuxiadas saharauís*

Instrumento de financiamento: Convenio de Acción Humanitaria

Axentes: Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí

Código CRS: Axuda e servizos materiais de emerxencia

Socio local: Ministerio de Saúde Pública Saharauí

País: Territorios Saharaús

Rexión: Norte de África

Descrición: O presente convenio tivo por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) no proxecto sanitario nos campamentos de persoas refuxiadas saharauís. O proxecto ten como obxectivo contribuír a mellorar as condicións de vida da poboación



refuxiada saharauí garantindo o acceso a unha atención sanitaria de calidade.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á mellora das condicións de vida da poboación refuxiada saharauí.

Obxectivo Específico: Melloradas as condicións de saúde de 6.000 habitantes de Ausserd mediante o abastecemento de material e a capacitación sanitaria.

Poboación beneficiaria:

Directa: 6.000 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 70.708,00 €

5.3 Actuacións de emerxencia

Para garantir a adecuada dotación do fondo de emerxencia asinouse, por carto ano consecutivo, un convenio con Farmacéuticos Mundi, que permitiu dar resposta de forma

rápida algunhas das crises humanitarias acaecidas no 2012. Ademais deste convenio específico, se conta con material de primeira necesidade en stock no almacén que a organización xestiona en Paterna, Valencia.

Por outro lado, comezouse o trámite para a firma dun acordo marco coa AECID para a atención de emerxencias, trámite que se espera poda ter continuidade no 2013.

01. Convenio de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de Acción Humanitaria e de Emerxencia

Axente: Farmacéuticos Mundi

Código CRS: Axuda e servizos materiais de emerxencia

Zona de actuación: varios

País: varios

Rexión: varios



Descrición: As actuacións a desenvolver por Farmacéuticos Mundi no marco deste convenio centráronse en dúas estratexias diferenciadas. En primeiro lugar, procedeuse ao envío de equipos estándares (Kits de Acción Inmediata e Kits Sanitarios para Emerxencias) que permiten atender ás necesidades da poboación durante máis dun ano, adaptándose estritamente ás necesidades e patróns epidemiolóxicos do país de destino e da urxencia concreta que se debe atender. En segundo lugar, procedeuse á dotación de kits e stocks de medicamentos adecuados e suficientes de resposta en urxencia directamente naqueles países onde Farmacéuticos Mundi ten presenza permanente.

Obxectivos: O acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia e Farmacéuticos Mundi ten como obxecto realizar as actuacións que ambas partes acorden destinadas a atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humano, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, a través da provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia. Por outra banda, a activación deste convenio tamén pretende paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfase en países e poboacións cun menor Índice de Desenvolvemento Humano.

Subvención da Xunta de Galicia: 50.000 €

A través deste convenio de colaboración realizáronse seis actuacións de emerxencia:

➔ *Crise alimentaria no Sáhel*

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda alimentaria de emerxencia

Socia local: AMAPROS

Zona de actuación: Ségou

País: Malí

Rexión: O Sáhel

Descrición: A situación de crise alimentaria que sofre a zona do Sáhel vese fortemente agravada en Malí con motivo da situación de inestabilidade político-militar sufrida nos últimos meses que está a ocasionar un éxodo sen precedentes da poboación do norte cara o as zonas do sur do país (Mopti, Ségou e Bamako). Esta situación complica enormemente o acceso aos alimentos das persoas desprazadas provocando un rápido deterioro da situación sanitaria da poboación que se verá agravada coa chegada do período de chuvias. Atendendo ao chamamento de axuda internacional, a

través da resposta planificada dende a Xunta de Galicia en coordinación con Farmamundi, traballouse por garantir a seguridade alimentaria e a prevención da malaria a 300 persoas (115 mulleres, 83 homes e 102 nenos e nenas) a través da adquisición e distribución, no mercado local, de 18.000 kg de cereal, produtos antipalúdicos e mosquiteiros impregnados.

➔ *Conflicto bélico en Siria*

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda alimentaria de emerxencia

Socia local: Jafra

Zona de actuación: Damasco

País: Siria

Rexión: Oriente Medio

Descrición: O traslado do conflito bélico á capital siria (Damasco) provocou o desprazamento da poboación cara zonas consideradas máis seguras. O campamento de Al Yamourk, situado na zona sur da cidade, albergaba no momento da intervención a un millón de persoas, moitas delas sen recursos familiares que puideran brindarlles aloxamento en zonas máis seguras. Al Yamourk foi un dos campos que recibiu un maior número de poboación desprazada, converténdoo en obxectivo das forzas gobernamentais. A través da resposta planificada por Farmacéuticos Mundi, a acción impulsada permitiu a compra e distribución de alimentos entre a poboación a través dunha cesta de alimentos, así como a adquisición e reparto de leite para 350 bebés. A socia local de Farmacéuticos Mundi en terreo, Jafra, foi a encargada da execución do proxecto que, xunto con outras seis entidades, conforman a coalición de organizacións humanitarias encargadas da asistencia á poboación do campamento de Al Yamourk.

➔ *Prevenção do dengue no Salvador*

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Prevenção de desastres

Socia local: Asociación Salvadoreña Promotora da Saúde (ASPS)

Zona de actuación: Cuscatlán (Municipio)

País: O Salvador

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: O 4 de outubro de 2012, o goberno salvadoreño decretou o Estado de alerta nacional de carácter indefinido con motivo das alarmantes estatísticas epidemiolóxicas relacionadas co dengue no país. O factor de risco máis importante para a transmisión do dengue continúa a ser a presenza do mosquito transmisor desta enfermidade, que se complica no país salvadoreño debido ás deficientes condicións de saneamento básico e hixiene, e ás súas precarias condicións de habitabilidade. A resposta planificada da Xunta en coordinación con Farmamundi, localizouse na zona central do país, no municipio de El Carmen, departamento de Cuscatlán, e tivo como obxectivo traballar con 1000 familias dos sete cantóns que conforman o municipio. Ademais de participar nas actividades de fumigación, educación para a saúde e sensibilización ambiental; estas familias tamén se beneficiaron da creación de once Comisións Comunais de Protección Civil de Villa El Carmen.

➔ *Prevención de epidemias na República Dominicana*

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Prevención de desastres

Socia local: Institución Social Colectivo de Saúde Popular (COSALUP)

Zona de actuación: Santo Domingo Leste (Municipio)

País: República Dominicana

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: Os estragos provocados pola Tormenta Sandy durante o seu paso polo Caribe fixeron necesaria a activación dunha resposta de emerxencia en República Dominicana destinada a paliar as consecuencias deste desastre natural. Así, a Xunta de Galicia a través da ONGD Farmamundi, levaron a cabo un proxecto de acción humanitaria destinado a ofrecer atención médica móbil e a traballar o saneamento ambiental e a potabilización da auga. Dita intervención localizouse nas comunidades de La Barquita e La Palma, dúas das máis afectadas polo paso das recentes tormentas, ambas pertencentes ao Municipio de Santo Domingo Leste. O proxecto, tivo como beneficiarias directas a 650 familias e foi executado por COSALUP, a socia en República Dominicana de Farmamundi.

➔ *Prevención do impacto da Tormenta Sandy en Haití*

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Prevención de desastres

Socia local: Movimiento Socio Cultural para los Trabajadores Haitianos

Zona de actuación: Departamento Oeste (Leogabe, Grand-Coave, Petit-Coave) e Departamento Sueste (Anse-à-Pitre)

País: Haití

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: A pesar de que Haití non se atopaba directamente na traxectoria do Furacán Sandy, a tormenta desencadeou intensas chuvias e fortes inundacións en seis departamentos do país, o que provocou unha situación imposible de afrontar por parte das autoridades nacionais. O impacto do furacán aumentou o número de necesidades de carácter humanitario no país, agravando de xeito crítico as demandas xa existentes. Preto dun millón e medio de persoas residentes nas áreas rurais haitianas están a padecer unha severa inseguridade alimentaria debido á perda das colleitas e á destrución do terreo cultivable, xa danado polo impacto da Tormenta Tropical Isaac no mes de agosto. As autoridades haitianas xunto cos actores humanitarios internacionais actuaron para avaliar os danos en todas as comunidades e departamentos afectados. A presente intervención colaborou nesta resposta a través do envío dun kit sanitario para a mellora da atención obstétrica que permitirá atender preto de 100 partos.

➔ *Atención de necesidades básicas en Guatemala*

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda alimentaria de emerxencia

Socia local: Asociación de Servicios Comunitarios de Salud (ASECSA)

Zona de actuación: Quetzaltenango (Departamento)

País: República Dominicana

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: As institucións que integran o Sistema da Coordinadora Nacional para a Redución de Desastres (CONRED) declararon a Alerta Vermella Institucional en Guatemala debido ao sismo de magnitude 7.2 na escala de Richter. Amais, o goberno declarou o estado de calamidade en oito departamentos do país. O proxecto localizouse en dúas comunidades do departamento de Quetzaltenango, sendo beneficiarias do mesmo 75 familias, seleccionadas empregando criterios de vulnerabilidade, relacionados cos riscos sanitarios e a perda de vivendas. A través desta intervención entregáronse racións alimenticias, kits de hixiene e materiais para a protección e refuxio.



06 Actuacións

de Educación para o Desenvolvemento

6.1. Convocatoria 2012 de proxectos de Educación para o Desenvolvemento

Como unha das novidades das convocatorias do ano 2012 introduciuse a posibilidade de financiamento de gastos de identificación, ademais de adaptar as bases para os proxectos de investigación para o desenvolvemento nos que participen as universidades.

Así mesmo no 2012 modificouse a forma de xustificación final das subvencións, pasando a realizarse mediante a forma de conta xustificativa simplificada.

A convocatoria pública de axudas e subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento resolveuse con data 25 de xuño de 2012, financiándose 15 proxectos por un importe total de 364.617,00 € (159.955,40 € para o ano 2012 e 204.661,60 € para o ano 2013).

01. Cidadanía global e Dereitos Humanos: participación para o cambio social por parte da mocidade e do profesorado da Rede Solidaria da Mocidade no curso 2012-2013

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Con este proxecto, Entreculturas deulle continuidade ao seu apoio e acompañamento á comunidade educativa galega no labor de promover unha cidadanía global e unha cultura da solidariedade. En concreto, o obxectivo da proposta consistiu en fomentar, entre a mocidade e o profesorado de Galicia, a valoración positiva e o compromiso cidadán cara ao ben común e o desenvolvemento de actitudes, habilidades e experiencias de participación cidadá. Para abordar as cuestións relativas á participación cidadá, o proxecto traballou dende as perspectivas do desenvolvemento humano e da loita contra a pobreza, levando aos propios centros educativos as temáticas da participación na escola, as escolas solidarias, os centros educativos democráticos, e a promoción do voluntariado. Dende unha perspectiva histórica, nos oito anos de vida do proxecto en Galicia, teñen participado 40 centros educativos, 50 profesores e máis de 2.500 estudantes, realizando nos seus centros educativos máis de 500 accións solidarias.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Fomentada a comprensión e o exercicio dunha cidadanía global comprometida coa xustiza e a solidariedade, coa erradicación da pobreza, a promoción do desenvolvemento humano e sostible e o exercicio pleno dos dereitos entre a mocidade e o profesorado de Galicia.

Obxectivo específico: Mellorada a calidade dos procesos de participación entre a mocidade e o profesorado da Rede Solidaria da Mocidade dende a perspectiva da dignidade e os dereitos humanos durante o curso 2012-2013.

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000,00 € (2012: 8.750,00 €; 2013: 16.250,00 €)

02. Campaña mundial pola educación 2013

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Fundación Ayuda en Acción agrupada con Fundación Entreculturas Fe y Alegría, Seminario Galego de Educación para a Paz, Educación sin Fronteras e Fundación InteRed

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia


Descrición: A finalidade deste proxecto consistiu en dar continuidade ao traballo de sensibilización da sociedade galega, en xeral, e da comunidade educativa galega, en particular, verbo da situación da educación no mundo. A ferramenta fundamental coa que conta cada ano esta Campaña é a celebración anual da Semana de Acción Mundial pola Educación, unha acción global de mobilización

social e incidencia política que se realiza en Galicia dende o ano 2003 no mes de abril. Dende 2008, a Campaña Mundial pola Educación en Galicia conta co apoio financeiro da Xunta de Galicia. A consolidación da Semana de Acción Mundial pola Educación en Galicia posibilitou a participación dun espazo estable para a participación cidadá e a sensibilización da opinión pública galega e dos responsables políticos da Cooperación Galega verbo da situación da educación no mundo.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Promover a realización do dereito á educación a través do cumprimento dos obxectivos de educación para todas e todos do Marco de Acción de Dakar e dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio referidos á educación.

Obxectivo específico: Consolidado o compromiso da comunidade educativa e dos axentes sociais galegos para a mobilización e participación cidadá na esixencia



do cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e dos Obxectivos de Educación para Todos e Todas establecidos no Marco de Acción de Dakar.

Subvención da Xunta de Galicia: 30.062,00 € (2012: 10.710,70 €; 2013: 19.891,30 €)

03. Proxecto de difusión do concepto de tecnoloxía para o desenvolvemento humano a través da sensibilización e a educación formal na comunidade universitaria e na sociedade galega en xeral 2012

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Enxeñería sen Fronteiras Galicia

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Este proxecto tivo como obxectivo a difusión da concepción do acceso aos servizos básicos como dereito humano, e a introdución do concepto da Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano como unha ferramenta necesaria para conseguir un mundo máis xusto e solidario. Estas liñas de acción traballáronse a través da Educación para o Desenvolvemento nas súas dimensións de Educación – Formación e Sensibilización. Deste xeito, realizáronse distintas actividades de educación formal centradas no ámbito universitario galego e elaboráronse tanto materiais didácticos específicos sobre a temática, coma xogos colaborativos sobre a cooperación para o desenvolvemento. Tamén se continuou coa materia universitaria de libre elección “Introdución á Cooperación ao Desenvolvemento”, e cos cursos que se levan realizando dende hai anos nos distintos campus das tres universidades galegas, relacionados coa temática da Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano e as desigualdades Norte Sur. Na vertente relacionada coa sensibilización, realizáronse proxeccións de materiais audiovisuais, xornadas e charlas informativas.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Cidadanía global comprometida na loita contra a pobreza e a exclusión, promovendo o desenvolvemento humano e sostible, a través de procesos de educación que transmitan coñecementos e promovan novas actitudes e valores empregando a Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano.

Obxectivo específico 1: Introducir o concepto da Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano como

ferramenta para conseguir un mundo máis xusto e solidario dentro da educación formal e regrada empregando materias, cursos e seminarios de extensión universitaria nas tres universidades galegas.

Obxectivo específico 2: Aumentada a conciencia crítica da poboación galega a través da sensibilización e educación non formal sobre o acceso a servizos básicos como a auga e a soberanía alimentaria, o uso racional dos recursos naturais, a Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano e sobre as situacións de desigualdade e inxusta.

Subvención da Xunta de Galicia: 15.783,00 €

04. Proxecto de formación e sensibilización sobre a feminización da pobreza no sector do téxtil e alternativas para un consumo responsable de roupa

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Asociación Galega Amarante-Setem para o ecodesenvolvemento

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Amarante-Setem converteuse no referente galego na temática da roupa limpa, ao pertencer dende hai anos ás redes internacionais que traballan con esta problemática. Para continuar con esta liña, a entidade galega impulsou este proxecto co obxectivo de que as persoas consumidoras tomen conciencia da situación de pobreza e da violación dos dereitos humanos do persoal laboral da industria global da confección, que son principalmente mulleres. Neste sentido, o proxecto apoiou e difundiu as campañas que se realizan a nivel estatal e internacional para aumentar o impacto e incidencia das mesmas nos distintos actores sociais. Por outro lado, volveuse a levar a cabo un programa formativo “Xanela Aberta ao Sur”, que posibilitou a visita a organizacións do Sur. Así mesmo, traballouse coas organizacións que forman parte da rede internacional da Clean Clothes Campaign, dando apoio ás demandas das organizacións do Sur e a tradución de materiais e investigacións ao galego.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á redución da feminización da pobreza no sector da confección e ao respecto aos dereitos humanos e laborais para garantir un desenvolvemento sustentable.

Obxectivo específico: As persoas consumidoras, en especial a mocidade e a comunidade universitaria, toma conciencia da situación de pobreza e da violación dos dereitos humanos das persoas traballadoras da industria global da confección, principalmente mulleres, e se mobilizan para melloralas e coñecen alternativas de consumo responsable para construír outro modelo de consumo máis sostible e respectuoso coas condicións de vida de todas as persoas.

Subvención da Xunta de Galicia: 22.827,00 € (2012: 7.989,45 €; 2013: 14.837,55 €)

05. Sensibilizar e formar, en materia de cooperación ao desenvolvemento, a un centenar de poboación moza do rural galego en base á soberanía alimentaria e aos principios do comercio xusto

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Asociación Cultural de Cooperación e Desenvolvemento Cova da Terra agrupada coa Asociación

para o comercio xusto e solidario Panxea, a Asociación Sodepaz e a Fundación Taller de Solidaridad

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Este consorcio, nacido da experiencia e da coincidencia en obxectivos das catro asociacións participantes, tivo como obxectivo sensibilizar á sociedade galega, especialmente no ámbito rural, en Cooperación ao Desenvolvemento e Comercio Xusto e Responsable. As organizacións impulsoras do proxecto consideran que estamos nun momento óptimo para fomentar a recuperación das tradicións labregas e concienciar sobre o futuro do campo galego. Nesta liña, o proxecto levou a cabo unha serie de intervencións de sensibilización e formación na temática mencionada, dirixidas á sociedade rural galega, que non adoita ser receptora de programas deste tipo. Para enriquecer os procesos formativos, contouse coa participación directa das persoas beneficiarias dos programas de cooperación levados a cabo nos pasados anos. Destas actividades formativas está a xurdir unha base sólida de contactos para a creación dunha rede de consumo responsable no rural



galego, que dará continuidade ao presente proxecto, unha vez rematado.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Sensibilizada a mocidade rural galega en materia de consumo responsable, soberanía alimentaria e comercio xusto.

Obxectivo específico: Aumentados e mellorados os coñecementos en comercio xusto, consumo responsable e soberanía alimentaria de 100 mozos e mozas de entre 20 e 40 anos vinculados ao rural galego de acordo ás experiencias previas de cooperación ao desenvolvemento.

Subvención da Xunta de Galicia: 34.725,00 € (2012: 12.153,75 €; 2013: 22.571,25 €)

06. Favorecer a xeración de espazos e ferramentas para a formación, sensibilización e articulación de redes para a mobilización social arredor da defensa dos dereitos humanos das mulleres no norte e no sur focalizando en: feminicidio, dereitos económicos e dereitos sexuais e reprodutivos

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Asociación para la Cooperación con el Sur (ACSUR) Las Segovias

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: A presente proposta pretende fortalecer as capacidades dos actores da sociedade galega para profundar no coñecemento e na defensa dos dereitos humanos das mulleres dende un enfoque de xénero e dereitos. Para iso se presenta unha dobre vía de traballo baseada na formación e sensibilización sobre os dereitos humanos nos eixos do dereito a unha vida libre de violencia, dos dereitos económicos e dos dereitos sexuais e reprodutivos. A creación de sinerxías estratéxicas a través do deseño e impulso dun encontro internacional Norte Sur, permitiu mellorar a eficacia no fortalecemento de capacidades para a defensa dos dereitos humanos das mulleres no contexto galego. Así, impulsárase a creación de espazos de reflexión para a formación, o intercambio e a articulación de redes e alianzas que multipliquen estes coñecementos e potencien a capacidade de mobilización social e política dos actores clave vinculados, no noso territorio, á defensa dos dereitos das mulleres.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Favorecer o coñecemento e o fortalecemento de capacidades de distintos actores da

sociedade galega para a promoción e defensa dos dereitos humanos das mulleres dende un enfoque de xénero e dereitos.

Obxectivo específico: Favorecer a xeración de espazos e ferramentas para a formación, sensibilización e articulación de redes e capacidades para a mobilización social arredor da defensa dos dereitos humanos das mulleres no norte e no sur focalizando en: feminicidio, dereitos económicos e dereitos sexuais e reprodutivos.

Subvención da Xunta de Galicia: 24.250,00 € (2012: 8.487,50 €; 2013: 15.762,50 €)

07. A crise como cambio: perspectivas e alianzas entre mulleres

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Implicadas/os no desenvolvemento

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O presente proxecto pretende amosar os múltiples papeis que a muller pode desenvolver en contextos de crise económica, abrindo as portas á formación de redes e alianzas coas que se poida traballar para facer fronte ás crises que, como as actuais, van dende o local ao internacional. O acceso por parte da cidadanía a esta imaxe máis aberta e reflexiva dos papeis das mulleres no Norte e no Sur, promoverá a súa participación na procura dun mundo máis xusto, por medio do coñecemento en primeira persoa das realidades coas que estas mulleres conviven. Para acadar estes obxectivos, no marco do proxecto impulsáronse unha serie de xuntanzas coas participantes do proxecto de internalización da Rede Galega de Empresas e as diversas asociacións de mulleres empresarias; e organizouse a II Escola Feminista baixo o tema "Crisis e crises", entre outras actividades de sensibilización e creación cultural.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír a establecer alianzas entre as mulleres do Norte e do Sur que axuden a ver a crise como un cambio no que aprender de estratexias económicas sustentables, non ceder nos dereitos adquiridos e loitar por aqueles que fican por conseguir, e no que entender a pobreza dende os parámetros críticos dos feminismos.

Obxectivo específico: Provocar un cambio na mentalidade da cidadanía con respecto ao papel das mulleres en situación de crise dende o económico pasando polo

social e o cultural para facer visibles os seus múltiples papeis e abrir portas ás alianzas.

Subvención da Xunta de Galicia: 24.250,00 € (2012: 8.487,50 €; 2013: 15.762,50 €)

08. Entre-nós

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Ecos do Sur agrupada con Mestura

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto Entre-Nós contribuíu a lograr unha maior implicación das asociacións de inmigrantes no desenvolvemento das súas localidades de orixe e de acollida. Para levar a cabo este obxectivo, o proxecto está estruturado en tres liñas de actuación interdependentes. En primeiro lugar, estase a desenvolver unha fase de diagnóstico da realidade do tecido asociativo de Galicia coa finalidade de crear grupos de traballo con estas entidades, de xeito que se poidan elaborar liñas consensuadas de actuación e mellora da xestión de entidades de inmigrantes. A segunda fase impulsou unha acción de carácter formativo para fortalecer ás asociacións participantes en materia de captación de fondos, introdución ao codesenvolvemento, xénero e xestión asociativa. Finalmente, dentro do marco do proxecto, creáronse ferramentas de comunicación e apoio para o intercambio de boas prácticas en codesenvolvemento.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Lograr unha maior implicación das persoas e asociacións de desenvolvemento das súas localidades de orixe e de acollida.

Obxectivo específico: Fortalecidas as asociacións de inmigrantes participantes no proxecto situadas en Galicia.

Subvención da Xunta de Galicia: 28.200,00 € (2012: 9.870,00 €; 2013: 18.330,00 €)

09. Mellora da educación e comunicación para o desenvolvemento na educación infantil, primaria e secundaria, e da formación en cooperación e comunicación para o desenvolvemento no ámbito universitario

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Asamblea de Cooperación por la Paz agrupada con AGARESO

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Este proxecto constituíu unha aposta integral pola sensibilización e formación en educación e comunicación para o desenvolvemento na comunidade galega, que abarca dende a educación infantil ata a universitaria. A proposta pretendeu contribuír a fortalecer un clima de tolerancia, solidariedade, democracia e respecto, dende a conciencia crítica e a pluralidade en oito centros educativos das provincias de A Coruña e Pontevedra, que ao longo do curso adquiriron un compromiso concretado nas actividades de Escolas Sen Racismo, Escolas pola Paz e o Desenvolvemento. En materia de formación universitaria en cooperación e comunicación para o desenvolvemento, o proxecto tivo como obxectivo contribuír á profesionalización e fortalecemento do sector galego de cooperación e comunicación para o desenvolvemento, incluíndo neste proxecto a realización da terceira edición do Seminario Xornalismo Social e Cooperación Internacional na Universidade de Santiago de Compostela.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento en Galicia.

Obxectivo específico: Mellora das capacidades e ferramentas para a educación e comunicación para o desenvolvemento no ensino non universitario (educación infantil, primaria e secundaria) e promover a formación especializada en cooperación e comunicación para o desenvolvemento no eido universitario.

Subvención da Xunta de Galicia: 34.984,00 € (2012: 12.244,40 €; 2013: 22.739,60 €)

10. Visibilizar e valorar os cuidados como imprescindibles para o sostemento da vida e as sociedades especialmente no ámbito rural galego

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Fundación InteRed

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia



Descrición: Co proxecto, InteRed Galicia vai traballar ao longo de dous anos (2012 e 2013) co alumnado e profesorado das tres universidades galegas; coas comunidades educativas das zonas de Viana do Bolo (Ourense) e Mondoñedo (Lugo); coa mocidade galega; e coa cidadanía en xeral (prestando unha especial atención á poboación masculina). Deste xeito, o proxecto presentou unha serie de liñas de actuacións diferenciadas e construídas atendendo ás características do público destinatario. Co fin de contribuir a promover unha cidadanía galega crítica, responsable e comprometida, o proxecto impulsou unha vertente formativa materializada na execución de cursos de verán organizados conxuntamente coa Universidade de Santiago de Compostela. Tamén se está a desenvolver no marco do proxecto a elaboración dunha publicación froito do intercambio de experiencias nos diferentes centros educativos implicados; e a realización de xornadas formativas sobre masculinidades, coidado de vida e prevención da violencia de xénero.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Impulsar procesos socio-educativos que promovan unha cidadanía galega crítica, responsable e comprometida, a nivel persoal e colectivo, coa transformación da realidade local e global para construír un modelo de desenvolvemento sostible no que a vida, con perspectiva de xénero, sexa o centro.

Obxectivo específico: Formar e sensibilizar aos colectivos clave do ámbito educativo formal e non formal (especialmente de zonas rurais), e da sociedade galega en xeral sobre a importancia de lograr que a vida sexa o centro motivador de toda actividade social dende unha perspectiva de xénero.

Subvención da Xunta de Galicia: 24.984,00 € (2012: 8.744,40 €; 2013: 16.239,60 €)



11. O tesouro de Acahualinca

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Solidariedade Internacional de Galicia

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto pertence á área de Educación para o Desenvolvemento de Solidariedade Internacional de Galicia e responde á estratexia impulsada pola organización neste ámbito a través do desenvolvemento dunha campaña educativa destinada ao nivel de secundaria dos centros educativos da nosa Comunidade Autónoma. O obxectivo fundamental deste proxecto foi contribuir á visibilización das accións de Cooperación ao Desenvolvemento que se están a realizar no barrio nicaraguano de Acahualinca, ao considerar moi relevante que a cidadanía galega acceda ao coñecemento sobre as liñas de acción e estratexias de desenvolvemento que se levan a cabo dende as organizacións de cooperación en lugares onde existe unha situación de pobreza extrema. Para acadar este obxectivo o proxecto impulsou unha serie de obradoiros en quince centros educativos de Galicia, cos que se fixo un traballo continuado baseado en dinámicas, xornadas de intercambio de experiencias e a titorización da creación dun vídeo clip participativo.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á comprensión da desigualdade Norte-Sur e das políticas de Cooperación ao Desenvolvemento como ferramenta para mitigala.

Obxectivo específico: Analizada e socializada unha situación de empobrecemento concreta no barrio da Churueca en Managua (Nicaragua).

Subvención da Xunta de Galicia: 24.960,00 € (2012: 8.736,00 €; 2013: 16.224,00 €)

12. Material didáctico dixital para a campaña "Mulleres Soñadoras"

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Fundación Taller de Solidaridad

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto tivo como obxectivo a creación e a difusión dun material de sensibilización para o desenvolvemento adaptado ao formato da pizarra interactiva dixital a través do que se tratou a temática da igualdade de xénero e se mostrou a situación da muller nos países do Sur. O público obxectivo desta acción foron os alumnos e alumnas de Educación Primaria dos centros educativos de toda Galicia. O proxecto enmarcouse na campaña "Mulleres Soñadoras" impulsada por Taller de Solidaridad dende o pasado mes de outubro de 2011. Para xerar o material didáctico dixital planificado neste proxecto contou coa colaboración dunha empresa galega especializada en e-learning e formación a través das novas tecnoloxías. Con este apoio buscou a máxima difusión dos recursos creados a través dos diferentes soportes electrónicos cos que conta Taller de Solidaridad.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á sensibilización en Galicia da igualdade de xénero e ao coñecemento da realidade da Muller nos países do Sur.

Obxectivo específico: Creado e difundido un material educativo para Pizarra Interactiva Dixital para a Campaña "Mulleres Soñadoras".

Subvención da Xunta de Galicia: 11.340,00 €

13. A soberanía alimentaria en risco: sensibilizando e capacitando á sociedade para o cambio sostible

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Asociación Amigos da Terra Galicia Xuventude

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Tras anos de traballo na rexión de Centroamérica, onde as ameazas á soberanía alimentaria se presentan como unhas das principais causas de empobrecemento, Amigos da Terra busca difundir na sociedade galega o coñecemento desta realidade dende un enfoque integral, no senso de amosala a través de todos os puntos de vista. Deste xeito, e seguindo as liñas estratéxicas que definen as actuacións de Educación para o Desenvolvemento desta entidade, o proxecto vertebrouse ao longo de tres eixos: o coñecemento da problemática da soberanía alimentaria, a análise crítica da situación da mesma no Sur e da responsabilidade do Norte ao respecto, e a presentación e introdución da

poboación na práctica de alternativas sostibles de produción agroecolóxica impulsadas nos proxectos de cooperación. Neste sentido, intentouse impulsar un proceso de cambio nas actuais pautas de consumo a través do fomento de iniciativas cidadás encamiñadas cara esta dirección.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuído ao coñecemento por parte da sociedade galega da problemática alimentaria como causa de empobrecemento dos países do sur.

Obxectivo específico: Sensibilizada parte da sociedade acerca da situación alimentaria no mundo e da nosa responsabilidade ao respecto.

Subvención da Xunta de Galicia: 15.082,00 € (2012: 5.278,70 €; 2013: 9.803,30 €)

14. Abrindo unha xanela ao mundo: dereitos humanos, xénero e comercio xusto

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Fundación Jóvenes y Desarrollo

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: "Abrindo a xanela ao mundo" é un proxecto de sensibilización destinado principalmente ao ámbito educativo de zonas rurais que, a través das novas tecnoloxías, accións formativas e traballo con materiais didácticos nas aulas, pretende dar a coñecer as situacións dos países empobrecidos e as causas estruturais da pobreza. Para facelo, utilizaranse como eixo central de todo o proxecto os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, concretamente abordaranse temáticas relacionadas cos ámbitos de xénero, comercio xusto e dereitos humanos entendidos como elementos transversais a todos os obxectivos. Para lograr o obxectivo do proxecto, as persoas destinatarias contaron en todo o proceso cun gran número de materiais xa elaborados para traballar na aula e en espazos non formais como son a páxina web, as exposicións itinerantes en galego ou as actividades "Cóntame un conto" e "Iniciativas Xuvenis Solidarias", entre outras.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Realizada a información, sensibilización, mobilización e participación da poboación galega sobre a situación dos países empobrecidos profundando nos contidos que abordan os Obxectivos do Desenvolvemento

do Milenio, facendo fincapé na equidade de xénero e a promoción dos dereitos humanos.

Obxectivo específico: Informada a poboación galega sobre a situación dos países do Sur a través da análise da figura da muller, as relacións entre países e os dereitos humanos como condicionantes do desenvolvemento dos pobos.

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000,00 € (2012: 8.750,00 €; 2013: 16.250,00 €)

15. ODM 3 e 6. Non hai xustiza sen igualdade e a saúde é un dereito de todos e todas. Actúa.

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Educación para o desenvolvemento

Axentes: Manos Unidas

Código CRS: Sensibilización social e educación para o desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto púxose en marcha nun momento de vital importancia dado que xa faltan só tres anos para chegar ao prazo comprometido para o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e resulta urxente e necesario que o debate sobre estes obxectivos estea máis presente na opinión pública. Deste xeito, o eixo central sobre o que se articula o proxecto estivo constituído polos Obxectivos do Milenio centrándose, neste ano 2012, nos obxectivos número tres (Igualdade entre os xéneros) e seis (Combater o VIH SIDA). Así, pretendeuse sensibilizar sobre a importancia de acadar as metas consensuadas a nivel internacional ao tempo que se buscou xerar consciencias críticas, intentando facer a cada persoa responsable e activa a fin de constituir unha nova sociedade civil, tanto no Norte como no Sur, comprometida coa solidariedade.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Sensibilizar á poboación galega acerca da loita contra a fame e a pobreza no mundo fomentando o coñecemento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Obxectivo específico: Impulsar procesos de sensibilización e de formación, no ámbito educativo e para o público en xeral, acerca da situación social do mundo e acadar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Subvención da Xunta de Galicia: 22.630,00 €



6.2 Convocatoria 2011 de proxectos de Educación para o Desenvolvemento

01. Campaña mundial pola educación 2012 en Galicia

Axentes: Fundación Entreculturas Fe y Alegría agrupada con Asociación Educación sin Fronteras, Fundación InteRed e Seminario Galego de Educación para a Paz

Subvención da Xunta de Galicia: 28.500,00 € (2011: 11.400,00 €; 2012: 17.100,00 €)

02. Cambia de papel - Empresas e Cooperación

Axentes: Implicadas/os no Desenvolvemento

Subvención da Xunta de Galicia: 22.530,00 € (2011: 9.012,00 €; 2012: 13.518,00 €)

03. Fomentar o coñecemento, a solidariedade e creación de capacidades en distintos actores da sociedade galega para incorporar o enfoque intercultural, de xénero e de cidadanía na súa práctica diaria

Axentes: Asociación para la Cooperación con el Sur (ACSUR) Las Segovias

Subvención da Xunta de Galicia: 24.980,00 € (2011: 9.992,00 €; 2012: 14.988,00 €)

04. Cidadanía global e participación cidadá: da reflexión á acción da mocidade e do profesorado da Rede Solidaria da Mocidade no curso 2011-2012

Axentes: Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000,00 € (2011: 10.000,00 €; 2012: 15.000,00 €)



05. *Tecendo historias de muller*

Axentes: Solidariedade Internacional Galega

Subvención da Xunta de Galicia: 24.950,00 € (2011: 9.980,00 €; 2012: 14.970,00 €)

06. *Achegar o papel da muller dominicana como axente de Desenvolvemento e mellorar o coñecemento da realidade deste país entre a sociedade galega*

Axentes: Asamblea de Cooperación por la Paz

Subvención da Xunta de Galicia: 24.835,00 € (2011: 9.934,00 €; 2012: 14.901,00 €)

07. *Mellora da educación e comunicación para o desenvolvemento na educación infantil, primaria e secundaria, e da formación en cooperación e comunicación para o desenvolvemento no ámbito universitario*

Axentes: Asamblea de Cooperación por la Paz agrupada con AGARESO

Subvención da Xunta de Galicia: 49.560,00 € (2011: 19.824,00 €; 2012: 29.736,00 €)

08. *En acción pola Igualdade! Galicia cara unha cidadanía activa na loita pola superación da pobreza e as desigualdades no mundo*

Axentes: Fundación Ayuda en Acción agrupada con Universidade da Coruña

Subvención da Xunta de Galicia: 49.515,00 € (2011: 19.806,00 €; 2012: 29.709,00 €)

09. *Da información á actuación: itinerario para a mobilización cidadá*

Axentes: Fundación Internón Oxfam

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000,00 € (2011: 10.000,00 €; 2012: 15.000,00 €)

10. *Fortalecemento dos axentes de cooperación en termos de sustentabilidade ambiental*

Axentes: Asociación Amigos da Terra Galicia - Xuventude

Subvención da Xunta de Galicia: 18.935,00 € (2011: 7.574,00 €; 2012: 11.361,00 €)

11. *Programa de Educación para o Desenvolvemento Voces do Sur. Terceira edición: As redes como medio de transformación social*

Axentes: Asociación Galega AMARANTE Setem para o Ecodesenvolvemento

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000,00 € (2011: 10.000,00 €; 2012: 15.000,00 €)

12. *Desigualdade de xénero: a situación da muller e as nenas nos países en vías de desenvolvemento*

Axentes: Asociación Mundo Cooperante Galicia

Subvención da Xunta de Galicia: 24.980,00 € (2011: 9.992,00 €; 2012: 14.988,00 €)

6.3. Convenios de colaboración para actividades de Educación para o Desenvolvemento

No ano 2012 asinouse un convenio de colaboración co Fogacosol para o proxecto "Fondo Galego: 15 anos administrando a solidariedade dende o local" con data 10 de maio, cun financiamento de 60.000 €. Con este convenio se trata de sensibilizar á sociedade galega en torno á cooperación para o desenvolvemento.

01. *O Fondo Galego: 15 anos administrando a solidariedade dende o local*

Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: Fondo Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Fogacosol)

Código CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O obxectivo principal do convenio é o de fortalecer a solidariedade municipalista galega a través do financiamento do plan de actividades de sensibilización do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade no ano que cumpre 15 anos de vida institucional. As actividades contempladas son continuadoras do traballo desenvolto no 2010 e 2011, e que se articulan a tres Obxectivos Específicos: reforzar a rede humana e organizativo-institucional do Fondo Galego; xerar actividades de sensibilización social e educación para o desenvolvemento entre as entidades asociadas; e visibilizar o traballo do Fondo Galego entre a cidadanía galega.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Fortalecida dende o local a sensibilización da sociedade galega en torno á cooperación para o desenvolvemento.

Obxectivo específico: Promovidas unhas entidades locais máis activas na solidariedade internacional.

Poboación beneficiaria:

Directa: Persoal político e técnico que representa á asociación municipalista en cada unha das entidades socias: 96 políticos e 96 técnicos.

Subvención da Xunta de Galicia: 60.000 €



07 Actuacións

de Consolidación e Fortalecemento de ONGD

7.1. Convocatoria 2012 de consolidación e fortalecemento de ONGD

Igual que no caso da convocatoria de Educación para o Desenvolvemento, no 2012 modificouse a forma de xustificación final das subvencións concedidas para a Consolidación e Fortalecemento das ONGD, pasando a realizarse mediante a forma de xustificación simplificada.

A convocatoria pública de axudas e subvencións para proxectos de Consolidación e Fortalecemento de ONGD resolveuse con data 25 de xuño de 2012, financiándose 6 proxectos por un importe total de 115.651,00 € (62.647,40 € para o ano 2012 e 53.003,60 € para o ano 2013).



01. Proxecto de fortalecemento da lexitimidade Social de ESF Galicia: transparencia, comunicación e base social 2012

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Consolidación e fortalecemento de ONGD

Axentes: Enxeñería sen Fronteiras Galicia

Código CRS: Apoio a ONGD locais e rexionais

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto pretendeu contribuír ao fortalecemento de Enxeñería sen Fronteiras nas áreas que foron consideradas como prioritarias ao longo do ano 2012 para a organización. Neste sentido, a presente actuación abordou tres liñas de traballo. A primeira baseouse na consecución dos indicadores de transparencia e bo goberno deseñados no

seo da Coordinadora Española de ONGD, obxectivos que representan un compromiso do sector coa mellora continua no desempeño das súas tarefas. O segundo eixo centrouse na mellora da súa comunicación externa a través da elaboración dos liñamentos estratéxicos da entidade neste ámbito, un documento xerado dende a súa base social a través de obradoiros formativos centrados na comunicación para o desenvolvemento. Finalmente, Enxeñería sen Fronteiras apostou polo asociacionismo como ferramenta de transformación social, abrindo unha liña de traballo de fortalecemento e ampliación da súa base social a través da mellora da comunicación interna e a xeración de novos espazos de participación.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Aumentada a lexitimidade social e a calidade das accións de ESF Galicia.

Obxectivo específico: Aumentada a transparencia, bo goberno e coñecemento sobre ESF Galicia e as súas temáticas.

Subvención da Xunta de Galicia: 17.579,00 €

02. Fortalecemento da área de formación e voluntariado de Entreculturas en Galicia

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Consolidación e fortalecemento de ONGD

Axentes: Fundación Entreculturas, Fe y Alegría

Código CRS: Apoio a ONGD locais e rexionais

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Este proxecto tivo como liña principal de acción a promoción e o fortalecemento das áreas de formación e voluntariado e de planificación estratéxica da Fundación Entreculturas en Galicia. O marco institucional desta entidade en Galicia vén definido polo Plan Estratéxico Galicia 2008-2012 e polo Plan de Mellora da área de formación e voluntariado 2012-2014. Para acadar a realización nos próximos tres anos deste marco institucional, fíxose preciso fortalecer institucionalmente ás delegacións de Entreculturas en Galicia. Para isto, traballouse no reforzo da súa capacidade para o traballo autónomo e para asumir novos retos e funcións, dentro dunha identidade común compartida e de traballo en rede a nivel galego e estatal. As principais accións de mellora impulsadas no marco de proxecto foron o deseño, execución e seguimento dun Plan de Formación do equipo humano en Galicia, e o reforzamento da capacidade técnica da entidade en Galicia a través do seu coordinador rexional.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Fomentada a comprensión e o exercicio dunha cidadanía galega global comprometida coa xustiza e a solidariedade, coa erradicación da pobreza, a promoción do desenvolvemento humano e sostible e o exercicio pleno dos dereitos.

Obxectivo específico: Mellorada a capacidade do equipo de persoas da Fundación Entreculturas en Galicia para a execución das liñas de acción do Plan Estratéxico na área de formación e voluntariado.

Subvención da Xunta de Galicia: 25.000,00 € (2012: 8.750,00 €, 2013: 16.250,00 €)



03. Elaborar o Plan Estratégico, fortalecer a área de comunicación e incidencia social e dinamizar a base asociativa por un comercio xusto e solidario Panxea

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Consolidación e fortalecemento de ONGD

Axentes: Asociación para o Comercio Xusto e Solidario Panxea

Código CRS: Apoio a ONGD locais e rexionais

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Este proxecto responde ás prioridades identificadas polas persoas socias de Panxea nunha tentativa de trazar participativamente a folia de ruta pola que se rexerá a organización nos próximos anos, unha entidade que, en termos xerais, se orienta na promoción dunhas relacións comerciais máis xustas que respecten e promovan a relación directa entre persoas produtoras e persoas consumidoras. A través do presente proxecto elaboráronse, coa participación das persoas socias e voluntarias, tanto o Plan Estratégico como o Plan de Comunicación interna e externa da organización, liña de traballo esta última estreitamente vinculada á necesidade de facer máis visible á entidade e ás súas alternativas de consumo. Ademais, o proxecto abordou a ampliación e dinamización da base social a través do desenvolvemento de actividades de formación relacionadas co comercio xusto, consumo responsable, soberanía alimentaria e economía solidaria. Tamén se abriu unha liña de captación de novas socias na comarca de Compostela.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Elaborar o plan estratégico, fortalecer a área de comunicación e incidencia social, e dinamizar a base asociativa desta Asociación por un Comercio Xusto e Solidario.

Obxectivo específico: Elaborados os plans estratégico e de comunicación, e fortalecidas as áreas de Comunicación e Sensibilización, consolidando o Equipo Humano de socias e voluntarias, así como o seu compromiso co proxecto.

Subvención da Xunta de Galicia: 11.600 € (2012: 4.060,00 €; 2013: 7.540,00 €)

04. Mellora da xestión comercial do comercio xusto en Solidariedade Internacional de Galicia

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Consolidación e fortalecemento de ONGD

Axentes: Solidariedade Internacional de Galicia

Código CRS: Apoio a ONGD locais e rexionais

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto centrouse na mellora do aspecto comercial do labor realizado por Solidariedade Internacional de Galicia no eido do Comercio Xusto. Para logralo, propuxéronse accións orientadas a conseguir unha xestión óptima dos puntos de venda e da política de compras como requisitos imprescindibles para acadar o obxectivo último do proxecto, que consistiu na mellora da rendibilidade das vendas de Comercio Xusto nas tres tendas de Solidariedade Internacional en Galicia. Así, o proxecto incorporou unha liña de formación dirixida ao persoal da entidade na que se apostou pola atención ás características propias deste tipo de organizacións. Por outro bando, promoveuse o acceso a un contacto cada vez máis directo cos produtores de Comercio Xusto e con outro tipo de entidades de carácter internacional vinculadas a este movemento, actividade que supuxo un salto cualitativo importante nas relacións comerciais da organización cos actores máis importantes que neste momento traballan a prol do Comercio Xusto.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír a consolidar unha alternativa comercial sostible de comercio xusto en Galicia.

Obxectivo específico: Aumentar a rendibilidade da área comercial de comercio xusto de SIG.

Subvención da Xunta de Galicia: 24.935,00 € (2012: 8.727,25 €; 2013: 16.207,75 €)

05. Fortalecer a estrutura interna da organización e da liña estratéxica do comercio xusto como paso ao fortalecemento da solidariedade galega

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Consolidación e fortalecemento de ONGD

Axentes: Asociación Galega Amarante Setem para o Ecodesenvolvemento

Código CRS: Apoio a ONGD locais e rexionais

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto contribuíu á sustentabilidade de Amarante no relativo á súa base asociativa e financeira como ferramentas de expansión do compromiso da sociedade galega co desenvolvemento sostible e a loita contra os desequilibrios das sociedades actuais. Co proxecto pretendéronse diversificar as fontes de financiamento da organización mediante o deseño e execución de campañas

de captación de recursos no ámbito privado; unha orientada a conseguir grandes doantes, ou acordos de colaboración en especie con entidades socias; e outra centrada en persoas individuais. Ao mesmo tempo, traballouse na ampliación de clientes da súa distribuidora de comercio xusto e na difusión de información dos seus produtos. Ademais o proxecto contemplou a execución de accións formativas dirixidas ao voluntariado, persoal contratado e á xunta directiva para a súa capacitación, sensibilización e argumentación de resposta ante as situacións de inxustiza social que caracterizan ao mundo actual.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á consolidación dunha sociedade galega comprometida co consumo responsable e solidaria contra as inxustizas socias.

Obxectivo específico: Fortalecer a estrutura interna da organización e da liña estratéxica do comercio xusto a través do aumento da base asociativa, financeira e a formación técnica do noso persoal contratado, activistas e xunta directiva.

Subvención da Xunta de Galicia: 20.009,00 € (2012: 7.003,15 €; 2013: 13.005,85 €)

06. Fortalecemento da capacidade financeira de Taller de Solidariedade en Galicia

Instrumento de financiamento: Convocatoria de Consolidación e fortalecemento de ONGD

Axentes: Fundación Taller de Solidaridad

Código CRS: Apoio a ONGD locais e rexionais

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto abordou a mellora da capacidade financeira da Fundación Taller de Solidaridad, reducindo a súa dependencia dos fondos públicos e tratando de diversificar as fontes de ingreso privadas de xeito que ningún dos aportes privados á mesma represente máis do 30% dos seus recursos. Para conseguir a meta fixada, púxose en marcha unha campaña de captación de socios e socias que abordou, entre outras cuestións, a análise do perfil das persoas asociadas para definir mellor as actuacións de captación. Tamén se impulsaron accións de aumento de cota e de fidelización da base asociativa, accións 2.0, e a formación de persoal asalariado e voluntario en captación de socios e fondos privados. Asemade o proxecto inclúe o deseño e a execución dunha campaña comercial para a

venda de produtos publicitarios e roupa deportiva dirixida a entidades públicas e privadas como son centros educativos, asociacións, ONG, clubs deportivos ou escolas municipais.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Lograr que ao menos o 70% dos ingresos de Taller de Solidaridad proceda de diferentes fontes externas de financiamento.

Obxectivo específico: Fortalecer a capacidade financeira privada de Taller de Solidaridad.

Subvención da Xunta de Galicia: 16.528,00 €



7.2 Convocatoria 2011 de proxectos de Consolidación e Fortalecemento de ONGD

01. Acción de fortalecemento económico e organizativo para unha efectividade sustentable

Axentes: Implicadas/os no Desenvolvemento

Subvención da Xunta de Galicia: 29.745,00 €
(2011:11.898,00 €; 2012: 17.847,00 €)

02. Profundar no fortalecemento da Área de Sensibilización, Educación ao Desenvolvemento e Incidencia social, e a dinamización da base asociativa de ACSUR Las Segovias en Galicia

Axentes: Asociación para la Cooperación con el Sur (ACSUR) Las Segovias

Subvención da Xunta de Galicia: 20.000,00 € (2011: 8.000,00 €; 2012: 12.000,00 €)

03. Implementar a capacidade de AGARESO para deseñar e realizar accións de sensibilización e visibilización sobre realidades de inxustiza e exclusión social en Galicia e países do Sur

Axentes: AGARESO

Subvención da Xunta de Galicia: 30.000,00 €
(2011:12.000,00 €; 2012: 18.000,00 €)

04. Mellora da eficacia de MUSOL para a promoción da cooperación municipalista en Galicia

Axentes: MUSOL

Subvención da Xunta de Galicia: 18.500,00 € (2011: 7.400,00 €; 2012: 11.100,00 €)

7.3 Convenios de colaboración para actividades de Fortalecemento

Como en anos anteriores no 2012 asinouse un convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD con data 14 de marzo co obxectivo de continuar fortalecendo o tecido das ONGD galegas e a propia Coordinadora.

01. Fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD. Execución do Plan Estratégico no ano 2012

Instrumento de financiamento: Convenio

Axentes: Coordinadora Galega de ONGD

Código CRS: Apoio a ONGD locais e rexionais

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O convenio ten como obxectivo contribuir a mellorar o sistema galego de cooperación ao desenvolvemento, en especial o sector das ONGD, a través do fortalecemento institucional da Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD), que agrupa en 2012 a 48 ONGD galegas. Mediante a intervención impúlsase o fortalecemento da cooperación galega ao desenvolvemento en catro ámbitos: o servizo de comunicación externa do sector das ONGD e de información e asesoramento interno prestados dende a CGONGD; a plataforma de incidencia política e traballo en rede das ONGD; a formación e capacitación do persoal vinculado ás ONGD e outros actores da cooperación galega; e, finalmente, as capacidades da CGONGD na planificación, seguimento, control, avaliación e rendición de contas das actividades e servizos prestados ás ONGD.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuir a mellorar o Sector Galego de Cooperación para o Desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD.

Poboación beneficiaria:

Directa: ONGD galegas integradas e non integradas na CGONGD.

Indirecta: As intervencións do proxecto impulsarán o crecemento do sector da cooperación ao desenvolvemento en Galicia.

Subvención da Xunta de Galicia: 90.000 €

08 Formación

8.1 Bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento

As bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento completan a formación académica dos titulados universitarios con estadias na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ou no exterior, nas oficinas técnicas de cooperación da AECID ou en organismos internacionais.

Pola Orde do 30 de decembro de 2011 aprobáronse as bases reguladoras para a convocatoria de doce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento, cuxo obxecto é a formación de persoal especializado na materia.

A dotación económica da convocatoria foi de 196.600 € (139.400 € para o ano 2012 e 57.200 € para o ano 2013) para un total de 12 bolsas.

A principal novidade desta convocatoria foi que os bolseiros e bolseiras gozan dun ano natural de formación, estando prevista a súa finalización o 30 de abril de 2013.

As bolsas tiveron os seguintes destinos: unha na Oficina Rexional da FAO en Bolivia, unha na Oficina da ONU Mulleres-Rexión Andina, no Ecuador, sete nas oficinas técnicas de cooperación da AECID en Guatemala, O Salvador, O Perú, Nicaragua, República Dominicana, O Ecuador e Mozambique e tres na sede da Dirección Xeral en Santiago de Compostela.



09 Coordinación

interadministrativa

9.1 Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE)

O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, creado pola Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, é o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No ano 2012 o Pleno deste órgano non se reuniu debido a que a xuntanza anual ordinaria que se celebra normalmente a finais de ano para informar aos membros do Consello do estado da execución do Plan Anual correspondente e para aprobar a proposta do vindeiro Plan Anual da Cooperación Galega pospúxose para comezos do ano 2013. O motivo deste cambio nas datas de aprobación do novo Plan foi que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma non foron presentados ao Parlamento de Galicia nas datas usuais pola celebración no mes de outubro das eleccións galegas.

As xuntanzas do Consello completan ás xuntanzas bilaterais que os representantes da Dirección Xeral mantiveron cos representantes do sector ao longo do ano.

9.2 Comisión Interterritorial de Cooperación Internacional

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE participou nas xuntanzas do Pleno da Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que se deu o visto bo ao Plan Anual da Cooperación Internacional 2012, elaborado polo Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación e ao Plan Director 2013-2016 da Cooperación Española.

A Comisión Interterritorial é un órgano consultivo e de coordinación, concertación e colaboración entre as Administracións públicas que levan a cabo accións de cooperación para o desenvolvemento.



9.3 VI Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento

Representantes da Xunta de Galicia asistiron no mes de marzo en Portugalete ao VI Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento. Neste foro responsables das axencias e departamentos de cooperación das comunidades autónomas reuníronse cos responsables da AECID para abordar novos modelos de loita contra a pobreza e procurar unha maior coordinación nas actuacións en materia de cooperación exterior entre as comunidades e a AECID.

Froito da xuntanza aprobouse a Axenda de Portugalete, folia de ruta baseada na coordinación e complementariedade da cooperación española.

9.4 Consello de Acción Exterior (CAEX)

O Consello de Acción Exterior (CAEX), órgano de traballo asesor da Xunta de Galicia en materia de acción exterior, constituíuse en 2011. No ano 2012 reuniuse en sesión ordinaria o día 3 de febreiro.

No CAEX están representados tanto a Coordinadora Galega de ONGD coma o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI).



10 Ditames

do Comité das Rexións da UE

O Comité das Rexións é un órgano consultivo da UE que representa aos entes rexionais e locais da Unión Europea. Ten como función expoñer os puntos de vista rexionais e locais acerca da lexislación da UE, emitindo informes, chamados "ditames", sobre as propostas da Comisión.

10.1 Ditame do Comité de Rexións Europeo sobre a Comunicación da Comisión Europea sobre o "Incremento do Impacto da Política Desenvolvemento da UE: un Programa para o Cambio"

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE foi nomeado relator do ditame do Comité de Rexións europeo (CdR) sobre a Comunicación da Comisión Europea acerca do Incremento do Impacto da Política de Cooperación para o Desenvolvemento na reunión da Comisión de Cidadanía, Gobernanza, e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) da citada institución comunitaria, celebrada o pasado 18 de outubro de 2011.

O ditame foi aprobado polo CIVEX na xuntanza de 1 de decembro e polo Pleno do Comité das Rexións na súa reunión dos días 15 e 16 de febreiro de 2012.

Neste ditame, destinado a aumentar o impacto da política de desenvolvemento europea, solicítase unha revisión da política de desenvolvemento europea, na que se destaque a relevancia de posición, o papel e o valor engadido das entidades rexionais e locais nesta materia, tanto pola súa experiencia política en aspectos como a descentralización de competencias, o fortalecemento institucional ou a gobernanza local, como tamén polo importante valor engadido que poden aportar a terceiros países en sectores estratéxicos, como a educación, os servizos sociais, a enerxía, e especialmente na agricultura, a pesca e a acuicultura, que resultan de gran transcendencia á hora de abordar as iniciativas que a UE quere apoiar no tocante á la seguridade alimentaria.

Así, deféndese unha política na que se prevea unha maior aposta por un modelo de cooperación descentralizada, baseada nos principios de división e especialización do traballo, non solo por obxectivos, senón tamén por actores, para lograr unha mellora da súa eficacia.

Destácase a experiencia das entidades rexionais e locais europeas no eido da descentralización e considérase que deberían asumir maiores responsabilidades, para lograr a expansión das boas prácticas de xestión pública e rendición de contas.

11 Publicacións,

comunicacións e outras actuacións

11.1 Publicación do Informe 2011 da Cooperación Galega

Como cada ano, publícase o informe anual de actividades do ano anterior, que deu conta das actuacións financiadas no 2011 pola Cooperación Galega.

Publicáronse un total de 500 exemplares deste informe, que foron distribuídos aos axentes de cooperación e ás distintas Administracións Públicas.

11.2 Actualización do Catálogo de Recursos Educativos na web www.cooperaciongalega.org

A páxina web da Cooperación Galega é un espazo de encontro e intercambio. A través dela canalízase a información que se xera no ámbito das ONGD e todos os actores que en Galicia operan no eido da cooperación, e nomeadamente as actuacións que leva a cabo dende a Xunta de Galicia a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea. En concreto, conta cun espazo no que recolle o Catálogo de Recursos Educativos, actualizados e renovados coa convocatoria de Educación para o Desenvolvemento 2012.





O obxectivo deste catálogo é achegar ao profesorado os proxectos destinados ao ámbito educativo, así como proporcionar unha ferramenta útil para que os docentes participen activamente na educación para o desenvolvemento, coa que a meirande parte deles están comprometidos e involucrados.

O catálogo vía web ten como obxecto que a páxina sexa un banco de recursos en liña que ofrezca ao profesorado todos os materiais educativos. Estes encádranse en dous grandes ámbitos de traballo docente: no primeiro, os recursos e materiais de cooperación exterior susceptibles de empregarse como apoio curricular directo de materias específicas (educación para a cidadanía, ciencias do mundo contemporáneo, etcétera). No segundo ámbito, complementario ao primeiro, sitúanse os recursos que se constitúen en banco de materias transversais e de educación en valores destinados especialmente ao traballo de acción tutorial e non en materias específicas.

11.3 Outras actuacións

11.3.1 Campaña Mundial pola Educación 2012

A Xunta de Galicia colaborou un ano máis na Campaña Mundial pola Educación co financiamento do estudo "A Axuda Oficial para Educación (AOD) en materia de Educación en Galicia: unha análise da Cooperación Galega 2006-2010", presentado no mes de xuño por representantes das 5 ONGD que lideran en Galicia a Campaña: Entreculturas Fe y Alegría, Educación sin Fronteras, Fundación Interred, Seminario Galego de Educación para a Paz e Ayuda en Acción.



A Campaña Mundial pola Educación é unha coalición internacional formada por ONGD, sindicatos do ámbito educativo, centros escolares e movementos sociais de moi diverso signo. Todos nós coincidimos en reclamar o cumprimento íntegro dos compromisos do "Cumio de Dakar" do ano 2000, onde a comunidade internacional se comprometeu a garantir o acceso a unha educación de calidade para todos e todas antes do ano 2015.

11.3.2 Campaña "Somos"

A Xunta de Galicia sumouse á campaña "Somos", promovida por diversas ONGD. A devandita campaña propoñía que o día 8 de xuño se saíra á rúa cunha prenda de roupa ao revés para demostrar entre todos que podemos darlle a volta ás cousas e vivir nun mundo mellor.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, recibiu nesa data a representantes das ONGD involucradas nesta campaña e trasladoulles o respaldo da Xunta a esta iniciativa.

A Campaña "Somos" naceu coma unha iniciativa de 25 ONGD españolas encadradas na Asociación Española de Fundraising, que é unha organización non lucrativa cuxa misión é o desenvolvemento da filantropía e a captación de fondos.

O obxectivo da campaña foi promover a cultura da solidariedade e tamén agradecer aos tres millóns de socios a súa colaboración económica coas entidades non lucrativas, así como incrementar a base social das ONGD.

11.3.3 Conmemoración do Día do Cooperante

A Cooperación Galega conmemorou como cada ano o Día do Cooperante co propósito de visualizar o traballo deste colectivo e recoñecer a súa importante tarefa para construír un mundo máis igualitario e xusto, cunha Declaración Institucional difundida nas páxinas web da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega.

11.3.4 Conmemoración do 67 aniversario das Nacións Unidas

O Goberno galego sumouse o día 24 de outubro ao 67 aniversario das Nacións Unidas, organización coa que comparte os seus altos ideais na loita contra a violencia e a pobreza e en prol do desenvolvemento, a igualdade, o respecto aos dereitos humanos e a paz, cunha declaración institucional, facendo ondear a bandeira e colocando un cartel conmemorativo do evento nas dependencias dos Servizos Centrais da Xunta en San Caetano.



11.3.5 Xornadas Conmemorativas do XV aniversario do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Representantes da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE participaron no mes de novembro nas VII Xornadas de Cooperación, organizadas polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, nas que se conmemorou o seu 15 aniversario.

No encontro debateuse con diferentes actores da cooperación galega como se debe afrontar a actual coxuntura socioeconómica e xerar puntos de encontro e coordinación.

12 Estudos

e informes

12.1 Plan anual de avaliacións

Co obxectivo de incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega realizouse a avaliación final das intervencións financiadas en Honduras e O Salvador dende o ano 2007.

Honduras e O Salvador teñen sido considerados como países prioritarios da Cooperación Galega dende o I Plan Director, ademais de ser dos principais países receptores de Axuda Oficial para o Desenvolvemento galego dende os seus inicios, tanto a través das convocatorias públicas de axudas como dos convenios de colaboración.

O alcance da avaliación foi dun total de 24 proxectos financiados pola cooperación galega, sendo presentados informes individualizados de consecución de obxectivos e resultados, xunto cun análise dos enfoques transversais de xénero, medio ambiente e dereitos humanos.

Os informes da avaliación de cada proxecto están dispoñibles para a súa consulta na páxina web www.cooperaciongalega.org.

12.2 Avaliación intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013)

Segundo se recollía no Plan Anual 2012 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento e dando cumprimento ao obxectivo específico 9.2 do II Plan Director da Cooperación Galega, realizouse un informe de seguimento de medio termo (anos 2010 e 2011) sobre a súa aplicación.

A avaliación intermedia da execución das dúas primeiras anualidades do II Plan director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento realizouse mediante un proceso participativo no que se involucraron os distintos axentes galegos de cooperación recollidos na Lei 3/2003, de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

Esta avaliación comprende a avaliación do cumprimento de obxectivos xerais e específicos dos tres ámbitos de actuación establecidos no vixente Plan Director, as propostas de actuación para aqueles obxectivos establecidos e non cumpridos na súa totalidade, e as propostas de mellora para futuras planificacións.

Os informe da avaliación intermedia do II Plan Director está dispoñible para a súa consulta na páxina web www.cooperaciongalega.org.



XUNTA DE GALICIA